



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

X leislatura
Serie Pleno
Número 143

Sesión plenaria
17 de decembro de 2019

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 1. Textos lexislativos

1.1 Debate e votación do ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas (doc. núm. 57866, 10/PL000020) Publicación do ditame da comisión, BOPG nº 575, do 12.12.2019

1.2 Debate e votación do ditame, emitido pola Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, sobre o Proxecto de lei de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia (doc. núm. 53521, 10/PL000018) Publicación da iniciativa, BOPG nº 522, do 30.08.2019

Punto 2. Mocións

2.1 59777 (10/MOC-000171)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de salvamento marítimo e loita contra a contaminación mariña. (Moción consecuencia da Interpelación nº 44596, publicada no BOPG nº 423, do 31.01.2019, e debatida na sesión plenaria do 03.12.2019) Publicación da iniciativa, BOPG nº 576, do 13.12.2019

2.2 59840 (10/MOC-000172)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de atención pediátrica. (Moción consecuencia da Interpelación nº 58810, publicada no BOPG nº 564, do 19.11.2019, e debatida na sesión plenaria do 03.12.2019) Publicación da iniciativa, BOPG nº 576, do 13.12.2019

2.3 59867 (10/MOC-000173)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co cambio climático. (Moción consecuencia da Interpelación nº 54378, publicada no BOPG nº 524, do 4.9.2019, e debatida na sesión plenaria do 3.12.2019) Publicación da iniciativa, BOPG nº 576, do 13.12.2019



Punto 3. Proposicións non de lei

3.1 57104 (10/PNP-004221)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a erradicación das infravendas en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 547, do 16.10.2019

3.2 59310 (10/PNP-004419)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín e sete deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Fomento en relación coa rede de transporte de mercadorías do noroeste peninsular, así como co desenvolvemento nel da rede transeuropea de transporte

Publicación da iniciativa, BOPG nº 572, do 04.12.2019

3.3 59336 (10/PNP-004421)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa decisión de suspender as gardas de pediatría e o servizo de paritorio no Hospital Comarcal de Verín

Publicación da iniciativa, BOPG nº 572, do 04.12.2019

3.4 59398 (10/PNP-004429)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de saúde mental

Publicación da iniciativa, BOPG nº 572, do 04.12.2019

3.5 59474 (10/PNP-004437)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e cinco deputados/as máis

Sobre a apertura por parte da Xunta de Galicia dun proceso de diálogo coas organizacións sindicais que representan o profesorado para recuperar o horario lectivo de 18 e 21 horas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 572, do 04.12.2019

3.6 59496 (10/PNP-004439)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co sector cultural

Publicación da iniciativa, BOPG nº 572, do 04.12.2019



3.7 59520 (10/PNP-004441)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Puy Fraga, Pedro e catorce deputados/as máis**

Sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación coas reivindicacións da Xunta de Galicia ante o Goberno central referidas ao ingreso das contías do imposto sobre o valor engadido do ano 2017 pendentes de liquidación, así como a aprobación dos incentivos a Galicia polo bo desempeño fiscal nos anos 2017 e 2018

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 572, do 04.12.2019

Punto 4. Interpelacións**4.1 57041 (10/INT-001926)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e dous deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa situación do sector naval

Publicación da iniciativa, BOPG nº 547, do 16.10.2019

4.2 57809 (10/INT-001976)**Grupo Parlamentario Mixto****Casal Vidal, Francisco e tres deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa crise xerada polo peche das centrais térmicas de carbón

Publicación da iniciativa, BOPG nº 552, do 23.10.2019

4.3 59274 (10/INT-002029)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación cos servizos hospitalarios de urxencias

Publicación da iniciativa, BOPG nº 572, do 04.12.2019

Punto 5. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta**5.1 59988 (10/POPX-000181)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre as razóns do Goberno galego para defender os intereses da banca e non os da Universidade pública galega

Publicación da iniciativa, BOPG nº 576, do 13.12.2019

5.2 59989 (10/POPX-000182)**Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda****Sánchez García, Antón**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do mantemento da loita contra a crise demográfica con medidas como a do peche do paritorio de Verín

Publicación da iniciativa, BOPG nº 576, do 13.12.2019



5.3 59990 (10/POPX-000183)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Caballero Miguez, Gonzalo**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da rectificación da súa política sanitaria que está a provocar protestas dos profesionais e mobilizacións masivas en toda Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 576, do 13.12.2019

Punto 6. Preguntas ao Goberno**6.1 56708 (10/POP-006707)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis**

Sobre a posición do Goberno galego respecto da posible operación especulativa encuberta baixo o proxecto de construción da cidade deportiva do Celta no concello de Mos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 544, do 09.10.2019

6.2 59851 (10/PUP-000283)**Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda****Solla Fernández, Eva e Sánchez García, Antón**

Sobre as medidas que está a adoptar a Xunta de Galicia para evitar a situación que están a padecer as familias que residen nun bloque de vivendas de protección oficial na Patiña, no concello de Cambre, a consecuencia das prácticas especulativas de fondos de investimento

Publicación da iniciativa, BOPG nº 576, do 13.12.2019

6.3 52633 (10/POP-006134)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Fernández Prado, Martín e seis deputados/as máis**

Sobre o estado dos traballos para achegar ao conxunto do territorio os beneficios do Plan de transporte público de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 513, do 30.07.2019

6.4 56736 (10/POP-006730)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Tellado Filgueira, Miguel Ángel e oito deputados/as máis**

Sobre as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego diante do Goberno central en relación coa falta de solucións para o desenvolvemento dunha transición enerxética xusta e ordenada que non implique o peche das centrais térmicas sen ofrecer alternativas industriais en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 576, do 13.12.2019

6.5 59916 (10/PUP-000285)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Rodríguez, Patricia e catro deputados/as máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da mediación na crise da empresa Muebles Hermida, de Lourenzá, procurando un plan de viabilidade para garantir a súa actividade e postos de traballo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 576, do 13.12.2019



6.656688 (10/POP-006706)**Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda****Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles**

Sobre as razóns do Goberno galego para non contabilizar o alumnado repetidor no cálculo das ratios de alumnado por aula

Publicación da iniciativa, BOPG nº 544, do 09.10.2019

6.7 55804 (10/POP-006729)**Grupo Parlamentario Mixto****Villares Naveira, Luis e tres deputados/as máis**

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para apostar pola universidade privada en detrimento da pública

Publicación da iniciativa, BOPG nº 533, do 18.09.2019

6.8 59532 (10/PUP-000282)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Antón Vilasánchez, María Ángeles e sete deputados/as máis**

Sobre a valoración que fai o Goberno galego dos procesos de oferta pública de emprego no ámbito do ensino en Galicia durante os últimos anos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 572, do 04.12.2019

6.9 59987 (10/PUP-000287)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e cinco deputados/as máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da atención das recomendacións do Consello de Europa e derogación do Decreto do plurilingüismo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 576, do 13.12.2019

6.10 59220 (10/POP-006979)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilar Chento, Óscar e tres deputados/as máis**

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego en relación coa praga de roedores detectada en varias zonas da provincia de Lugo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 569, do 27.11.201



SUMARIO

Ábrese a sesión ás tres e corenta e cinco minutos da tarde

Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas. (Punto primeiro da orde do día.)

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas a este ditame que se manteñen para o seu debate en pleno. (Páx. 11.)

Presentación do ditame: Sra. presidenta da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos (Porritt Lueiro). (Páx. 11.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas: Sr. Casal Vidal (M) (Páx. 12.), Sra. Rodil Fernández (BNG) (Páx. 16.), Sr. Sánchez García (GCE) (Páx. 20.), Sra. Porritt Lueiro (S) (Páx. 20.) e Sra. Prado del Río (P). (Páx. 28.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións sobre as emendas mantidas polos demais grupos: Sr. Casal Vidal (M) (Páx. 33.), Sra. Rodil Fernández (BNG) (Páx. 34.), Sr. Sánchez García (GCE) (Páx. 36.), Sra. Porritt Lueiro (S) (Páx. 38.) e Sra. Prado del Río (P). (Páx. 39.)

Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, sobre o Proxecto de lei de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia. (Punto primeiro da orde do día.)

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas a este ditame que se manteñen para o seu debate en pleno. (Páx. 41.)

Presentación do ditame: Sra. vicepresidenta da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo (Vázquez Domínguez) (Páx. 41.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas: Sr. Casal Vidal (M) (Páx. 43.), Sra. Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 46.), Sra. Cuña Bóveda (GCE) (Páx. 51.), Sra. Rodríguez Rumbo (S) (Páx. 54.) e Sra. Romero Fernández (P). (Páx. 58.)



Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións sobre as emendas mantidas polos demais grupos: Sr. Casal Vidal (M) (Páx. 62.), Sra. Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 63.), Sra. Cuña Bóveda (GCE) (Páx. 65.), Sra. Rodríguez Rumbo (S) (Páx. 67.) e Sra. Romero Fernández (P). (Páx. 68.)

Votación dos textos lexislativos

Votación das emendas 7 a 20, 26 a 31 e 74 do G. P. Mixto ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas, que non foron incorporadas ao ditame da comisión: *rexeitadas por 14 votos a favor, 38 en contra e 20 abstencións.* (Páx. 70.)

Votación conxunta das emendas do G. P. Mixto ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas que non foron incorporadas ao ditame da comisión, agás as xa votadas: *rexeitadas por 28 votos a favor, 38 en contra e 6 abstencións.* (Páx. 71.)

Votación das emendas números 6 e 7 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas, que non foron incorporadas ao ditame da comisión: *rexeitadas por 20 votos a favor, 38 en contra e 14 abstencións.* (Páx. 71.)

Votación conxunta das emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas que non foron incorporadas ao ditame da comisión, agás as números 6 e 7 xa votadas: *rexeitadas por 34 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 71.)

Votación das emendas números 19, 20, 23, 28 e 38 do G. P. do Grupo Común da Esquerda ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas, que non foron incorporadas ao ditame da comisión: *rexeitadas por 14 votos a favor, 52 en contra e 6 abstencións.* (Páx. 72.)

Votación da emenda número 27 do G. P. do Grupo Común da Esquerda ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas, que non foi incorporada ao ditame da comisión: *rexeitada por 14 votos a favor, 38 en contra e 20 abstencións.* (Páx. 72.)

Votación conxunta das emendas do G. P. do Grupo Común da Esquerda ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas que non foron incorporadas ao ditame da comisión, agás as emendas deste grupo xa votadas: *rexeitadas por 28 votos a favor, 38 en contra e 6 abstencións.* (Páx. 72.)

Votación conxunta das emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas que non foron incorporadas ao ditame da comisión: *rexeitadas por 28 votos a favor, 38 en contra e 6 abstencións.* (Páx. 73.)

Votación do Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas: *aprobado por 38 votos a favor, 34 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 72.)

Votación conxunta das emendas do G. P. Mixto ao Proxecto de lei de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia non incorporadas ao ditame da comisión: *rexeitadas por 34 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 73.)



Votación conxunta das emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Proxecto de lei de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia non incorporadas ao ditame da comisión: *rexeitadas por 34 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 73.)

Votación conxunta das emendas do G. P. do Grupo Común da Esquerda ao Proxecto de lei de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia non incorporadas ao ditame da comisión: *rexeitadas por 34 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 74.)

Votación conxunta das emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Proxecto de lei de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia non incorporadas ao ditame da comisión: *rexeitadas por 34 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 74.)

Votación do Ditame, emitido pola Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, sobre o Proxecto de lei de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia: *aprobado por 38 votos a favor, 34 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 74.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª María Montserrat Prado Cores, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de salvamento marítimo e loita contra a contaminación mariña. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Prado Cores (BNG).* (Páx. 74.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Villares Naveira (M)* (Páx. 74.), *Sr. Jove González (GCE)* (Páx. 79.), *Sra. Otero Rodríguez (S)* (Páx. 81.) e *Sra. Egerique Mosquera (P).* (Páx. 83.)

Nova intervención da señora Prado Cores (BNG). (Páx. 86.)

Moción do G. P. Grupo Común da Esquerda, por iniciativa de Dª Eva Solla Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de atención pediátrica. (Punto segundo da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 87.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Solla Fernández (GCE).* (Páx. 88.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Torrado Quintela (S)* (Páx. 91.) e *Sr. Núñez Centeno (P).* (Páx. 93.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Vázquez Verao (M)* (Páx. .) e *Sra. Presas Bergantiños (BNG).* (Páx. 97.)

A señora Solla Fernández (GCE) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 99.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Patricia Vilán Lorenzo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co cambio climático. (Punto segundo da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 100.)



Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Vilán Lorenzo (S)*. (Páx. 101.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 103.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Rodríguez Estévez (M)* (Páx. 105.), *Sr. Cal Ogando (GCE)* (Páx. 107.) e *Sr. Trenor López (P)*. (Páx. 108.)

A señora Vilán Lorenzo (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 110.)

Votación das mocións

Votación dos puntos 1 a 5 da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de salvamento marítimo e loita contra a contaminación mariña: *aprobados por 69 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 112.)

Votación do punto 6 da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de salvamento marítimo e loita contra a contaminación mariña: *rexeitado por 18 votos a favor, 38 en contra e 13 abstencións.* (Páx. 112.)

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. Grupo Común da Esquerda, por iniciativa de D^a Eva Solla Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de atención pediátrica: *rexeitado por 31 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 112.)

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Vilán Lorenzo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co cambio climático: *rexeitado por 30 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 113.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Luisa Pierres López e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a erradicación das infravivendas en Galicia. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Pierres López (S)*. (Páx. 113.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Rodríguez Estévez (M)* (Páx. 116.), *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 117.), *Sr. Sánchez García (GCE)* (Páx. 119.) e *Sr. Castiñeira Broz (P)*. (Páx. 120.)

Nova intervención da señora Pierres López (S). (Páx. 122.)

Suspendese a sesión ás dez e once minutos da noite.



Ábrese a sesión ás tres e corenta e cinco minutos da tarde

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Empezamos o pleno co primeiro punto, de textos lexislativos.

Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Mantéñense as emendas do Grupo Parlamentario Mixto, da 1 á 78; do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, da 1 á 19; do Grupo Parlamentario do Grupo Común da Esquerda, a 1, 2, 4, 41 e da 43 á 46; e do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, da 1 á 33, da 35 á 80, da 84 á 91 e da 93 á 118.

Para a presentación do ditame, ten a palabra a presidenta da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, a señora Porritt Lueiro.

A señora PRESIDENTA DA COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS (Porritt Lueiro): Grazas, presidente.

Presentación do Ditame sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas.

O proxecto de lei tivo entrada no rexistro do Parlamento o 19 de outubro de 2019. A Mesa do Parlamento, na reunión do 19 de outubro de 2019, dispuxo a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e a apertura do prazo de presentación de emendas. Así mesmo, oída a Xunta de Portavoces, acordou a súa tramitación pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos.

Os grupos parlamentarios dos Socialistas de Galicia, do Grupo Común da Esquerda, do Bloque Nacionalista Galego e Mixto presentaron emendas á totalidade, que foron cualificadas o 11 de novembro de 2019 e rexeitadas na sesión do Pleno do 18 de novembro de 2019.

Verbo das emendas parciais, o Grupo Parlamentario Popular formulou 38 emendas; o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, 119 emendas; o Grupo Parlamentario do Grupo Común da Esquerda, 46 emendas; o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, 19 emendas; e o Grupo Parlamentario Mixto, 78 emendas. Estas emendas foron cualificadas o 22 de novembro de 2019.

A Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, na sesión do día 25 de novembro de 2019, designou os seguintes ponentes: polo Grupo Parlamentario Popular, dona Paula Prado del Río como titular e don Jacobo Moreira Ferro como suplente; polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, dona María Teresa Porritt Lueiro como titular e dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo como suplente; polo Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, don José Manuel Lago Peñas como titular e dona Julia Torregrosa Sañudo como suplente — substituída por don Antón Sánchez García —; polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, dona Olalla Rodil Fernández como titular e dona Noa Presas Bergantiños como suplente; e polo Grupo Parlamentario Mixto, don Francisco Casal Vidal como titular e don David Rodríguez Estévez como suplente.



Nas reunións do 28 e 29 de novembro de 2019, a Ponencia estudou o texto articulado do proxecto xunto coas emendas presentadas e rematou o informe que contén as recomendacións que lle fixo á Comisión, consistentes en aprobar por maioría as emendas formuladas polo Grupo Parlamentario Popular. A Ponencia suxeriu tamén a aceptación da emenda número 119 do Grupo Parlamentario dos Socialistas. Na emenda número 6 do Grupo Parlamentario Popular, presentada ao artigo 7, quedaron subsumidas a emenda 34 do Grupo Parlamentario dos Socialistas e a 3 do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda. E na emenda número 9 do Grupo Parlamentario Popular, presentada ao artigo 15, quedou subsumida a 92 do Grupo Parlamentario dos Socialistas.

Recomendouse a aceptación dunha emenda transaccional elaborada coas emendas números 81, 82 e 83 do Grupo Parlamentario dos Socialistas. Retírouse a emenda 42 do Grupo Parlamentario do Grupo Común da Esquerda. A Comisión, reunida o 10 de decembro de 2019, aprobou por maioría o informe da Ponencia.

O texto do ditame que se somete a debate e votación nesta sesión plenaria consta dunha exposición de motivos seguida de 42 artigos, 1 disposición adicional, 3 disposicións transitorias, 1 disposición derogatoria e 3 disposicións derradeiras. O articulado agrúpase en dous títulos: o título I, referido a medidas fiscais, e o título II, relativo a medidas administrativas. O título I está dividido, á súa vez, en varios capítulos, e establece modificacións da normativa que regula os tributos propios e os tributos estatais cedidos. O título II regula aspectos diversos de materias tales como emprego público, réxime orzamentario, medio ambiente, territorio, infraestruturas, mar, sanidade, medio rural, política social, economía, emprego, industria, educación, cultura, turismo, deporte e funcionamento da Administración.

Péchase o texto normativo con diversas previsións contidas nas disposicións adicional, transitorias, derogatoria e derradeiras.

Nada máis. Moitas grazas.

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Moitas grazas, señora Porritt.

Na rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas presentadas e mantidas, ten a palabra, en primeiro lugar, e por parte do Grupo Mixto, o señor Casal Vidal.

O señor CASAL VIDAL: Boa tarde —aínda que uns cantos aínda non comemos—.

Non me vou estender —dado o tempo que levamos— en criticar esta práctica de abusar de modificacións no ordenamento xurídico que nada teñen que ver cos orzamentos. É unha práctica habitual e verdadeiramente é impresentable. Pero, bueno, xa se comentou de maneira reiterada neste Pleno, neste Parlamento, e non imos repetir o que xa moitos portavoces comentaron. Iso si, bótase en falta unha modificación moi necesaria, unha modificación da Lei de saúde de Galicia relativa á ordenación territorial do Sistema público de saúde e das prestacións sanitarias e programas sanitarios que se deben desenvolver en todo o territorio. Esta si sería unha modificación legal razoable —que afecta o orzamento, evidentemente—



para garantir que asuntos como o peche do paritorio de Verín e a ausencia de pediatras de urxencias fose ilegal. Isto si que deixaría moi tranquila a toda a cidadanía de Verín e a toda a cidadanía que depende dos outros hospitais comarcais. Xa saben o dito, non o vou repetir.

Por contra, si modifican a Lei de saúde nesta lei de acompañamento, incidindo na falta de diálogo, unha vez máis, da Xunta de Galicia para abordar os debates abertos e os conflitos na sanidade. A Xunta vén de presentar un documento sobre a atención primaria antes de que rematen os traballos das quince comisións do Comité Técnico de Atención Primaria. Este é o problema desta lei, que non permite o debate parlamentario específico de asuntos tan importantes coma este.

Este ano propónse a modificación de 27 leis —tres delas aprobadas neste mesmo ano—, ademais de decretos e outra normativa. A maioría non ten relación ningunha coa norma orzamentaria. Contrasta coa falta de avances normativos noutras leis que a propia Xunta de Galicia se comprometera a impulsar durante este ano. Ademais, non lles chegou con isto. Meten vostedes posteriormente outras 33 emendas, que, por suposto serán aprobadas. É o culmen da improvisación lexislativa. Xa postos, aproveiten, dentro desta improvisación, e metan unha emenda 34 *in voce* relativa, precisamente, ao que mencionei antes, á ordenación territorial do Sistema público de saúde de Galicia e das prestacións sanitarias e programas sanitarios que se deben desenvolver en todo o territorio. Estou seguro de que toda a Cámara a aprobaría, de que se podería aprobar por unanimidade. Segundo creo, nestas condicións o Regulamento podería aceptar que se incorporase. Pénseno, teñen tempo, teñen tempo ata dentro dunha hora para incorporar esa emenda *in voce*.

Vou poder falar só dunhas poucas, porque é evidente que non hai tempo para falar das 27 leis en quince minutos. Vou coas modificacións tributarias e as leis que fan modificacións tributarias para 2020.

De novo a Xunta consolida a súa aposta pola desigualdade fiscal. Realmente, é que isto non hai quen o entenda. Hai recortes por abaixo e beneficios por arriba, e ademais dunha maneira verdadeiramente explícita. Non hai recovecos. Non, non, claramente se lles baixan os impostos aos ricos de maneira explícita. Salvo que vostedes pensen tamén, como pensaban os señores de Ciudadanos, que quen herda un millón de euros por persoa, por fillo ou por filla, é clase media. Ao mellor considéranos así, e os que teñen patrimonios para ter que facer a declaración de patrimonio tamén son clase media.

Realmente, é totalmente inaceptable que se fagan estes agasallos a quen máis ten. Desde 2014 os beneficios fiscais aos quen máis teñen supuxeron unha caída de ingresos acumulada que acada os 2.827 millóns de euros, máis que o orzamento da Consellería de Educación. É verdade que moitos destes beneficios fiscais están xustificadas, pero moitos outros non tanto. Destaca o imposto de sucesións e doazóns, que acumula beneficios fiscais de 717 millóns de euros, que é case o orzamento da Consellería de Política Social. Ou sexa, con eses beneficios fiscais poderíanse pagar as residencias para maiores, o sistema de asistencia a familias, as escolas infantís, unha risga moito máis desenvolvida. Poderíase activar unha rede pública de escolas infantís de 0 a 3 anos gratuíta, impulsar unha renda social de complemento de ingresos para aqueles que teñen menos rendas, e dinamizar a economía dos



coidados. Sabendo o que se deixa de poder gastar era como habería que mirar estes beneficios fiscais. E seguro que moitos seguirían estando xustificados, porque benefician, precisamente, a xente menos favorecida. Pero hai outros que seguro que non estarían xustificados.

En resumo, cartos hai, pero déixanse nos petos duns poucos, precisamente dos que menos os necesitan. Nas nosas emendas apostamos por revisar o incremento producido procedente destes tributos propios da Xunta con base no principio de xustiza fiscal, comezando por recuperar os tipos impositivos do imposto do patrimonio e reverter todas as modificacións realizadas tamén no imposto de sucesións —que tamén se incide niso neste 2020—. Porque, se non chegaba xa cos agasallos anteriores, a Xunta impulsa, como xa dixen, un novo agasallo fiscal —esta vez no imposto de sucesións— para os que herdán ata un millón de euros por persoa. Isto quere dicir que, nunha familia, por exemplo, con tres fillos, sería un patrimonio de tres millóns de euros que non tributaría. A nós iso non nos parece xusto e non nos parece que sexa razoable.

Tamén se inclúe —como xa se comentou— unha rebaixa para a adquisición de vivendas habituais ou segundas vivendas en parroquias consideradas rurais e pouco poboadas, que inclúe zonas que, evidentemente, son turísticas, como xa indicou antes o noso voceiro.

Na Lei 6/2003 modifícanse taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma. Consideramos que algunhas destas taxas, nalgúns casos, afectarán a maioría social, o que contrasta, precisamente, coa rebaixa fiscal aos quen máis teñen.

No que respecta a medidas administrativas, na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, hai 18 modificacións con creación de novas escalas profesionais. Consideramos que algunhas desas modificacións non son razoables; por exemplo, a creación dos axentes de inspección hidráulica, para os que non se exige ningunha titulación específica nunha rama medioambiental, por exemplo, ou relacionada co uso e protección da auga. O mesmo pasa na escala técnica en prevención e defensa contra incendios, na escala técnica operativa do sistema de prevención de incendios. Parece que con estas normas reitérase na non especialización para a prevención e coidados dos nosos recursos naturais e loita contra os incendios. Parece evidente que a formación para este tipo de desenvolvemento profesional sería imprescindible.

Tamén se persiste de maneira reiterada en non recoñecer a especialidade de educación social, que ten amosado na convocatoria de ofertas de emprego público que ás prazas de educadores poden presentarse diferentes perfís que poden ter outro tipo de cualificación profesional pero non a específica de educación social, a máis axeitada para moitos dos perfís profesionais que se especifican nesta normativa.

Comprométese así a calidade dos servizos, porque non é o mesmo ser mestre que ser educador social. Igual que un educador social seguro que non podería desenvolver da mellor maneira o traballo nunha escola, parece que un mestre non pode desenvolver os traballos coa mesma calidade que un traballador social en todo o que son as actividades que se desenvolven nese ámbito dos servizos sociais. Iso baixa a profesionalización do sistema público de servizos sociais e consideramos que é claramente negativo.



A modificación da Lei de protección da paisaxe de Galicia reduce as obrigas da Xunta de establecer plans de acción da paisaxe en áreas protexidas e deixa como potestativa a elaboración destes plans noutras zonas, outro recorte en protección da paisaxe. Na Lei do solo de Galicia permite que os promotores poidan entregar cartos en lugar de solo como concesión para poder construír, como establece a lei. Cremos que esta é unha política que só beneficia as grandes construtoras e vai en contra das medidas máis razoables de desenvolvemento urbanístico sustentable.

Na Lei de rehabilitación e rexeneración urbana de Galicia modifícase unha lei previndo que poida ser impugnada polo Tribunal Constitucional —é outro dos problemas desta lei, destas modificacións a través desta lei— debido a que non se fixeron os informes dos consellos consultivos. Neste caso non se pediu o informe do Consello da Cultura Galega, que, iso si, o elaborou por si mesmo por petición do comité español do Icomos e que os advirte de que esta norma pon en cuestión a protección patrimonial. É só un dos aspectos máis lesivos desta lei que protexe os cascos históricos das cidades galegas.

Hai modificacións tamén do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, e modifícase a lei aprobada este mesmo ano para que a obriga de reparación dos danos ambientais prescriba aos quince anos de producírense estes. Con este plantexamento, por exemplo, os problemas que temos agora coa mina de Touro xa estarían prescritos. Hai varios anos, moitos anos, que estarían prescritos e que non se podería previr ningunha actuación de restauración. Isto é unha maneira de permitir a manga ancha. Permitiría que, recurso tras recurso, ao final as reparacións prescribisen e que os causantes de danos medioambientais puidesen saír de rositas, como se di vulgarmente.

Despois tamén están as modificacións na prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia. Realmente é increíble que se teña que acudir a esta lei para que, despois de dous anos da grave vaga de lumes, aínda se teña que estar normativizando desta maneira improvisada, cando —xa digo— levamos dous anos nos que se puido desenvolver doutra maneira e a través do debate parlamentario normativizado.

Despois regúlanse as aldeas modelo para a recuperación e posta en valor das terras circundantes a núcleos de poboación incluíndo total ou parcialmente as súas franxas secundarias de protección de biomasa, pero sen atender especificamente aos criterios de sostibilidade medioambiental.

Modifícase tamén a Lei de servizos sociais de Galicia con modificacións no réxime sancionador, que non garanten realmente que as imposicións de sancións se poidan xestionar de maneira correcta por contar con insuficientes recursos de inspeccións. E consideramos que, a través da Lei de acompañamento, non é a vía de propoñer unha modificación deste calado.

Aprovéitase tamén esta lei para engadir a modificación que permita a gratuidade nas escolas infantís para a segunda filla e seguintes, unha medida natalista que é socialmente inxusta. Isto é como no bono social para as familias numerosas, que non ten conta a renda. E é claramente desigual que familias cunha crianza e con rendas baixas ou moi baixas non gocen da gratuidade e familias con rendas altas ou moi altas si poidan gozar desta gratui-



dade a partir da segunda filla. Antes mencionei que saíu hai dous días unha enquisa que deixaba claro que só o 25 % das mulleres galegas que tiñan un fillo ou unha filla podían plantexarse, social ou economicamente —nin sequera plantexalo—, ter un segundo fillo ou filla. Xa sei que vostedes terán outras enquisas que dirán o contrario, pero esta é unha enquisa oficial.

Na modificación pola que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e de dereito da prestación burocratízase todo o procedemento.

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Vaia rematando.

O señor CASAL VIDAL: Non se garante nin de lonxe o acceso aos servizos de dependencia no prazo de tres meses tras a resolución do plan individualizado de atención, o que sucede especialmente coas esperas para obter praza en residencias.

Hai moitas outras modificacións nesta lei que tamén van crear problemas debido á falta de recursos específicos de atención e á diferenciación, por exemplo, dos mozos e mozas maiores de 21 anos, que serán incorporados ás residencias de maiores ao non crear outras residencias específicas.

Hai modificacións tamén na autorización de inspección dos servizos sociais de Galicia, modificacións que eximen a Xunta da obriga de ampliar o número de prazas públicas en residencias de maiores ata acadar o rateo recomendado pola Organización Mundial da Saúde.

Na Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, con esta modificación semella que a Xunta renuncia a acordar un novo plan de financiamento do sistema universitario galego, xa que o actual, 2015-2020, remata o ano vindeiro, co cal é preciso negociar en 2020 un novo. O lóxico sería levar esta tramitación a unha nova lei, a un novo desenvolvemento que se puidese debater neste Parlamento. Realmente non sei se é que queren obviarlo e deixalo para o seguinte goberno que acade a Xunta de Galicia o próximo ano.

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señor Casal.

O señor CASAL VIDAL: Fronte a toda esta confusión normativa que fai imposible un debate a fondo de todas estas modificacións legais, En Marea desenvolveu toda unha serie de emendas que veñen dar solución a todos estes problemas e a outros quince ou vinte máis que hai en leis e que non me deu tempo a desenvolver.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señor Casal.

Por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galgo, ten a palabra a señora Rodil Fernández.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.



Boa tarde a todas e a todos.

Nós, desde o BNG, seguimos mantendo neste último debate sobre a Lei de medidas fiscais e administrativas a mesma posición política que vimos expresando ao longo do proceso de tramitación deste ano pero que xa temos expresado tamén nesta Cámara en anos anteriores. Non apoiamos o proxecto de lei nin tampouco o ditame nin no fondo nin na forma.

Non o apoiamos na forma porque —témolo sinalado xa en anteriores ocasións— este proxecto de lei de acompañamento, no que se refire a este ano 2020, modifica máis de trinta leis dun plumazo, leis que nada teñen que ver cos orzamentos da Xunta de Galiza. O Goberno, e agora tamén o Grupo Parlamentario Popular, utilizan este mecanismo para reformar de maneira absolutamente acelerada, exprés, un bo feixe de normas e de decretos; exactamente, para saber do que estamos falando, a Lei do Consello de Contas de Galiza, a Lei de cooperativas de Galiza, a Lei de réxime financeiro e orzamentario, a Lei de taxas, prezos e exacción reguladora, a Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais, a de emerxencias, a de protección da paisaxe, a Lei de saúde, a Lei de servizos sociais, a Lei do imposto sobre o dano medioambiental causado por determinados usos e aproveitamentos de auga embalsada, a Lei de augas, a de comercio, a de mobilidade de terras, a Lei do turismo, a Lei de protección xeral das persoas consumidoras, a do deporte, a do transporte público, a Lei de fomento da investigación, a do Sistema universitario de Galiza, a Lei de estradas, a Lei de inclusión social, a Lei de caza, a Lei de emprego público, a de solo, a de ordenación da asistencia xurídica, a de Administración xeral, a de patrimonio cultural, a de portos, a de rehabilitación, rexección e renovación urbana, a Lei de administración dixital e a do patrimonio natural e da biodiversidade de Galiza. A isto sumaron, durante o proceso de emendas, unha reforma da Lei de protección ambiental e da Lei de mellora da estrutura territorial agraria, todo tramitado coma se se tratase dunha única lei cando en realidade estamos falando de trinta leis que se reforman pola porta de atrás a través desta lei de acompañamento aos orzamentos. Ademais, fano abusando ano tras ano deste procedemento, que ten un carácter excepcional, que ten un carácter de urxencia, e que impide debater de maneira ampla, de maneira demorada, de maneira dialogada e consensuada e, sobre todo, de maneira contrastada cos sectores afectados os cambios e modificacións que se propoñen introducir na lexislación.

É certo que pode haber mudanzas puntuais que supoñan unha actualización da normativa, pero o certo é que o groso das reformas que se incorporan ano tras ano na Lei de medidas fiscais e administrativas —neste caso na Lei de acompañamento aos orzamentos de 2020— non teñen ese carácter puntual senón que teñen un calado maior. Logo falaremos máis de vagar con algúns exemplos concretos dalgúns dos cambios que se introducen nesta lei de acompañamento. E esa soberbia, da que levamos falando desde o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ao longo de todo este pleno, esa falta de diálogo, que é a esencia mesma de calquera proceso e sistema democrático —combinada ademais neste caso coa máis pura improvisación lexislativa—, o que dá como resultado é que ano tras ano se modifiquen as mesmas leis despois de demostrárense fracasadas as mudanzas levadas a cabo xeralmente un ano atrás. Imos así, a impulsos, porque eu creo que nalgunha ocasión temos expresado que estamos na lei de acompañamento e vemos como traballa lexislativamente o Goberno do Partido Popular, que parecen os cans de Pávlov, aos que lles tocaban a campaña e aparecían para que lles desen a comida. Pois aquí lexislase así, como os cans de Pávlov, a



impulsos e absolutamente sen ningún tipo de planificación estratéxica. E logo veremos, con casos concretos, como esa ocorrencia, esa falta de estratexia definida e o uso constante e abusivo desta porta traseira que é a Lei de medidas fiscais e administrativas nos leva a ter situacións como é o caso da Lei do solo, que é a quinta vez que se reforma cunha lei de acompañamento —aprobouse no ano 2016—, ou a Lei de mobilidade de terras, que reformaron catro veces por esta vía. E o colmo —diciámolo tamén no anterior pleno, cando se debateu esta cuestión— é que a Lei de prevención e defensa fronte aos incendios forestais —que da versión orixinal só lle queda o título— vai xa pola cuarta reforma só do artigo 21, ¡catro redaccións para o artigo 21!

É o exemplo palmario desa lexislación a impulsos, desa improvisación lexislativa e de non ter rumbo, de andar como un polo sen cabeza. E despois, cada vez que se van producindo determinados debates ou situacións, como puidemos ver no ano 2017, por exemplo, cando foi aquela vaga de incendios, pois van intentando parchear coas leis que hai, intentan parchear para responder de maneira absolutamente conxuntural a esa realidade. Hai improvisación, falta de transparencia e tamén inseguridade xurídica, porque, como non sabemos o tempo que vai estar en vigor cada unha das reformas que agora se van facer, por exemplo —a non ser que se produza un xiro inesperado dos acontecementos, que todo é posible vista a votación de hai un momento—... E iso xera unha inseguridade xurídica para o conxunto da sociedade deste país, especialmente para aqueles sectores máis afectados por algúns dos cambios que se propoñen.

Non compartimos —insisto— desde o BNG a forma e tampouco o fondo deste proxecto de lei, o contido das modificacións, que agás un xiro inesperado dos acontecementos parece que saíran aprobadas hoxe. Sinalaremos sinteticamente algunhas delas que nos parecen máis lesivas ou de maior calado.

Unha é a reforma da Lei de patrimonio natural —xa se facía referencia a ela—. Dous meses despois de entrar en vigor esta Lei de patrimonio natural e biodiversidade de Galiza, dous meses despois de aprobarse, introducen unha reforma para fixar a prescrición, na obriga de reparación dos danos causados, en quince anos. Antes non prescribían, como se mantén, por certo, na Lei de patrimonio cultural —artigo 135—. Mantense o carácter imprescritible desa obriga de reparación de danos, por exemplo, para un ben de interese cultural, como pode ser un pazo, como pode ser un mosteiro, pero non lles parece que sexa ou que deba seguir sendo imprescritible, por exemplo, se falamos do patrimonio natural. Faise, ademais, extensible esa caducidade, esa prescrición das obrigas de reparación, á aquelas que estean pendentes de execución ata o de agora —é dicir, con carácter retroactivo—. Nesta mesma liña, e a través dunha emenda presentada durante o proceso de tramitación polo Grupo Parlamentario Popular, introdúcese unha nova reforma dunha lei —que, por certo, non estaba prevista ou incluída inicialmente no proxecto— que modifica a Lei de protección ambiental de Galiza. A lei establecía ata o de agora que as declaracións de impacto ambiental aprobadas pola Xunta de Galiza para permitir grandes proxectos empresariais no territorio caducasen pasados catro anos se non comezasen as obras. E agora vostedes danlles un período de graza de dous anos máis. Esa vixencia manterase xa non catro anos senón seis anos, o que reduce, desde calquera punto de vista, o control ambiental sobre posibles novos impactos deses proxectos que poidan sobrevir no tempo. E temos, ademais, exemplos concretos enriba da mesa



a día de hoxe. E, salvando as distancias, temos ademais exemplos xudicializados, como é o caso da serra do Oribio, onde se pretende dar validez a unha declaración de impacto ambiental de hai catorce anos que non ten en absoluto en consideración nin os cambios normativos que se produciron nesta mesma Cámara ao longo dos últimos dez anos nin o nivel de protección que hoxe ten considerado ese espazo natural, que lembremos que é reserva da biosfera.

Isto é especialmente gravoso —insisto, esa reforma da Lei de protección ambiental de Galiza e ese período de ampliación de dous anos de vixencia das declaracións de impacto ambiental— nun contexto en que a protección medioambiental e a defensa ecolóxica de Galiza debería ser unha prioridade ademais dunha obriga, que xa o é para calquera goberno. É unha obriga do Goberno —insisto— protexer os espazos medioambientais introducindo medidas garantistas e non facendo, como propoñen vostedes con esa emenda desde o Grupo Parlamentario Popular, facendo máis laxa a lexislación en materia de protección ambiental, menos garantista e menos proteccionista en termos medioambientais e ecolóxicos.

Proponse tamén a reforma da Lei do sistema universitario de Galiza para prorrogar o actual plan de financiamento das universidades sen ter consultado en absoluto os reitores das tres universidades públicas deste país. É como un certo *spoiler* de si mesmos ¿non?, de que non pensan sentar en absoluto coas universidades galegas nin sequera para falar dos recursos que necesitan e polos que levan reclamando os últimos anos para garantir, entre outras cuestións, o funcionamento ordinario das propias universidades públicas a través dos fondos estruturais. Falaremos desta cuestión no que resta de pleno ao longo da vindeira xornada, da xornada de mañá.

Tamén tiveron a última ocorrencia, fronte á situación que vive este país pola praga do xabaril, da reforma da Lei de caza. Foi a única ocorrencia e a única idea do Goberno do Partido Popular. Un goberno incapaz, durante os dez anos que levan vostedes á fronte do executivo da Xunta de Galiza, dez anos, de facer un inventario de cantos exemplares deste animal existen no noso país o único que ten a ben propoñer e poñer enriba da mesa, como unha suposta solución para atinxir esa praga do xabaril, é legalizar a caza ao salto.

Xa non digamos o que se propón de dar prórroga, e legalizar dalgunha maneira esa moratoria, na limitación de apertura de casas de apostas, ou de salóns de bingo, á espera de que traian o proxecto de lei de xogo polo que levamos esperando —ou, polo menos, escoitando falar del— desde febreiro de 2018, vai para dous anos. E o único que teñen para facer é, a través dunha lei de medidas fiscais e administrativas, dunha lei de acompañamento, intentar seguir prolongando no tempo algo que non se sostén e que urxe que esta Cámara lexisle, como é todo o relacionado coas apostas e coa situación e os conflitos sociais que iso está a xerar no noso país.

Desde o BNG presentamos unha batería de emendas, no groso dirixidas a baleirar de contido este proxecto, igual que os demais anos, e a reducir tamén nos aspectos máis lesivos algunhas das propostas que se recollen no proxecto. Obviamente, respecto das emendas dos grupos, nós non podemos facer emendas sobre emendas, o que tamén dá boa conta de como se instrumentaliza este procedemento. Pero insisto en que mantemos vivas as nosas emendas



para baleirar de contido, fundamentalmente, e tamén para reducir os aspectos máis lesivos dalgunhas das modificacións que se propoñen.

No que ten que ver coas medidas fiscais recollidas na Lei de acompañamento — nós xa o levamos defendendo ao longo de todo o proceso de tramitación dos orzamentos, nos anteriores debates que se teñen dado aquí nesta mesma tribuna— a política fiscal da Xunta de Galiza do Partido Popular continúa afondando nunha política impositiva de carácter regresivo, que carga a tributación nas rendas do traballo e nos impostos indirectos. Aí está a aplicación da exención do imposto de sucesións en herdanzas de 1 millón de euros ata o segundo grao de parentesco favorecendo de maneira obscena os grandes patrimonios. E, pola contra, vemos como se incrementan practicamente todas as taxas de contía fixa. Na inmensa maioría dos casos temos que lembrar que son necesarias para o exercicio de actividades ou traballos que requiren licenzas ou obtención de certificacións ou permisos. Nas nosas emendas intentamos, dentro das limitadísimas competencias que ten o noso país recoñecidas, pois introducir novos elementos —que tampouco son tan novos, xa os temos formulado noutras ocasións—, como é crear ese imposto ás grandes superficies, que teñen unha afectación directa sobre o comercio local, ou o imposto sobre as bebidas azucradas, en liña co que está a reclamar a comunidade científica —que pide legislar para reducir o consumo deste tipo de produtos para previr os danos e os prexuízos que sobre a saúde, especialmente da infancia, estes teñen; e, sobre todo, para favorecer a redución nas súas composicións, porque, se queren pagar menos, as grandes compañías poden adoptar tamén medidas que reduzan o uso de azucres que introducen neste tipo de bebidas—.

Pola miña banda, máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Moitas grazas, señora Rodil.

Polo Grupo Parlamentario do Grupo Común da Esquerda, ten a palabra o señor Sánchez García.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Boa tarde.

Despois de escoitar o ano pasado o que dixo o señor Tellado sobre a folga do 25 de novembro —o de que era unha folga machista— e despois de escoitar o comentario machista de antes respecto de Julia Torregrosa, o que hai que preguntarse en tal caso é sobre quen lle escribe os papeis a Miguel Tellado, ¿Jesulín de Ubrique, por exemplo? (*Murmurios.*) ¿Rafael Hernandez? ¿Jiménez Losantos? ¿Ou o párroco de Baio? Iso é o que habería que preguntarse. Ou será que non lle deixan saír do guión, que lea todo o que di, por se acaso, e que llo escriban e que llo revisen tamén no grupo antes de falar.

Ben, o Goberno galego xa non engana a ninguén. Os orzamentos que presentan xunto con esta lei de acompañamento, mostran un goberno totalmente en decadencia, que non é capaz de propor solucións, de ter solucións, para os graves problemas que ten este país despois de dez anos de políticas de desmantelamento sistemático do público, de ausencia total de políticas públicas económicas, que teñen o país sumido nunha crise industrial gravísima, da que non se responsabiliza este mesmo goberno.



É sorprendente que aplaudan tanto uns orzamentos nos que parece que aquí non hai crise industrial, que non hai despoboamento do medio rural, que non hai unha crise demográfica agravada nestes dez anos —porque aquí hai un problema demográfico, pero calquera que vexa os datos ve que nestes últimos dez anos se agravou moitísimo ese dato—. Pois ¿onde están as solucións nos orzamentos? ¿Onde están as solucións na lei de acompañamento? Non hai, non hai ningunha solución.

O proxecto económico do Partido Popular xa foi plasmado nunha lei de acompañamento bis, que foi a Lei de fomento de iniciativas empresariais, a «lei de depredación». Ese modelo económico buscaba fomentar as facilidades para a minería, para as eléctricas —coa expansión dos eólicos— e para a política forestal de baixo valor engadido e pouca creación de riqueza pola que aposta o Partido Popular. Esgotóuselles aí o proxecto. Era unha lei que dicían que ía servir para que non marchase o capital ao norte de Portugal. Non sabemos se dende o norte de Portugal poden vixiar os eólicos ou extraer os minerais de aquí, etc. Mentiras. Ben, pois esgotóuselles o modelo económico.

Nesta lei de acompañamento volven incidir nos mesmos vicios. Como vostedes non teñen proxecto público para este país en busca do interese xeral, pois o que trasladan son peticións de diversos lobbys, que van facendo demandas. Ou incluso serve para tratar de corrixir algún erro que vostedes tiveron por facer mal as leis que xa fixeron, válelles para iso.

Este goberno en decadencia volve reformar a lei que ía traer a estabilidade ao urbanismo deste país, a Lei do solo —unha cada seis meses, como manda a tradición—. E incluso o fai de xeito contradictorio a como se aprobou orixinalmente esta lei, despois de dous anos de comparecencias de expertos que dicían unha cousa e que agora se lle está dando a volta polo forro —sobre todo no solo rústico—. Nesa reforma da lei —e non quero xa volver insistir en cuestións que temos denunciando aquí— pois nós tratamos de poñer en evidencia as desfeitas que pretende cometer o Partido Popular e de que retirasen esas cuestións, sen moito éxito. Por exemplo, queríamos, nas nosas emendas, que retirasen a recuperación da técnica do pasado, dos peores pasados urbanísticos deste país, da monetarización do solo. Máis ca nunca necesítanse políticas públicas de solo. E vostedes, con esta medida, están desincentivando as políticas públicas do solo dos concellos. Cando máis se necesita para todo tipo de políticas públicas, vostedes están dándolle carta de natureza a unha práctica que xa se demostrou que é nefasta para as arcas públicas, que é unha coladeira absoluta demandada unha e outra vez polos promotores. Isto a pesar de que medran os desafiuamentos mentres baixan no resto do Estado, cando hai 14.000 demandantes de vivenda de protección oficial e se están construíndo vivendas de protección a 6 e 8 vivendas anuais, unha estafa absoluta á sociedade, xa que vostedes reducen as posibilidades de facer políticas públicas de solo.

E, por outra banda, pois tamén regresa ao pasado na desprotección e na desregulación do solo rústico. Tamén, por certo, volven negarnos na emenda que propoñemos que se xeneralice o 30 % de reserva do solo para vivenda de protección. A modificación da Lei de vivenda do 2012 do Partido Popular foi unha das responsables da baixada da construción de vivenda de protección. Queremos que se reserve solo tamén para regular o mercado e que non pase —como está pasando— que non hai ningún mecanismo da Xunta de Galicia para regular os prezos dos alugueiros, que están impedindo —como acabamos de coñecer hoxe nun informe



do Consello da Xuventude— a emancipación de moitos mozos e mozas, ou atrasando a emancipación de moitos mozos e mozas. E despois queixaranse de que aquí non se teñen fillas e fillos. Pois ¿como se van ter fillas e fillos se a xente moza non se pode emancipar?

Ben, como dicía, vólvese á desprotección do solo rústico, a aqueles tempos onde todo se podía facer no solo rústico, ao de «ti vai facendo» É dicir, as edificacións levantadas en solo rústico con licenza municipal, calquera que sexa o uso para o que se concedeu a autorización, poderán ser transformadas en vivenda —modificación da disposición transitoria terceira—. Por exemplo, naves industriais, equipamentos públicos situados en solo rústico ou galpóns agrícolas poderán ser transformados en vivendas ou usos residenciais, incluso aquelas construídas ilegalmente, porque se elimina o requisito de que a persoa que promove a edificación residencial teña que ser titular dunha explotación agrícola ou gandeira, e elimínase a obriga de xustificar a idoneidade do emprazamento elixido. É dicir, volvemos ao esquema da lei franquista do solo de 1956.

Tamén nesta lei temos que felicitar parcialmente o Partido Popular, aínda que foi forzado, porque o Goberno do Estado levou o Partido Popular da orella para retirar o artigo 15.5.a), un dos varios artigos aos que presentou conflito de inconstitucionalidade e co que se creou unha comisión bilateral, e que xa o Partido Popular o retira preventivamente. Pero, iso si, na exposición de motivos di que, cando se fan modificacións na Lei de rehabilitación, é para corrixir erros ou omisións na redacción da lei. Non din que é porque lles tiraron das orellas. Gran disimulo.

Nós o que propoñemos é que, dunha vez por todas, retiren todos eses artigos. E non é porque sexan inconstitucionais, pero se a vostedes lles emociona máis que sexa por constitucionalismo, pois fágano, porque, ademais de non ser constitucionais, atentan contra o noso patrimonio, atentan contra valores que son fundamentais para o noso futuro. O que vostedes retiran, o 15.5.a), aínda que pareza unha cousiña sen importancia, permitía, mediante plans parciais, eliminar as tramas urbanas, as aliñacións e as rasantes dos cascos históricos deste país, nada máis e nada menos; xunto con outras medidas de expropiación forzosa, de expropiación forzosa posta en beneficio dos promotores privados. Iso permitiría unha desfeita do noso patrimonio.

Nós propoñemos que hai que retirar outros catro artigos para protexer algo valioso para o noso futuro. Fágano, porque, se non, vanos ter que retirar despois porque llelo vai exixir o Goberno do Estado ou o Tribunal Constitucional. E iso daríanos moitas armas aquí á oposición cando falamos da Constitución, máis das que temos.

Por outra banda, seguen facendo o traballo sucio para determinados intereses. No período de prórroga, para que non houbera nin tempo de emendar, o Partido Popular preséntalle unha emenda ao Goberno na que se incrementa o período de vixencia das declaracións de impacto ambiental. E digo eu: ¿por que non se fixo no proxecto de lei?, ¿por que tivo que ser o Grupo do Partido Popular o que o fixese así?, ¿por que se fai isto?

Na comisión, a señora Prado dicía que era polas concentracións parcelarias. Bo intento, señora Prado, pero é que hai unha emenda concreta que se refire ás concentracións parcelarias



e hai outra emenda concreta que se refire a todo tipo de actividades. Entón, se o obxecto eran as concentracións parcelarias, ¿por que non deixan só o incremento da vixencia para as concentracións parcelarias, señora Prado?, e ¿por que deixan tamén o incremento da vixencia da declaración de impacto ambiental para as empresas eléctricas que están construíndo eólicos, ou para as mineiras, que son as que especulan coa súa actividade? Porque do que eu coñezo da economía produtiva, por exemplo, un gandeiro que quere aumentar a súa explotación ou facer unha nova explotación —hai poucas novas, tamén polas súas políticas— o que está desexando é que lle aproben o estudo de impacto ambiental ou a declaración de impacto ambiental para poder empezar xa coas obras. Está esperando. Só teñen problema coa vixencia da declaración de impacto ambiental empresas que neste momento non queren construír porque, polos prezos, polas primas eléctricas ou polo financiamento, non lles convén levar a adiante as súas operacións; como foi —e xa se dixo aquí— no parque eólico da serra do Oribio, que estiveron esperando os promotores a que viñeran tempos mellores para facer negocio. E por iso agora prefiren, evidentemente, non facer unha declaración de impacto ambiental. Prefiren facer o parque eólico coa lexislación que había en 2005, que non garante a conservación e a protección dos valores ambientais, patrimoniais e paisaxísticos. ¡Diso se trata!

Tamén se trata diso cando o fan retroactivo para os eólicos, estánllo facendo á medida para os eólicos. Vostedes están facendo as leis e modificando as leis para beneficiar determinadas empresas, así de claro. E por iso incrementan a vixencia da declaración de impacto ambiental. Fano porque llelo viñeron pedir; porque llelo viñeron pedir e para que se sigan forrando.

Ben, despois temos un goberno en decadencia e en colapso no medio rural. Despois de dez anos de ausencia de políticas no medio rural, chegan a non poder nin xestionar o mínimo. Hai un grave problema coa poboación de xabaril, hai un grave problema de desorde no medio rural. Vostedes non fixeron nada, son incapaces de facer políticas rigorosas, planificar e soste durante un tempo unhas políticas. Aí está, por exemplo, o que é a reprogramación do Plan de desenvolvemento rural 2014-2020. Acábanos de reprogramar. Eliminaron todas as partidas que precisan un mínimo de xestión por parte da Consellería do Medio Rural, o que é investigación, innovación ou diversificación económica, para mandalo ás partidas que son facilmente executables, as obras, o cemento, o asfalto... Porque para iso non fai falta nin sequera ter administración pública.

Ben, pois agora resulta que sacan da manga dun día para outro —porque xa as protestas dos seus eran moitas— isto de que poden ir cazar todos os días do ano. E incluso se rebaixan as garantías cando se pode ir cazar en parellas. E teñen vido aquí representantes dos tecores a dicirnos que iso era un perigo para as persoas, que era un perigo e que había que ter moito coidado coa caza maior. Viñeron aquí a transmitírnolo. Puxeron de acordo vostedes os ecologistas e os cazadores.

Ben, tamén veñen co das aldeas modelo e co de utilizar os cursos de formación para desbrozar. ¡Coidadiño con iso! ¡Coidadiño con iso! Coidadiño con estafar a xente. Se hai cursos de formación é para darlle á xente unha formación que lle sirva despois para a súa vida profesional, non para arregarlles o seu problema de ter un país abandonado. E despois están as aldeas modelo. Do que se trata é de destinar recursos humanos e económicos ao rural. Se



hai recursos humanos e económicos para o rural, hai moitas maneiras de facer as políticas. Pero o problema é que vostedes non dedican nin recursos económicos nin humanos para o rural. Porque vostedes din que hai que facer en todos os distritos forestais de Galicia un plan de relación de recursos forestais e non incrementan a plantilla da Consellería do Medio Rural para ter o persoal para facelo. E, claro, cando non se cambia iso, dificilmente imos crer que vostedes van facer algo tan básico como ter ordenado o monte deste país. E moito menos imos crer, cando na reprogramación do PDR 2014-2020 vostedes eliminan todo o que é a partida para facer os plans de ordenación de recursos forestais —porque saben que non o van facer a pesar de que despois veña o conselleiro e o señor Feijóo a presumir dese acordo que non vale para nada—, que aquí se van ter plans de ordenación e de recursos forestais en todo o país. ¡Mentiras e máis mentiras! É unha mentira tras outra.

Despois — xa que non teño moito tempo—, das emendas para tratar de acabar coas desfeitas do Partido Popular, propoñemos dúas para evidenciar a falla de rigor e de seriedade nas súas políticas. Son dúas. Propoñemos facer un novo plan sectorial eólico de Galicia. ¿Como é posible que, cos cambios producidos no sector eólico a nivel ambiental e lexislativo, e a nivel tecnolóxico, o Plan sectorial de Galicia date do ano 2002?, ¿como o xustifica o Partido Popular? E ¿como é posible que se aposte pola actividade mineira dende o Partido Popular sen ter aprobado o principal e único instrumento de planificación mineira deste país, que é o Plan sectorial de actividades extractivas —segundo di a Lei, de 2008, da minería de Galicia—.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Debería darlles vergoña que, dende o ano 2008 que está en vigor esa lei, este país non conte cun instrumento de planificación para compaxinar a actividade produtiva ou extractiva cun mínimo de conservación.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Porritt.

A señora PORRITT LUEIRO: Grazas, presidente.

Hoxe debatemos o informe de ponencia da Lei de medidas fiscais e administrativas e, como comentaba esta mañá, despois de dous meses de traballo, estamos practicamente no mesmo punto de saída.

Este grupo parlamentario presentou 119 emendas e o resultado foi: 1 aprobada, 3 transaccionadas e 2 subsumidas. Son 6 de 119, un 5 %.

E comezo rexeitando novamente o uso desta forma de tramitación, o uso desta forma de lexislar dos gobernos do Partido Popular, dos gobernos de Manuel Fraga e de Núñez Feijóo, aproveitando, como xa se dixo, estas leis de acompañamento dos orzamentos anuais para



emendar todo tipo de leis aínda que non teñan relación con cuestións tributarias. Emprégase un procedemento que xa dicimos que é legal pero que, dende logo, non é a mellor forma de legislar. Limita o debate político, social e o debate parlamentario, e faise sen os informes preceptivos. É, ademais, unha forma de legislar innecesaria dada a súa maioría absoluta. E, como xa temos dito, esta forma de estratexia, de modificar todo tipo de normas, contrasta coa súa incapacidade lexislativa.

No que vai desta décima lexislatura, a través destas leis de acompañamento a Xunta modificou 59 leis previas; 27 delas foron corrixidas en máis dunha ocasión, e 5 foron corrixidas todos os anos: a Lei do solo, a de servizos sociais, a de comercio interior, a de emprego público e a Lei de taxas. En contra temos que se aprobaron 15 leis: 6 en 2017, 1 en 2018 —a Xunta foi ao Parlamento con menor lexislación—, e no que vai de ano, 5 —tres das cales reformaranse con este proxecto—.

Este ano a Xunta, mediante este proxecto de lei, modifica inicialmente 30 leis de todo tipo —tres delas, como xa dixen, aprobadas neste 2019: a Lei de rehabilitación e rexeneración urbanas, a Lei de Administración dixital e a de patrimonio natural e biodiversidade—. E digo «inicialmente» porque se deu un paso adiante máis por parte do Partido Popular, e tamén por parte do Grupo Común da Esquerda, que nesta ocasión se suma a esta forma de actuar. O Partido Popular e o Grupo Común da Esquerda presentaron unha serie de emendas ao articulado para modificar leis que non aparecían recollidas no propio proxecto de lei, cunha conexión discutible e que, ao presentarse no trámite de emendas, como tamén se comentou, impiden aos demais grupos parlamentarios exercer a súa facultade e dereito de exame e presentación de emendas, xa que non existe o dereito de emenda do artigo 112 do Regulamento da Cámara e se limita absolutamente o dereito de representación do artigo 23 da Constitución española. Polo tanto, é unha forma de legislar —como xa dixen— innecesaria dada a súa maioría absoluta. Esta lei de medidas non pode ser un caixón de xastre onde entre todo e o fagan de calquera maneira.

E xa entrando na materia, mantemos as 119 emendas presentadas, as 3 aceptadas, as subsumidas ou transaccionadas, así como a 113 restantes.

Respecto do título I, das medidas fiscais, falamos, en definitiva, de por que modelo tributario apostamos, se por un modelo baseado nos principios recollidos no artigo 31 da Constitución —principios de xustiza, igualdade e progresividade—, por un modelo tributario que permita acadar o principio de xustiza social, un modelo que permita reforzar o Estado do benestar, ou se apostamos por un sistema regresivo, que beneficie a riqueza e o capital en contra das rendas do traballo, un modelo que fomente as desigualdades. Este último é o modelo da Xunta de Galicia, un modelo que, ano tras ano, afonda no carácter regresivo da súa política tributaria e que trata mellor os que máis ingresos ou patrimonio posúen. É unha Xunta de Galicia que renuncia conscientemente, conscientemente, a utilizar toda a dispoñibilidade de recursos por carencia de proxecto e pola falla de ambición por construír un país máis moderno, un país máis xusto. A nosa discrepancia coa política tributaria ten que ver coa necesidade de someter os beneficios fiscais existentes a un escrutinio rigoroso para avaliar a súa pertinencia ou eficacia, e reforzar o carácter progresivo da tributación propia ou cedida usando a capacidade normativa autonómica, así como ampliar, modernizar e unificar os ins-



trumentos tributarios de carácter extrafiscal, favorecendo un modelo económico máis soslible.

Presentamos 30 emendas ao título I, ás medidas fiscais, e 17 son ao artigo 1, que ten que ver co IRPF. Son emendas que tratan de avanzar na progresividade e na igualdade tributaria, emendas que versan sobre incrementar a tarifa do imposto nos tramos máis altos, limitar as deducións en función da base imponible —non dos ingresos, da base imponible—, que xa ten en conta as circunstancias persoais das unidades familiares mediante a aplicación dos mínimos, tendo en conta a idade do contribuínte, o número de fillos, os ascendentes e a discapacidade. Hai unha serie de emendas que tratan de que todas aquelas deducións que teñan que ver coa vivenda se apliquen unicamente respecto da vivenda habitual. Outro grupo de emendas pretendían que as deducións se levasen a cabo coa renda obtida no exercicio fiscal, impedindo o transvasamento de fondos que proveñen da riqueza, do patrimonio do contribuínte —patrimonio polo que posiblemente non tributase—. E outras emendas son de carácter social.

Pese a que dicimos que debatemos e negociamos, chegamos á ponencia con todo feito, non hai nin negociación nin estudo das emendas. O PP dinos as que acepta e aí remata a negociación.

Por iso, destas 17 emendas pediuse a reconsideración para o debate en comisión das seguintes:

A emenda número 6, que ten que ver coa dedución verde. Onde se dicía «suxeito pasivo» pediuse que se cambiase por «declaración». Ben, a señora Prado dixo na comisión que aquelas unidades familiares que optasen pola tributación conxunta se verían prexudicadas e que, ao ser a nosa emenda máis restritiva, non se podía aceptar. Pois, realmente, ese era o noso obxectivo. Vostedes din que somos máis restritivos. Eu diría que apostamos pola progresividade, por limitar o importe. Estamos a falar de que en tributación conxunta eses 9.000 euros de base e 150 adicionais por vivenda se poden ver multiplicados polo número de membros da unidade familiar; pois, no caso de que os fillos fosen titulares dun inmovible —por exemplo, herdado—, coa redacción actual tamén poderían facer uso dela. Para unha familia de catro persoas poderíamos falar de ata 6.000 euros de dedución na cota autonómica. ¿A quen vai dirixida esta dedución? Dende logo non á maioría da poboación galega. Pedímoslle novamente que lle dean unha volta a esa dedución e que establezan un máximo; se non queren fixalo nos 9.000 euros, que establezan un máximo.

Hai un segundo grupo de emendas nas que, como xa dixen, queríamos limitar a fonte de onde proceden os fondos da dedución, requisito exixible para aplicar todas as deducións estatais que teñen que ver co investimento. Nesta ocasión a señora Prado dixo que non se aceptaban porque o obxectivo era incentivar o investimento independentemente da orixe dos fondos e da base imponible. É máis, dicía que, canto máis alta sexa a base imponible, máis capacidade investidora se ten. Polo tanto, está claro para quen están lexislando.

A emenda número 10, que ten que ver coa dedución por alugueiro. Pedimos que se incrementen as persoas que poidan beneficiarse dela ademais dos menores de 35 anos, como



os desempregados que teñen que aceptar un posto de traballo e teñen que cambiar de casa, as mulleres vítimas de violencia de xénero, os contribuíntes con discapacidade cuxa vivenda habitual non se adapta ás súas circunstancias —por exemplo sen ascensor ou con portas estreitas na súa vivenda—. Pedimos que se aplique ás vítimas de violencia de xénero —penso que xa o dixen— e tamén a aquelas persoas que teñen que cambiar de casa como consecuencia dun proceso de separación. Nesta ocasión, a señora Prado dixo que non o aceptaban por considerar máis oportuno e inmediato o uso de axudas, de ir pola vía do gasto e non pola vía do ingreso un ano máis tarde. Pois ben, en primeiro lugar, non son incompatibles. E respecto das axudas ao alugueiro aquí ten os datos. As axudas ao alugueiro por parte do Goberno galego deixan fóra o 91,5 % e o 82 % dos demandantes nas dúas liñas de apoio.

A emenda número 17 —respecto da dedución incrementada para familias monoparentais—, que trata de permitir que se aplique aos ascendentes con dependencia recoñecida independentemente da súa idade. Do mesmo xeito, considerouse máis oportuno ir pola vía das axudas e non pola vía dos ingresos.

Polo tanto, reconsideración. Eu diría que é un teatrillo, que son excusas. Rexeitan sen argumentos sólidos a cuestión de fondo. Os nosos modelos impositivos son absolutamente distintos e non hai vontade.

Xa non vou falar das emendas ao imposto de sucesións. Xa o tratei no pleno do 18 de novembro. Consideramos que ese mínimo exento de ata un millón é inxusto e regresivo, e non é unha petición social. Só vai beneficiar a ese 1 % de poboación que incrementou a súa riqueza nun 500 %. Respecto deste imposto de sucesións, polo que ten que ver coas reducións da participación en sociedades, as nosas emendas van dirixidas a exixir que as devanditas entidades desenvolvan a súa actividade en Galicia, que creen traballo en Galicia. Non é suficiente que o seu domicilio fiscal ou social se atope en Galicia.

As emendas ao imposto de patrimonio van no sentido de incrementar os tipos impositivos, de reducir o mínimo exento e tamén de reducir o valor da vivenda habitual, que actualmente é dun millón de euros.

Coas emendas respecto do imposto sobre transmisións patrimoniais, dende logo, opoñémonos á aplicación do tipo reducido nas zonas rurais para o que non sexa vivenda habitual. E aquí tamén presentamos unha das emendas que pedimos que se reconsiderase, a emenda número 24, na que solicitabamos que o tipo aplicable na compra de vivenda habitual, tratándose de vítimas de violencia de xénero, sexa do 5 %. Pois ben, neste caso resultou de interese para o Partido Popular e mesmo a cuantificou —569.556 euros—, aínda que a nosa emenda non foi aceptada porque, segundo dixo a señora Prado, os levaría a incumprir o obxectivo de estabilidade. Parece que a vara de medir non sempre é a mesma xa que o señor Puy no debate do articulado respecto da emenda presentada polo Partido Popular para satisfacer os complementos salariais recoñecidos ao persoal da universidade —retribucións xustas ás que teñen dereito— cualificou como un incremento pírrico o de 800.000 euros e, polo tanto, asumible. Polo tanto, é unha cuestión de vontade e non de números. E detrás dos números hai persoas; neste caso, mulleres vítimas de violencia de xénero que ben merecen un esforzo.



Respecto do título II, as medidas administrativas, que é unha das partes máis importantes, presentamos 89 emendas.

En materia de emprego público a Xunta, mediante este proxecto, modifica as disposicións oitava e novena creando novas escalas ou especialidades, asignándolles na maioría dos casos unha función que supón un caixón de xastre onde cabe todo; unha función que é arbitraria e que pode derivar en funcións que, fóra do control regulado, as convertan en total discrecionalidade da Administración. Esta función di: «Calquera outra de análogo contido ou que teña relación coas funcións anteriores».

A Lei de emprego público, como xa dixemos, é unha das que se modifican todos os anos. As nosas 49 emendas, das que só se aceptou unha, —a subsumida na número 6 do PP—, van dirixidas a definir as funcións asignadas a cada especialidade. Respecto do emprego público, á incapacidade do Goberno galego para xestionar os concursos de traslados, as ofertas de emprego público e os procesos de funcionarización e de estabilización do persoal laboral únese a permanencia da vixencia da Lei 1/2012, que unicamente se derroga en materia de prestacións por incapacidade temporal, en consonancia cos acordos estatais.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PORRITT LUEIRO: Remato en dous segundos.

Como xa non teño máis tempo, deixarei o resto para a segunda quenda.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Porritt.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Grazas, presidente.

Como cuestión previa, e para responder ao señor Sánchez, quero reivindicar o papel da muller na política. Quero reivindicar que, cando eu como deputada teño unha intervención, se me trate exactamente igual que a un compañeiro home. Aquí, nesta Cámara, vimos como nunha ocasión a señora Rodríguez Rumbo criticou a nosa compañeira Sandra Vázquez dicíndolle que lle tiñan escrito o discurso. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* O señor Torrado na Comisión de Pesca tenlle dito en infinidade de ocasións á nosa compañeira Teresa Egerique que lle escribían os discursos, as notas e demais. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Ninguén se alporizou. Hoxe un compañeiro dille a unha deputada que lle escriben o discurso e resulta que iso é machismo, pero ao mesmo deputado e ao mesmo presidente da Xunta, cando o señor Villares preguntaba ao señor presidente, díciolle que quen lle facía os papeis era o señor Lago. Iso non é machismo. *(Murmurios.)* Sinceramente, señorías, sinceramente, ensuciar a loita do feminismo acusando os homes ou as mulleres que lle din a unha muller política no debate político unha cuestión de homes e mulleres síntoo moitísimo



pero é un feminismo de *hojalata*. (*Aplausos.*) E eu, como muller, reivindico a igualdade de trato na política para homes e mulleres. (*Fortes murmurios.*)

Señora Torregrosa, eu entendo que a vostede lle pareza mal o comentario do señor Tellado, pero tíñalle que parecer mal a nivel persoal, non coma se fose un ataque machista. Ese foi o seu erro, señora Torregrosa, ese é o seu erro. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

A señora PRADO DEL RÍO: Porque se as mulleres queremos alcanzar a plena igualdade, temos que encaixar as críticas veñan de onde veñan. E ter que... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

¡Señorías, déixenme falar! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio! ¡Silencio, por favor!

A señora PRADO DEL RÍO: Eu apelo á cordura, eu apelo á cordura. E se queremos acadar a verdadeira igualdade, hai que ter moito coidado cando se etiquetan as cousas como machismo, señorías. (*Murmurios.*) Se calquera crítica a etiquetan como machismo, fraco favor lle fan á causa do feminismo, fraco favor lle fan á causa do feminismo. (*Aplausos.*)

Eu reivindico a igualdade de trato. Eu reivindico a igualdade de trato para as mulleres en política. Eu reivindico que me critiquen igual que critican a un home, a un compañeiro deputado. (*Aplausos.*) Eu reivindico, señorías, que me critiquen os discursos, reivindico iso, porque reivindico a igualdade entre mulleres e homes. E vostedes, se se senten ofendidas porque un home... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Ah!, é moito mellor que sexa unha muller... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Entón parécelle ben que unha deputada lle diga a outra deputada que lle escriben... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Ah!, iso non é machismo. ¿É paternalismo entón? ¿Que é? (*Fortes murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio! ¡Silencio, por favor!

A señora PRADO DEL RÍO: Miren, señorías, eu non comparto ese feminismo selectivo, síntoo. Eu non comparto o feminismo de *hojalata*. Eu reivindico a igualdade de trato para mulleres e homes na política. (*Aplausos.*)

Ben, estamos debatendo, no derradeiro pleno do ano, a Lei de medidas fiscais e administrativas, unha norma que, como eu xa teño dito en ocasións anteriores, aínda que non sexa a mellor ferramenta en canto a técnica lexislativa, teño que dicir no seu favor e recoñecer que, ademais de permitir a baixada de impostos e a actualización de taxas administrativas, resolve cuestións que están dificultando a aplicación dalgunha outra normativa, ou permite axilizar trámites que melloran a relación da cidadanía coa Administración.

Insisto en dicirlles, como xa dixen en debates anteriores, que as persoas que nos dedicamos temporalmente á política temos o claro compromiso coa sociedade de intentar resolver problemas e de facilitarlles a vida ás persoas. O que non podemos consentir, dende o Grupo



Parlamentario Popular, é que vostedes vertan sobre a Lei de medidas unha serie de falsidades, que debemos desmontar.

Din vostedes que se furta o debate. Isto é absolutamente falso. Tivemos o debate de totalidade, tivemos varias reunións en ponencia, tivemos o debate en comisión. Mesmo algún deputado que hoxe veu aquí dicir que se furtaba o debate non consumiu nin sequera máis da metade do tempo que tiña en comisión. Vese que lle sobraba tempo para o debate. E non falemos do debate mediático que vostedes plantexaron con esta lei.

Estamos ante unha lei absolutamente constitucional e que respecta o espírito da Sentenza do Tribunal Constitucional 76/1992. Respecta absolutamente a doutrina do Tribunal Constitucional. As reformas que se fan na lei e que teñen que ver con determinados colectivos si foron faladas e pactadas con eles; por exemplo, en materia de emprego público, na mesa sectorial. A parte que afecta o taxi ou os vehículos VTC tamén foi pactada con eses sectores. Nós, como grupo parlamentario, recibimos sectores afectados, igual que os recibiron vostedes; porque me consta que cando veñen ver o Grupo Parlamentario Popular tamén van ver o resto dos grupos. Por tanto, os colectivos afectados si foron escoitados e si houbo ese debate social.

En ningún caso se fan as reformas ás agachadas. Todas as reformas foron explicadas á cidadanía e, como xa teño dito, algunhas mesmo foron anunciadas moito antes de que entrase na Cámara a Lei de medidas, como foi no debate do estado da Autonomía, cando o presidente anunciou a gratuidade da atención educativa nas escolas infantís de 0 a 3 anos para os segundos fillos. O señor Casal dicía aquí que había que introducir o criterio de renda. Ben, aclárese, señor Casal, porque hai veces que lles interesa o criterio de renda e outras veces non. Eu lembro que mesmo nun debate no que dixen se querían pagarlle a gardería ao neto de Amancio Ortega houbo algún compañeiro seu —ou ex compañeiro, ou ben ese rebumbio que teñen vostedes— que chegou a dicir que a el —a ela— non lle importaba que lle pagaran a gardería ao neto de Amancio Ortega con tal de que llela pagaran a todos os demais. Entón, póñanse de acordo, porque coa gratuidade dos libros de texto pasou exactamente o mesmo. Se a poñemos por renda, vostedes queren que sexa universal; cando poñemos unha medida universal, queren que a poñamos por renda. Póñanse de acordo primeiro consigo mesmos e despois a ver se son capaces de poñerse de acordo entre vostedes.

Estamos ante unha lei ordinaria. Non é unha lei, como vostedes dicían aquí, que se fai de présa, correndo e demais. Pregúntenlles aos seus compañeiros de Compromís e aos socialistas de Valencia, que a presentaron á marxe dos orzamentos. Iso xa é para nota. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, pero eses son os seus. Xa sei que despois me van dicir que, claro, que comparo cos peores. Eu simplemente os poño contra o espello, porque vostedes din unha cousa cando están na oposición pero fan a contraria cando están no goberno. Estaría ben que tiveran un pouco de coherencia, salvo que vostedes sexan unha illa á parte do seu partido.

A lei que aprobamos hoxe permitirá cuestións tan importante como as seguintes: eliminar practicamente o imposto de sucesións; facilitar a sucesión en empresas familiares; promover a adquisición de vivendas en zonas pouco poboadas coa menor tributación de España —xa



sei que algúns din que son zonas de veraneo, empezaron dicindo que se Sanxenxo, que se non sei que..., e despois xa foron cambiando, xa non sabían moi ben a onde afectaba; señor Casal, vai por vostede—; implantar unha dedución verde para favorecer a eficiencia enerxética dos fogares; crear 22 novas escalas de persoal funcionario para facer efectivo o proceso de funcionarización voluntario do persoal laboral fixo, así como a creación da escala superior de orientación laboral, que introducimos vía emenda —e, por certo, despois de ter escoitado o colectivo afectado, igual que o escoitaron vostedes, e por iso vostedes tamén introduciron emendas neste sentido; polo tanto, moi ás agachadas parece que non facemos as cousas—; facilitar o coñecemento e o control da actividade desenvolvida para vivendas de usos turísticos; ou blindar a limitación do número de autorizacións de instalacións de salóns de xogo, salas de bingo e tendas de apostas.

Con este último tema, eu alégrome de que vostedes agora estean moi sensibilizados, porque mire, o Partido Popular no ano 2016, cando se presentou ás eleccións, levouno no programa electoral. E ¿saben quen gobernada nas grandes cidades en Galicia no ano 2015, 2016, 2017, 2018 e 2019? Vostedes. E ¿saben cantas licenzas deron de salas de apostas en Santiago, A Coruña e Ferrol? Todas as do mundo, señorías. ¡Ah!, iso si, en Santiago puxeron unha moratoria para que non se abriaran máis hoteis no casco histórico, en Santiago puxeron unha moratoria para que non se puideran facer máis pisos turísticos no casco histórico. ¡Ah!, pero unha moratoria para as casas de apostas non se lles ocorreu. Vese que moi sensibles co tema non estaban. Así que eu, sinceramente... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, vostedes apoiábanos, señora Rodil, vostedes apoiaban eses gobernos. Así que moito discurso, moito discurso, non ten vostede tampouco. Sinceramente é un problema que entre todos temos que intentar resolver pero aquí que ninguén se poña medallas porque ningún de vostedes está en condicións de poñerse medallas por loitar contra as casas de apostas e contra o incremento do xogo por parte dos menores e da xente máis nova.

Ampliamos tamén o prazo de vixencia das declaracións de impacto ambiental. Si, señor Sánchez, de catro a seis anos, porque a Lei 21/2013 ampliou o contido mínimo dos estudos de impacto ambiental, como vostede sabe, e incorporou a necesidade de contar con carácter preceptivo de novos informes de organismos sectoriais. É determinante incorporar estes informes ao expediente para os efectos de resolver con solvencia as declaracións de impacto. Considérase que, ampliando o prazo de vixencia das declaracións unha vez resoltas, non se orixinarían demoras na resolución dos expedientes, porque non se terán que paralizar para realizar un novo proceso de avaliación. Sinceramente creo que isto vai en favor da axilización dos trámites administrativos. Vostede pode pensar outra cousa, como pensa sempre. É igual que cando lles admitimos unha emenda. Sempre se queixan de que non lles aceptamos as emendas; e, cando lles aceptamos unha emenda, danlle voltas, voltas, voltas e empezan a desconfiar ata que ao final retiran a emenda. Señor Sánchez, a verdade é que resulta moi sorprendente. Moita bronca lle deberon de botar no seu grupo por esa emenda para terminar retirándoa e non deixar que se incorporase ao proxecto lexislativo. Claro, eu non lle podería dicir agora a vostede que vostede forma parte de todas esas modificacións da Lei do solo que fai a Lei de medidas, ¿verdade, señor Sánchez? (*Murmurios.*)

¡Fóra brincadeiras!, ¡fóra brincadeiras! Ben, dicía o señor Sánchez que se amplía o prazo de vixencia da declaración de impacto ambiental dos proxectos de concentración parcelaria.



Certamente, en Galicia temos unha dificultade engadida para estes procesos polas singularidades propias do noso territorio e da fragmentación da propiedade, que dificultan notablemente o avance nos ditos procesos de mellora da estrutura territorial. Polo tanto, cremos importante que aquelas parcelarias que xa teñan feita a declaración non a perdan porque haxa esas dificultades.

Vía emenda demos un paso máis na regulación da contratación dos servizos de vehículos con condutor, que, ademais da súa contratación previa e da necesidade de que esta se documente, se introduce agora unha maior concreción dos requisitos temporais requiridos —iso si, co consenso das organizacións asociativas máis representativas destas actividades profesionais e empresariais en Galicia—. Clarificamos legalmente a antelación mínima de quince minutos que debe darse entre a contratación previa do servizo e a súa prestación material por parte da empresa, reservándose a actividade do taxi á prestación de servizos de carácter discrecional contratados no momento nas paradas ou a través dos medios establecidos para o efecto. E esta proposta ten pleno encaixe legal tamén coa normativa de garantía da unidade de mercado, concretamente coa Lei 20/2013, do 9 de decembro.

En canto ás vivendas de uso turístico, o Grupo Parlamentario Popular presentou unha emenda á exposición de motivos porque concorren varias razóns imperiosas de interese xeral que xustifican a modificación da regulación sobre as vivendas de uso turístico contidas no artigo 65 bis). Establecemos unha regulación das vivendas de uso turístico acorde e coherente co modelo turístico de excelencia, de calidade, de sustentabilidade e de garantía dos dereitos das persoas usuarias turísticas previsto na Lei 7/2011, de turismo de Galicia. É á vez respectuosa cos principios de necesidade e de proporcionalidade exixidos pola Lei 17/2009, de libre acceso ás actividades de servizos e ao seu exercicio, e pola Lei 20/2013, do 9 de decembro, da garantía de unidade de mercado.

Convirán comigo, señorías, en que resulta necesario velar por unha prestación de servizos turísticos que garanta a axeitada protección dos dereitos das persoas usuarias destes servizos e que evite erros e confusións respecto dos servizos amparados pola normativa turística que atentan contra tales dereitos e contra a boa fe nas transaccións comerciais. Falamos de procurar un desenvolvemento turístico sustentable, de buscar a excelencia e a calidade turística e o desenvolvemento dos valores propios da cultura e da identidade galegas a través do turismo, así como a protección do contorno urbano. Todo isto demanda medidas tendentes a evitar un modelo turístico desordenado que poida afectar a súa sustentabilidade e a súa convivencia.

Tamén introducimos medidas para a prevención de incendios, en concreto a modificación da Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais, co establecemento a nivel legal dun sistema público de xestión de biomasa que garanta máis eficacia e eficiencia na actuación das administracións públicas. Simplemente é darlle rango legal a algo que xa está conveniado coa Fegamp —participan 252 concellos que están adheridos— e tamén reforzar a cooperación entre as administracións e potenciar políticas activas de emprego; sobre todo, as ligadas a programas de formación e prácticas profesionais, como é o caso dos obradoiros duais de emprego, que supoñen unha parte mínima do conxunto das actuacións contidas no plan integral de actuacións preventivas para o ano 2020 co fin de reducir os riscos de incendios forestais en Galicia.



E, sobre as aldeas modelo, hai que fomentar a mobilización de terras a través de programas de aldeas modelo como un sistema para a recuperación e posta en valor das terras circundantes a núcleos de poboación e co obxectivo de fomentar a mobilización de terras a través de actuacións integradas de recuperación da capacidade agronómica do perímetro do proxecto...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: ...así como a rehabilitación e recuperación arquitectónica urbana.

Eu non sei, señorías, se vostedes teñen algunha alternativa para conquistar o mesmo obxectivo. Trátase de fixar poboación no rural, trátase de recuperar... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non é un banco de terras, señora Rodil, vostede sábeo. Pero exige unha previsión orzamentaria para o ano 2020 de preto de 4,5 millóns de euros para proxectos de mobilidade. É o dobre que no 2019.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO DEL RÍO: A previsión é facer 20 aldeas modelo para o ano 2020. A verdade é que, se non confían neles, pregúntenlles naqueles sitios onde están traballando, que están asinando estes proxectos de forma totalmente...

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas. Terminou o tempo xa.

(*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, o señor Casal.

O señor CASAL VIDAL: Agradezo á señora Prado que escoitara a miña intervención, pero creo que non a entendeu. Claro que queremos un servizo universal de 0 a 3 anos (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*), un servizo universal de gratuidade na ensinanza de 0-3 anos, pero dende o primeiro fillo ou filla. Esa é a diferenza. O que eu plantexaba é que a inxustiza é que unha familia con altos ingresos teña gratuíta a gardería para a segunda filla ou fillo e unha familia con baixos ingresos non a teña para o primeiro. Iso para min é unha inxustiza; ao mellor para vostede, non.

E por aí ía a nosa proposta. E non vou ocupar todo o tempo porque creo que xa está todo demasiado falado, pero vou voltar ao máis importante do que lles comentei, que seguro que iso tamén o escoitaron na miña primeira intervención: que o que se bota en falta de verdade nesta lei de acompañamento é esa emenda *in voce* —que non sei, presidente, se nun pleno se pode facer se o aproba todo o resto dos grupos, se o aproba o resto dos grupos—; pois insisto en que xa pasou máis dunha hora desde que intervín antes, e vostede ao mellor agora, cando interveña de novo, pode dicir se van aceptar facer unha emenda número 34



—non imos falar de improvisación neste caso porque creo que as circunstancias o exixen— relativa á ordenación territorial do sistema público de saúde de Galicia e das prestacións sanitarias e programas sanitarios que se deben desenvolver en todo o territorio, e garantir que atentar contra ese dereito fose ilegal —agora é inmoral, pero que fose ilegal—. Eu non puiden estar fóra porque levo toda a mañá intervindo aquí no pleno, e non facía falta que viñeran hoxe aquí a Compostela, xa o demostraron explicitamente durante máis de dúas semanas.

Pois ao mellor o máis importante do pleno de hoxe era que se votara que vostedes dan marcha atrás neste tema e que garanten por lei que en todos os hospitais comarcais, que en todo o territorio de Galicia, os dereitos sanitarios van estar garantidos por igual, con igualdade de dereitos, con igualdade de prestacións, e que non se produza ningunha incidencia como a que afortunadamente non tivo maiores consecuencias máis alá do dano moral, da violencia, que implicou todo o que sucedeu en Verín hai uns días. Pois, ao mellor, isto sería o máis importante do pleno, porque o resto todo o mundo xa o sabía. Tómbanse todas as emendas da oposición, apróbanse todas as emendas do Partido Popular —incluso nesta lei, que xa foi elaborada polo Goberno e vostedes, de novo, fan 33 modificacións no último momento—, e seguro que sería a portada de todos os periódicos de mañá que o Partido Popular dá marcha a atrás e aproba unha emenda proposta por eles mesmos —o resto dos grupos seguro que a apoiariamos— para dar marcha a atrás nesas medidas que poñen en risco a igualdade, a igualdade sanitaria entre todas as galegas e todos os galegos.

Estou seguro de que isto sería o que daría máis tranquilidade a todas as galegas —sobre todo neste caso— xa vivan na Coruña, vivan en Verín, vivan en Ribadeo ou vivan en calquera lado de Galicia. Reflexionen. Aínda quedan outros vinte minutos, aínda estamos a tempo.

Grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Casal.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Unha cuestión previa respecto do debate que se foi suscitando: eu creo que, se non fixésemos ataques persoais durante os debates políticos, aforrariamos moitísimas explicacións como as que acabamos de ver; entre outras cousas, porque debería basearse isto, o funcionamento normal desta Cámara, no recoñecemento que nos fagamos mutuamente todas e todos nós da capacidade sobrada e abonda que temos para estar aquí, ¡para estar aquí! (*Aplausos.*) Polo menos eu, e o meu grupo, a todas vostedes e a todos vostedes lles presupoñemos capacidade suficiente e dereito pleno para estar aquí, por suposto. E, ao contrario do que ten acontecido nalgún que outro debate, tamén lles presupoño capacidade de sumar e restar, que se ten posto en cuestión por parte do grupo maioritario sobre as forzas da oposición. E despois eu creo que, cando alguén se equivoca —eu a primeira moitísimas veces—, o mellor é pedir perdón e recoñecelo, pedir desculpas e non buscar ou intentar buscar argumentos para xustificar eu creo que o inxustificable.



Dito isto, efectivamente, o proceso de tramitación a través do que se coñece como «leis ómnibus» —caixóns de xastre, como se dicía—, que son as leis de acompañamento aos orzamentos, é legal. É legal, dí, ademais, o Tribunal Constitucional, o *sancta sanctorum* da legalidade no Estado español, que tamén considera legal e avala que se despedan, por exemplo, traballadores que están en folga; cuestión que dende o Bloque Nacionalista Galego cremos que vulnera os dereitos fundamentais das traballadoras e dos traballadores. E o Constitucional tamén avala despedir traballadores que están de baixa —tres, por certo, en Extel, na Coruña, hai uns días—.

Efectivamente, é legal. ¿Que dixemos no anterior debate, no anterior pleno, dende o BNG? Que nin é ético, nin é estético, nin moito menos é a forma que ten o Bloque Nacionalista Galego de legislar e de entender como deben ser os procedementos lexislativos nun sistema democrático e participativo. Non poden ventilarse máis de trinta leis dun plumazo, coma se fosen un único proxecto lexislativo, que é o que estamos facendo aquí, reformando trinta leis cun único debate e coma se se tratase dun único proxecto lexislativo, máis alá, como tamén se sinalaba —e nós tamén o dixemos ao longo de todo o proceso de tramitación desta lei—, de estar furtando o debate, furtando a capacidade de participación dos sectores sociais que se ven afectados polas reformas, e ademais sen contar cos informes preceptivos, cos que serían preceptivos seguindo un proceso de tramitación ordinaria.

Pero ¿que pasa? Que vostedes usan este mecanismo porque lles é cómodo, porque lles é cómodo e porque ventilan a reforma de máis de trinta leis dun plumazo, saltando todos eses procesos que acabo de relatar e que se seguirían nun proceso de tramitación ordinaria, e porque tanto lles ten a ética, a estética, o diálogo, a participación parlamentaria e a participación política. E volvo dicir o que dicíamos ao longo de todo o debate, ao longo de toda a sesión parlamentaria, o de que iso é o que ten a soberbia, que un cre que está en posesión da verdade absoluta e, ao peor, nunha situación de superioridade.

E logo teñen as súas emendas, nun proceso ao que agora parece que se suma —tamén coincido coa señora Porritt— o Grupo Común da Esquerda, que é introducir a reforma de textos lexislativos que non están incluídos no proxecto de lei. E por moi boa vontade que se teña cos seus obxectivos, señor Sánchez, se é criticable para o grupo que sostén o Goberno, debería de selo tamén para as forzas que compoñen os grupos da oposición. Se se está en contra do uso e abuso dun proceso de tramitación lexislativa como é este, deberíase estar independentemente dos obxectivos que se persigan. Pero digo que, respecto destas emendas que presenta o Grupo Parlamentario Popular, eu non atopei na tradición oral popular galega outra frase para explicalo —estou aberta a todas as recomendacións e á sabedoría popular que hai nesta Cámara—, pero é un *Juan Palomo, yo me lo guiso y yo me lo como*. (Aplausos.) Porque non podemos, absolutamente, nin sequera cuestionar esa reforma que se fai dese período de vixencia das declaracións de impacto ambiental para os procesos de concentración parcelaria, e para o que non son procesos de concentración parcelaria, porque se reforma a Lei de protección ambiental, se non lembro mal, do ano 1995 —sen facer excepción ningunha no texto que vostedes propoñen—.

Nós insistimos en que esta non é a vía, que non é a maneira na que entendemos desde o nacionalismo galego que se debe legislar nun país en nun sistema democráticos. Ao único que



responde é á súa propia comodidade, a darlles para adiante ás súas ocorrencias, que despois non sabemos nin sequera canto tempo estarán en vigor, e —e con isto remato, presidente— á improvisación lexislativa.

Eu póñolles un exemplo das súas propias emendas, o da emenda número 10 do Partido Popular. Suprimen vostedes o artigo 22 bis da Lei de prevención e loita contra os incendios forestais. Co artigo 22 bis, no ano 2017 —no proxecto de orzamentos para o ano 2018— vostedes crearon o fondo de xestión da biomasa a través da venda das especies prohibidas que se retiraban por parte da Administración. Iso parecía importante no ano 2017, despois da vaga de incendios; para o ano 2018 introdúcese cunha lei de acompañamento e no ano 2019 decídese, considerando que xa non é útil, que se suprime. Así non se fan as cousas.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Polo Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, o señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Señora Prado, despois de escoitala a vostede, retiro o que dixen de que a Miguel Tellado lle escribía os seus discursos Jesulín de Ubrique. Creo que llos escribe vostede e que el llos escribe a Jesulín de Ubrique. *(Risos.) (Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Non faga moitas bromas con iso, porque... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Fortes murmurios.)*

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Retireino... *(Balbordo.)*

O señor PRESIDENTE: Non, non, non. ¡Por favor!

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Non, non, retiro o de retirar o de Jesulín de Ubrique.

O señor PRESIDENTE: Perdoe un momento, que está o tempo parado.

Eu creo que antes xa me pronunciei, ¿ou non me entenderon? Eu sei que todos os deputados fan eles os discursos. A min tamén me dixeron moitas veces se mos facía a Consellería de Sanidade. Nunca me fixo ningún, que os fixen eu todos. Polo tanto, isto supónselle a todo o mundo. Pero non escarven máis aí, nunha cousa que xa non merece a pena. Os deputados de aquí fan todos eles os seus discursos. *(Murmurios.)* ¡Acabou o tema, por favor! Morra o conto aquí, xa está.

Prosiga, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Señor presidente, ás veces a min bótanme unha man, teño que recoñecelo. *(Risos.) (Murmurios.)* Estaba falando metaforicamente, como dixo vostede antes.

Ben, vostede si que traía escrito o que contestou, porque basicamente non argumentamos hoxe, porque xa estamos moi cansados de facelo, sobre o abuso que fan vostedes do uso da



lei de acompañamento. En cambio, vostede dixo que nós o dixeramos. Non o dixemos. En tal caso, vostede... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) En comisión, si, é certo. Hoxe non, pero como traía os papeis da comisión, pois... (*Risos.*) (*Murmurios.*)

Vostede, señora Prado, repite unha e outra vez que a vostede non lle gusta o que se está facendo. Di vostede: A min non me gusta pero é legal, e noutros sitios faise peor. É o que vostede di. Vostede é unha militante abnegada do Partido Popular, disciplinada, que incluso fai e defende cousas que non lle gustan. Moi ben. Debe de ser tamén como os deputados ourensáns e as deputadas ourensás co do paritorio de Verín.

Despois quero que me explique ben, quero que me explique ben, o do incremento do período de vixencia da declaración de impacto ambiental. Vostede veu aquí e dixo que coa Lei 21/2013 —xa choveu, xa choveu, apuráronse bastante en traer a adaptación da Lei 21/2013— os informes preceptivos e determinantes que se incorporaban podían retrasar... Os informes determinantes teñen que estar antes de que se aprobe a declaración de impacto ambiental. E a vixencia da declaración de impacto ambiental é despois de que se aprobe a declaración de impacto ambiental. Explíquemo, ¡explíqueme iso! É dicir, todos os informes teñen que estar listos antes de que se aprobe a declaración de impacto ambiental. E entón di vostede que na Lei 21/2013 se incorporan uns informes que fan que se retrase... ¡Bueno, un cacao...! Non, diga a verdade. Vostedes incrementan de catro a seis anos a vixencia para determinadas empresas que xogan co tempo á hora de iniciar os seus negocios. Porque xa lle digo que, cando é unha actividade produtiva, tipo explotación gandeira ou calquera negocio no rural, calquera negocio no rural ou no urbano, o que están desexando aqueles que acometen un negocio é que lles aproben cando antes a declaración de impacto ambiental para poder acometer as obras e empezar co negocio. Só hai determinados sectores nos que xogan cos tempos, por exemplo —e xa lle puxen un exemplo— as eléctricas que implantan os eólicos cando economicamente lles convén e ás que vostedes lles fan o traballo á medida. Explíquemo.

Explíqueme tamén a modificación da Lei de patrimonio natural, que xa lle dixen que aprobamos hai tres meses —ou catro meses— unha lei de patrimonio natural na que non nos aceptaron practicamente nada, era perfecta, estaba niquelada a Lei de patrimonio natural, non había ningún fallo. E de repente, despois de dicir que os danos ambientais non prescriben, agora prescriben. ¿Como é iso? Din agora que é unha redacción que invita á confusión, que hai quince anos para que non prescriban os danos. De non prescribir nunca pasa a poñer quince anos de prescripción. Explíqueme como xustifica vostede ese cambio máis que porque lles viñeran... Como dixo vostede, a nós visítannos colectivos para transmitirnos as demandas, e por iso trasladamos emendas. Ao Grupo Popular ¿que colectivo o visitou, señora Prado, para pedirlle que incrementasen a vixencia da declaración de impacto ambiental? (*Aplausos.*) ¿Ou foi unha chamada de teléfono?

Sobre as aldeas modelo para fixar poboación e as desgravacións fiscais para fixar poboación, vamos ver, ¿como van mellorar vostedes as desgravacións no rural se xa hai catro anos que estamos con impostos cero no rural? ¡¿Pero é que lle están pagando á xente ou que?! (*Murmurios.*) Nesta lexislatura eran impostos cero, e seguen baixando, seguen baixando... Isto é increíble. (*Risos.*) (*Murmurios.*) Isto non pode ser. E en cambio, os datos do IGE e do INE dinnos que se segue abandonando a máis velocidade ca nunca o rural, segue envellecéndose a máis



velocidade ca nunca no rural e o saldo vexetativo está batendo récords, é o peor de todos no Estado español. Cambien de política, non vale para nada. As desgravacións na compra de vivenda no rural non valen para nada para fixar poboación, ¡para nada! (*Aplausos.*) Se hai algún problema no medio rural non é precisamente o prezo da vivenda, que as regalan. No rural regalan as vivendas. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Si, si, si, compare! ¡Si, señor Patiño, que o escoito, que o escoito! Pregunten vostedes cales son os prezos e onde están os prezos caros. Sobre todo é nas zonas urbanas, onde hai presión. No rural o problema non son as vivendas, o problema é ter oportunidades de traballo, empregos dignos, servizos públicos dignos e non estalos desmantelando, como están facendo vostedes.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a señora Porrirt.

A señora PORRITT LUEIRO: Grazas, presidente.

Señora Prado, xa nos ten dito que esta forma de tramitar non é a que máis lle gusta, pero o certo é que ano tras ano a veñen utilizando. Xa recoñecemos os grupos da oposición que é unha forma de legislar legal, pero que non é a mellor e, dada a súa maioría absoluta, ademais non é necesaria. Por certo, esta forma de tramitar non foi utilizada polo goberno de progreso conformado polo PSdeG e o BNG nos catro orzamentos que aprobaron. As leis están vivas, como di vostede, señora Prado, pero realmente é que hai algunhas que sofren de estrés.

E respecto da negociación, di vostede que si, que se aceptou unha das nosas emendas, unha de 49, de 49 emendas consensuadas cos sindicatos. O certo é que a Xunta de Galicia, unha vez máis, o que fai en materia de emprego público é pór parches. E o que tería que facer —e iso si o exixen as organizacións sindicais— é poñer en marcha o deseño do preceptuado xa hai doce anos.

Respecto da gardería do neto de Amancio Ortega, pois nós tamén apostamos pola gratuidade. Se Amancio Ortega, as súas sociedades e outros pagasen os impostos que lles corresponden, se tivéssemos un sistema fiscal progresivo que distribúa pola vía dos ingresos e tamén redistribuíse vía gastos potenciando os servizos públicos, poderíamos darlle a gratuidade.

En relación coa gratuidade da atención educativa nas escolas infantís de 0 a 3 anos, que a Xunta de Galicia propón a partir do segundo fillo, cremos que o número de fillos non pode ser o determinante da gratuidade. Apostamos pola gratuidade dende o primeiro fillo, sempre en función da capacidade económica das unidades familiares, e por iso presentamos a emenda 101. Neste caso o texto do proxecto que mantén a Ponencia é máis restritivo por condicionar a dita gratuidade a un número de fillos, tendo en conta, ademais, que as mulleres queren ter, de media, dous fillos pero que só «poden» —e resalto o de poden— ter un. Polo tanto, a nosa emenda atende máis á realidade existente.

E respecto da redución do tipo do imposto de transmisións patrimoniais no rural, señor Sánchez, non estivo moi atento porque a señora Prado na Comisión dixo que había dous obxec-



tivos: un era asentar poboación e o outro dinamizar economicamente. Non sei eu se San Vicente (O Grove), Baredo (Baiona) ou Dexo (Oleiros) necesitan que se potencien economicamente. E tampouco sei como se vai facer, porque estamos falando dun rural sen servizos e sen ningún tipo de oferta.

Polo tanto, reafirmámonos nas nosas emendas e votaremos «non» ao ditame. Facémolo, en primeiro lugar, polo uso que fai o Partido Popular deste mecanismo que non lle gusta pero que ano tras ano utiliza, que debería ter un carácter excepcional para introducir mudanzas legais pero que o que fai é un verdadeiro cambalache. Facémolo, en segundo lugar, pola súa política fiscal regresiva que renuncia a avanzar na implantación dun sistema tributario que recade de maneira máis eficaz e progresiva co obxectivo de que permita reforzar o Estado do benestar.

E pensamos que son os últimos orzamentos e tamén a última lei de acompañamento dun proxecto esgotado. Son uns orzamentos que teñen xa once anos de desidia do goberno de Feijóo, os orzamentos da continuidade, da inacción e da falla de iniciativa. E pese a que hoxe novamente —como xa pasou pola mañá— se aprobará este ditame da Lei de medidas pola súa maioría absoluta, desde logo non o compartimos. Pensamos que este goberno é un lastre para o país e que estes orzamentos e esta lei que os acompañan son a plasmación dun proxecto esgotado e dun goberno fracasado.

Polo tanto, o Grupo Parlamentario Socialista, que está comprometido con Galicia e cos galegos, imos defender a cidadanía fronte á súa carencia de política económica e industrial, fronte ao seu abandono do territorio, fronte aos ataques aos servizos públicos e á desfeita da sanidade e fronte a un sistema tributario regresivo que prima os que máis teñen.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Porritt.

Polo Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra a señora Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: *Diario de Sesións do Parlamento de Galicia*, número 20, do 8 de marzo de 2017: «A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente. Perdoe que non recorde o seu nome, pero voulle dicir unha cousa —e non llo digo por mal— pero quen lle fixo as notas non ten nin idea do que alí lle puxo...» *(A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.)* Bueno, pois quen lle puxo os datos. *(Murmurios.)* «Eu tamén traio notas, que mas fan moitas veces porque eu non sei de todo. E a iso me refiro, non a que non o poida facer ela. ¡Coidadiño!, que eu respecto as mulleres por enriba de todo. E non lle estou faltando...» *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)* ¡Estou lendo, por favor! *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

A señora PRADO DEL RÍO: «E non lle estou faltando ao respecto nin a ela nin a ningún. Quen lle fixo as notas...» *(A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.)*



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Señora Rodríguez Rumbo, silencio!

A señora PRADO DEL RÍO: «Eu tamén traio notas feitas por min de datos que me dan, e non son machista» (*Murmurios.*) (*A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Señora Rodríguez Rumbo, escoite!

A señora PRADO DEL RÍO: Señor Sánchez, mire, a min dáme igual que me diga que me fixo o discurso Jesulín de Ubrique, Paquirrín ou quen sexa. Pero, mire, polas risas dos seus compañeiros semella que a vostede quen llo fixo foi J. J. Vaquero. (*Murmurios.*) Pero, mire, eu o que non vou facer é seguir nesta dinámica. Eu simplemente apelo á responsabilidade de todos e de todas e, cando hai unha crítica, que se tome no plano político. Porque coincido coa señora Rodil en que todas e todos os que formamos parte desta Cámara temos demostrada a nosa capacidade para ocupar o escano que ocupamos. (*Murmurios.*) E calquera crítica que poida facerse ten que ser interpretada no ámbito político, salvo que haxa un exabrupto ou unha cuestión fóra de ton, que non creo que fose o caso. E faltas de respecto hai todos os días, todos os días e de todos os grupos, de todos os deputados e deputadas. Pero etiquetando como machista cando a falta de respecto é dun home a unha muller —insisto— fraco favor se lle fai á causa da igualdade. (*Aplausos.*)

Aquí falouse de que nós lles baixamos os impostos aos ricos e lles subimos os impostos aos pobres e demais. Miren, cando chegamos ao Goberno —escoite, señora Porritt, creo que é moi interesante porque vostede dixo que tiñamos modelos diferentes, e, efectivamente, temos modelos diferentes—, mire, cando vostedes deixaron o Goberno, o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego, en Galicia o 51 % dos contribuíntes con menos renda tributaban ao 12 %. Hoxe tributan ao 9,5 %. E a tarifa de En Marea era máis alta. ¿Lémbrao, señor Sánchez? —bueno, non sei se vostede estaba aquí cando estaban os de AGE—. Agora está contento porque o revalidaron aí os de Anova. Non sei se vostede estaba con AGE ou non. Pero os antecesores seus querían poñer nas emendas ao orzamento unha tarifa máis alta aos que menos ganaban. Sen embargo, subimos aos que ganan máis de 100.000 euros, señora Porritt —concretamente, o 0,2 % aos de máis renda—. Coa esquerda pagaban o 19,8 %, e nós subímolos ao 20,4 %. Creo que non é difícil de ver que 20,4 % é máis que 19,8 %. Por tanto, é evidente que o Partido Popular lles incrementou a tarifa aos ricos e que llela baixou aos de menos renda. Por tanto, eu creo que ese discurso que teñen vostedes, ese mantra, xa podían ir abandonándoo porque as cifras están aí, e os datos non son opinables, son os que son. (*Murmurios.*) Á parte, todas as deducións que hai son sociais e afectan aos que teñen menos renda. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Para a señora Porritt é regresivo baixarlles os impostos aos pobres e subírllelos aos ricos. Vostede non estaba aquí cando se fixeron estas rebaixas pero pode comprobar que non estou mentindo. Efectivamente, os nosos modelos fiscais, señora Porritt, son diferentes, e acábollo de explicar. Ninguén entende que critiquen as baixadas de impostos e os beneficios fiscais. A cidadanía xa sabe que subir impostos é de esquerdas e baixar impostos é do Partido Popular. O último exemplo vímolos estes días coa intervención do Goberno socialista na Comunidade Autónoma de Andalucía, na que, cunha herdanza de corenta anos de goberno socialista que deixa a comunidade autónoma andaluza coma un erial, agora o Partido Popular



en coalición está baixando os impostos. Pero, non, non, ¡non se poden baixar os impostos!, ¡hai que subilos!, e como os baixades pois intervimos a comunidade autónoma. E o socialista Sánchez e compañía van subir os impostos en Andalucía porque non se poden baixar, cando esta comunidade autónoma está demostrando que se está crescendo, que se está xerando emprego, que xera confianza. Iso o Partido Socialista non o pode soportar.

Ben, non teño moito tempo, e non vou repetir todo o que dixer na Comisión sobre as emendas do Bloque Nacionalista Galego.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: Si, xa nos manifestamos na Comisión, e tamén sobre as do Partido Socialista, as do Grupo Común da Esquerda e sobre as do Grupo Mixto.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora PRADO DEL RÍO: Simplemente remato dicindo que son os orzamentos da estabilidade, do crecemento e da creación de emprego, señora Porritt, os dun goberno comprometido con Galicia.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: E así demostran os galegos e as galegas, cada vez que van ás urnas, cal é o modelo que queren: o do Partido Popular.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Pasamos ao seguinte texto lexislativo.

Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, sobre o Proxecto de lei de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Mantéñense as emendas do Grupo Parlamentario Mixto, da 1 á 7; do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a 3, a 5, da 7 á 11, da 13 á 17, da 20 á 23, da 25 á 31, a 33, da 35 á 39, a 41, a 43, a 46, a 48, da 51 á 57 e da 59 á 66; polo Grupo Común da Esquerda, da 1 á 23, da 26 á 28 e a 30; e por parte dos Socialistas de Galicia, da 1 á 17, a 20, a 21, da 23 á 26, da 29 á 32, da 34 á 38, a 40, e da 46 á 70.

Para a presentación do ditame, ten a palabra a vicepresidenta da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, a señora Vázquez Domínguez.

A señora VICEPRESIDENTA DA COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO (Vázquez Domínguez): Grazas, señor presidente.



Boas tardes, señorías.

O Proxecto de lei de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia tivo entrada no Rexistro do Parlamento de Galicia o día 7 de agosto do 2019, co número de asen-tamento 53521.

A Presidencia do Parlamento, mediante a Resolución do 29 de agosto de 2019, dispuxo a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* número 522, do 30 de agosto de 2019. Así mesmo, oída a Xunta de Portavoces, acordouse a súa tramitación pola Comisión 6ª, In-dustria, Enerxía, Comercio e Turismo.

Presentáronse tres emendas á totalidade de devolución, polo Grupo Parlamentario do Grupo Común da Esquerda, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia. Estas emendas foron rexeitadas na sesión plenaria do día 22 de outubro de 2019.

Ao articulado presentáronse 180 emendas: 7 do Grupo Parlamentario Mixto, 68 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, 30 do Grupo Parlamentario do Grupo Común da Esquerda, 70 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e 5 do Grupo Parlamen-tario Popular de Galicia. Estas emendas foron cualificadas pola Mesa da Comisión o 22 de outubro de 2019.

Pola súa parte, a Ponencia foi designada na sesión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Co-mercio e Turismo do 6 de novembro de 2019, e estivo composta polos seguintes ponentes: do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, dona Cristina Isabel Romero Fernández (titu-lar) e don Moisés Rodríguez Pérez (suplente); do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, dona Begoña Matilde Rodríguez Rumbo (titular) e don José Manuel Pérez Seco (su-plente); do Grupo Parlamentario do Grupo Común da Esquerda, dona María de los Ángeles Cuña Bóveda (titular) e dona Luca Chao Pérez (suplente); do Grupo Parlamentario do Blo-que Nacionalista Galego, dona Noa Presas Bergantiños (titular) e don Xosé Luís Bará Torres (suplente); e do Grupo Parlamentario Mixto, don Francisco Casal Vidal (titular) e don David Rodríguez Estévez (suplente). Celebrou a sesión constitutiva o 6 de novembro de 2019, convocada e presidida pola señora Romero Fernández, presidenta da Comisión 6ª, Indus-tria, Enerxía, Comercio e Turismo, e coa asistencia dos referidos ponentes titulares. Nas seguintes reunións estudouse a totalidade deste proxecto de lei, así como as emendas ao articulado presentadas, na procura do achegamento das distintas posicións. Por último, na derradeira reunión, que tivo lugar o 3 de decembro de 2019, a Ponencia emitiu o seu informe.

Posteriormente, a Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, na sesión do 11 de decembro de 2019, aprobou o seu ditame, con sete votos a favor e cinco abstencións, incorporando ao texto do proxecto de lei un total de 38 emendas; en concreto 4 do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, 3 do Grupo Parlamentario Común da Esquerda —unha delas transaccionada—, 12 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia —tres delas transaccionadas— e 19 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego —tres delas transaccionadas—.



Logo da retirada, na fase de ponencia, dunha emenda do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, mantéñense para o seu debate por este Pleno as restantes emendas rexeitadas. Do Grupo Parlamentario Mixto son 7; do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, 49; do Grupo Parlamentario Común da Esquerda, 27; e do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, 58.

Saliéntase, por último, que o Proxecto de lei de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia consta, ademais dunha exposición de motivos, de 4 títulos desenvolvidos en 40 artigos. O título I establece as disposicións xerais, o obxecto da lei, as súas finalidades e determinadas definicións para os efectos do disposto nesta lei. O título II está dedicado ao réxime xurídico do aproveitamento lúdico das augas termais. O título III versa sobre a prelación e compatibilidade entre aproveitamentos terapéuticos e lúdicos das augas termais, e o título IV sobre o réxime de inspección e sanción. Por outro lado, a súa parte final intégrase por tres disposicións adicionais e cinco disposicións derradeiras. A última destas establece a entrada en vigor desta lei, se é o caso, aos trinta días naturais desde a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Cómpre, pois, rematar a tramitación deste procedemento lexislativo coa aprobación, se é o caso, do Proxecto de lei de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia.

Máis nada.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Vázquez.

Pasamos á rolda dos grupos parlamentarios para fixaren a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defenderen as emendas mantidas.

Polo Grupo Parlamentario Mixto ten a palabra o señor Casal Vidal.

O señor CASAL VIDAL: Boa tarde de novo.

Vou intentar ser o máis conciso posible, porque, realmente, o noso traballo na Ponencia desta lei se concentrou nos asuntos máis preocupantes da mesma, segundo o noso criterio. Xa comentei cando se trouxo a admisión a trámite desta lei que nós considerabamos que era axeitado diferenciar os usos terapéuticos dos balnearios dos usos lúdicos, pero non estamos de acordo coa maneira en que se fixo.

Consideramos que o que se plasma nesta lei é un intento de privatización de novo dun ben público como as augas termais e a anulación das competencias municipais para desenvolver ou exercer control sobre a idoneidade das iniciativas que se queiran desenvolver no seu territorio. É dicir, augas lúdicas e termais para quen as poida pagar.

Estamos de acordo absolutamente en dar seguridade xurídica ás iniciativas privadas xa instaladas ou ás que poidan incorporarse e que se queiran desenvolver de novo, pero non barra libre, e moito menos privilexios e privatización encuberta. Pensamos que todo o que nós defendemos nas nosas emendas é compatible con esta seguridade xurídica e con esta posibi-



lidade de desenvolvemento dun potente sector que podería ser, xa o é, moito máis importante na economía, sobre todo en zonas que necesitan dun desenvolvemento económico de emprego de maneira importante.

O primeiro punto que subxace en todas as nosas emendas é deixar claro que as augas termais son un ben público, como é evidente, e por iso hai que garantir o acceso aos usos e beneficios das mesmas a toda a poboación, independentemente da súa situación económica.

O segundo punto que deixo das nosas emendas é a posibilidade de desenvolvemento de equipamentos públicos. E aí fixemos unha emenda para deixar claro que no caso de terreos públicos ou naqueles onde non exista constancia de titularidade os concellos poderán solicitar o título habilitante para desenvolver espazos públicos de xestión directa polo propio concello. Non explicitalo na lei pode dar a posibilidade de dificultar este tipo de iniciativas. Porque, ademais, xa está demostrado que este tipo de instalacións non compiten con outras que se poidan establecer a nivel comercial.

Tamén hai que dar máis énfase á sustentabilidade e á defensa do patrimonio, e non centrarse só nos valores turísticos. A sustentabilidade e a defensa do patrimonio son en si mesmas un dos valores máis apreciados polas persoas que desexan desfrutar deste tipo de establecementos.

Mellorar as garantías sanitarias destes establecementos, e que non acaben sendo hoteis con piscinas climatizadas. Isto iría en contra da calidade da oferta e do prestixio que merece a nosa capacidade termal única.

Non limitar os aproveitamentos lúdicos en perímetros de protección dos establecementos balnearios, para impedir situacións monopolísticas en moitos concellos. Xa digo: eu cando lin este artigo da lei non o comprendín. Entendo que se protexa a sustentabilidade do acuífero, pero impedir que nos perímetros de protección se poida establecer algún tipo de instalación, sobre todo de carácter público, se o acuífero é suficiente e se pode demostrar tecnicamente que pode abastecer as dúas instalacións, parécenos inasumible. E xa digo, en todo caso —vai explicitamente nunha emenda—, que quedarán exentas de todo tipo de limitacións, salvo afectacións inasumibles ao acuífero, as actuacións de carácter público desenvolvidas polos concellos para garantir que un ben público poida ser desfrutado por toda a cidadanía.

Despois, outro eixo dunha das emendas é incrementar as competencias municipais no desenvolvemento e na implementación desta lei. Sendo necesarios nos procesos de concesión informes municipais, que non figuran, onde se cualifique o informe de impacto sociolaboral presentado pola compañía que pretenda ostentar a concesión, que indicará se é axeitado para unha verdadeira vertebración socioeconómica do concello. Isto non ten por que ser unha traba, nin pode entenderse como unha traba, non; isto é unha maneira de cualificar uns proxectos con respecto a outros, e é unha oportunidade única para desenvolver unha actividade que reforzaría claramente Galicia como potencia no turismo termal en España e, como xa se vén demostrando, a segunda en Europa. Polo tanto, faise necesario colocar os concellos no eixo vertebrador da mesma, porque son os que mellor coñecen as necesidades



dos seus concellos e as súas posibilidades e necesidades económicas e sociais. Por iso, para conseguir un maior desenvolvemento social, económico, empresarial e turístico é imprescindible que participen na toma de decisións que lles competen por ser o futuro de instalacións de grande, mediana ou pequena envergadura, decisivas no desenvolvemento dos mencionados concellos, como se ve noutros concellos termais.

Despois, tamén botamos en falta na lei a promoción da economía local e das pemes e cooperativas. Debería de ter a lei unha memoria económica, un compromiso da Xunta de Galicia de desenvolvemento da lei que comprometa a desenvolver incentivos para o desenvolvemento xusto desta lei e impedir que só poidan acceder a estas iniciativas grandes corporacións empresariais.

O máis lóxico e o que máis emprego duradeiro de calidade xera son as iniciativas desenvoltas a partir do propio territorio. Pero é evidente que en moitos casos as posibles cooperativas, as posibles sociedades laborais que se xerasen nos concellos con posibilidades termais, non teñen a capacidade financeira, a capacidade de garantías, etc., que poden ter grandes corporacións hoteleiras ou doutro tipo. Ben, pois a Xunta de Galicia debera garantir que houbera a posibilidade de que iniciativas locais puidesen tamén participar do desenvolvemento deste negocio. Iso tamén faría máis transversal socialmente a explotación deste ben, que —como xa dixen desde o principio— é un ben público.

Non nos parece razoable o prazo de vixencia do título habilitante ata un máximo de cincuenta anos. Este tipo de prazos de cincuenta ou setenta e cinco anos están previstos para grandísimas infraestruturas como, por exemplo, as centrais hidráulicas de gran porte e outro tipo de infraestruturas concesionadas que requiren investimentos masivos. Aquí o investimento é importante pero, evidentemente, non require cincuenta anos para dar unha garantía de amortización. Por iso pensamos que sería máis razoable establecer un período máximo de trinta anos prorrogable, ou sexa, se realmente a explotación, o impacto socioeconómico comprometido co concello se cumpre, non habería problema para poder amplialo, pero cremos que non ten sentido levalo ata os cincuenta anos.

E despois unha cousa que non podíamos crer cando lemos a lei é a imposibilidade de usos compatibles por diferentes operadores nunha mesma zona. Non entendemos que non acepten esta emenda, porque realmente isto é... Á xente que xa ten unha licenza é darlle a garantía de... Ou sexa, é privatizar o territorio en todo o seu ámbito de incidencia. Por iso plantexamos que hai que modificar o artigo que determina que ambos os aproveitamentos balnearios e usos lúdicos poidan ser compatibles, sempre que existan as declaracións necesarias para ambos os usos.

Vostedes din ademais que se poderían compatibilizar, sempre e cando o titular sexa o mesmo. É que isto é... Eu cando o lin non o podía crer. Ou sexa, se o titular é o mesmo, pódese facer; se o titular non é o mesmo ou é un concello, non se pode facer. ¿Pero o problema non é a viabilidade e a sustentabilidade do acuífero? ¿Que diferenza hai no acuífero se o que desenvolve o uso lúdico ao lado dun balneario é o propietario do balneario ou é outra persoa, ou é un concello ou unha administración pública? Isto, eu, a verdade, imaxino que é legal poñer isto, porque imaxino que os xuristas da Xunta de Galicia analizarían este artigo, pero



a nós parécenos que é unha limitación da competencia desde o punto de vista privado e unha limitación de acceso a un ben público por parte das institucións públicas absolutamente inasumible.

Por iso nos pareceu un dos asuntos máis graves e, ademais, un dos que explicita que realmente, desde logo, este artigo eu penso que non o redactaron nin as deputadas e os deputados do Partido Popular, debeuno de redactar quen é o beneficiado directo. Porque eu, a verdade, é que cando o lin non entendín que un artigo concreto dunha lei poida beneficiar de maneira directa persoas e empresas concretas, con nome e apelidos. Paréceme absolutamente inaudito.

Xa digo que é como se de repente o Estado ou a Xunta de Galicia dixeran: o único que pode desenvolver parques eólicos en toda a provincia da Coruña é Naturgy, polo concepto que fora, con nome e apelidos, porque xa ten un, e como xa ten ningún máis se pode desenvolver no seu contorno. É realmente inasumible e espero que poidan, como mínimo, aceptar esta emenda.

Aínda que —xa digo— non fomos moi prolíficos en desenvolver emendas, non quixemos tampouco entorpecer o desenvolvemento da lei, que a consideramos necesaria, pero hai elementos que non se poden renunciar. Deixar claro que as augas termais son públicas e que non se poden limitar utilizacións dese ben público cando sexa posible, cando sexa compatible.

Pouco máis hai que dicir. Fomos concisos na redacción de emendas, moi concretos e nos aspectos que nos parecen verdadeiramente inasumibles desde un punto de vista da consideración dun ben público para uso da cidadanía.

Nada máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Casal.

Ten a palabra en nome do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidente.

Boa tarde de novo a todos e todas.

Eu quería comezar recordando como antecedente que desde o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego nos opuxemos inicialmente a este proxecto de lei. De feito, como se recordaba na intervención da secretaria da Comisión, presentamos unha emenda á totalidade no seu momento, de devolución, por entendermos que este proxecto non estaba á altura das circunstancias, nin resolvía os problemas existentes, nin sentaba tampouco as bases para desenvolver todos os retos de futuro que ten o sector enriba da mesa neste momento, con base en tres cuestións fundamentais, que para nós non estaban debidamente incluídas na lei, como son o equilibrio territorial, a xustiza social e o desenvolvemento socioeconómico.



Non tivemos éxito como xa quedou constancia nese proceso de devolución. E unha vez máis, unha entre tantas na última década, vimos como o Partido Popular preferiu seguir coa súa folla de ruta, cando insistiamos desde os grupos da oposición que era mellor sentarse a falar e facer este procedemento doutra maneira.

En todo caso, nós entendiamos que nese momento iso obedecía sobre todo a dúas necesidades do Partido Popular: por unha banda, ocultar os incumprimentos da súa propia folla de ruta, pois hai que recordar que esta lei era unha promesa xa dos comezos de 2017, e, por outra banda, a falta de proxecto de modelo que hai para o desenvolvemento termal. De aí que estivese fundamentada en máis brindes ao sol e en máis elucubracións do que en estudos e en realidades e un consenso real cos concellos, co sector e un longo etcétera.

E como algo sintomático, por exemplo, vimos que este proxecto se desenvolvía sen facer unha avaliación do que foi o Plan de turismo termal, que, por certo, xa contemplaba a propia revisión do marco lexislativo antes do ano 2015. Seguramente, se non temos unha avaliación deses resultados, é que non hai demasiados resultados dos que presumir.

En todo caso, nós advertiamos de todas estas circunstancias porque entendiamos que corriamos o risco de que este proxecto engadira máis incertezas regulatorias e de que puidera desvirtuar o noso mapa termal e a súa idiosincrasia, que se ten construído con tanto esforzo, tanto desde o sector público como do sector privado.

Entendiamos, entón, que había dúas posibilidades diante dunha necesidade, porque nós non negamos que haxa unha necesidade de regular un tipo de aproveitamentos termais, que realmente quedaron orfos no marco normativo actual. Pero, en todo caso, parecíanos que iso se podía solventar ben cunha reforma da Lei de balnearios ou ben facendo unha nova lei ambiciosa, e aproveitando para lexislar e para apostar sobre outras cuestións que deben estar enriba da mesa. O certo é que o Partido Popular renunciou a ambas as dúas cuestións e mantivo este proxecto de lei, que para nós era unha terceira vía un tanto mediocre, que viña a ser un refrito tanto da Lei de balnearios como da Lei de minas, e unha venda de cuestións que, nalgún caso, para nós introducía máis riscos do que certezas.

En todo caso, aínda que a nós nos tería gustado que o proceso e o punto de partida fosen outros, intentamos, a través da nosa batería de sesenta e oito emendas, desenvolver achegas en dous sentidos:

Dunha banda, moitas delas facían referencia a sobradas diferenzas que temos desde o Bloque Nacionalista Galego respecto do modelo termal que debemos desenvolver. Así, insistiamos, por exemplo, na súa función social, e facemos fincapé tamén no termalismo como ben público, na súa vertente lúdica, pero sempre en harmonía tamén co seu carácter reparador; apostabamos pola participación pública das administracións —dos concellos, si, pero tamén da propia Xunta de Galiza— como tractor da nosa economía e apostabamos tamén pola democratización no acceso.

Engadimos tamén outro bloque de emendas, non tanto de fondo político, senón de diferenza de modelo, que é lóxico que o Partido Popular non quixera entrar a discutir con demasiado detalle e aprobar.



Pero si que engadíamos outra batería de emendas —por así dicilo— máis rudimentarias ou máis facendo iso que cando vemos películas sobre traxedias e grandes accidentes se chama «control de danos». Eran emendas destinadas, dentro deste marco que non nos gusta, a evitar algúns riscos que nós víamos, a subsanar algunhas ausencias respecto do marco normativo de 1995 e da propia Lei de minas de 2008, e así evitar que, por exemplo, puidera haber desigualdades manifestas nos diferentes tipos de aproveitamentos, así como evitar algunhas cuestións que nos parecían riscos respecto da salubridade, respecto do medio ambiente, respecto do propio modelo de termalismo.

E o certo é que, finalmente, destas sesenta e oito, dezaseis foron tidas en consideración e dúas foron transaccionadas. Tendo en conta que hoxe levamos tramitadas xa outras dúas leis nas que tivemos cero e cero, eu facía a brincadeira cando tivemos o debate en comisión de que case parecía que nos tocara a lotaría. Pero, en todo caso, non é que o pensemos desa maneira, senón que, realmente, o que concluimos é que tanta aceptación deste volume de emendas o que evidencia é que tiñamos razón en dous aspectos que advertiamos:

Dunha banda, que esta lei non chegaba coa reflexión adecuada, non chegaba co perfeccionamento adecuado, e que, polo tanto, era caótica desde o punto de vista da organización formal e mesmo nalgúns cuestións de expresión, que había conceptos que non estaban en consonancia coa lei do 1995 e coa Lei de minas, e un longo etcétera.

E, polo tanto, entendemos que tamén nun segundo aspecto nos dá a razón de que o procedemento non era o máis idóneo. Eu mesma no debate de totalidade puña o exemplo da tramitación da Lei galega de minas, a primeira lei autonómica ao respecto, que tivo máis de seis meses de Ponencia e que tivo unha consulta previa importante co sector e con persoas expertas.

En todo caso, intentamos con este tipo de emendas, dentro de que non é o noso modelo ideal, achegar en positivo cuestións para o sector. Non nos parece suficiente, pero eu quería pór en valor algunhas das cuestións que se introduciron no texto, non sen antes agradecer tamén a todas as persoas que nos axudaron neste camiño e tamén á Asociación de Balnearios, que nos trasladou varias achegas.

Dentro das emendas que foron aceptadas, hai algunhas que —como dicía— nos parecen que buscan incrementar a seguridade xurídica, como sería a 6 e a 12, harmonizando coa Lei de balnearios, ou a 18 e a 24, engadindo a exixencia do plan de restauración á hora de solicitar o plan de peche. Isto podería parecer unha cuestión obvia, pero tendo en conta os precedentes aos que nos ten acostumados a Dirección Xeral de Minas do Goberno do Partido Popular, cantas máis precaucións se poñan no texto legal mellor será.

Hai algunha outra emenda, como a 19, que amplía o prazo de exposición pública de vinte a trinta días hábiles, aínda que a nós nos gustaría que houbera outras medidas de transparencia, porque non se facilita o acceso como se pedía nas nosas emendas aos proxectos. A emenda 32, por exemplo, que brinda o dereito das persoas titulares a solicitaren dos órganos das consellerías pertinentes a observancia ou a actuación diante de feitos que poidan entender que van en detrimento da calidade e do aproveitamento. A emenda 40, que blinda



condicións laborais. Ou a emenda 42, que mellora a claridade dos servizos ao consumidor. Ou a 44 e a 47, que, por exemplo, fan que non ter un seguro de responsabilidade civil ou a garantía financeira que se solicita sexa unha sanción moi grave, e non simplemente grave como se contemplaba inicialmente.

Tamén creo que cómpre facer unha mención ao esforzo colectivo que houbo dentro da Ponencia. E grazas tamén ao traballo da letrada da nosa comisión a respecto do apartado das infraccións, que é certo que tivo unha evolución no marco normativo desde a propia lei de 1995, e que foi necesario adaptar e acompasar.

Estas cuestións para nós son pequenos pasos adiante, que non queremos desmerecer, pero o certo é que, pónndoos na balanza, tememos que non sexa suficiente para que con esta lei poida pasar o mesmo que comentabamos hai uns minutos noutro debate coa Lei de patrimonio, que nada máis aprobarse aos poucos meses xa estaba sendo modificada na Lei de acompañamento. Non sabemos se este texto legal terá a mesma sorte, pero nós, desde logo, entendemos que non sae o suficientemente reforzado como para que non sexa así.

Este procedemento tamén nos deixou manifestas as incoherencias do propio Partido Popular, porque, por exemplo, aceptaron unha emenda do Bloque Nacionalista Galego ao obxecto desta lei, precisamente para recoller a necesidade da coexistencia, da convivencia e do equilibrio co aspecto terapéutico e coa valorización patrimonial e cultural do termalismo —algo que sobre a teoría parece que todas e todos estamos de acordo—, pero é que logo cuestións concretas respecto da protección patrimonial que se pon enriba da mesa son votadas en contra. Tamén se renuncia a ter un plan específico de valorización patrimonial, tendo no noso país exemplos, como a degradación de Mondariz, que non son aceptables. Tamén se incorporan no artigo 2, por exemplo, o uso industrial dos aproveitamentos termiais, pero aparecen como unha mera anécdota. Polo menos, o aspecto industrial tivo máis sorte do que o terapéutico, que —insistimos— é unha incongruencia que non se recolla dentro dos ámbitos da lei.

En todo caso, quería facer fincapé agora nas cuestións que non se resolven. Baixo o noso punto de vista, este proxecto de lei continúa a adoeecer dunha óptica moi parcial, está moi centrado só no aspecto lúdico e ofrece un risco de distorsión do que é o noso mapa termal, e tamén nos preocupa, cando escoitamos falar o grupo que sustenta o Goberno, esa obsesión como cultivo do turismo. E volvemos insistir: Galiza é turismo, o termalismo é turismo, pero tanto Galiza como o propio termalismo son moito máis que turismo, e non podemos dedicarnos só a ese sector.

Tamén insistimos en que se mantén a demagogia co desenvolvemento económico. Di que esta lei vai favorecer o desenvolvemento económico, especialmente do interior do noso país, pero unha vez máis non hai medidores obxectivos, renúnciase a facer calquera tipo de monitorización que permita obxectivar se realmente funciona en termos socioeconómicos ou non, e renúnciase a aprobar posibilidades de que isto se controle coa participación do sector, do propio CES, que xa sabemos que lle dá alerxia ao Partido Popular, e tamén cos propios concellos.

Tamén nos parece que se obvia unha vez máis a función social do termalismo. Nós insistimos en que o termalismo é hábito cultural e en que estamos a desaproveitar tamén a valorización deste aspecto máis popular.



Insistimos na cuestión de patrimonio, renúnciase a exixir o informe da consellería competente, tamén a desenvolver un plan de conservación especial.

Respecto do aspecto industrial, xa sen levalo ao debate de aspectos como o enerxético, tamén é rechamante que habendo universidades galegas, habendo un Campus da Auga, habendo unha Cátedra de Hidroloxía, pois que non se aposte, por exemplo, pola vía de industrialización de cosméticos, pola vía doutras posibilidades que se teñen estudado no noso país.

Para nós tamén é moi importante e moi negativo que se teña renunciado unha vez máis á participación pública. Sabemos que o grupo do Goberno lle ten alerxia a esta expresión, pero nós entendemos que a auga e a auga termal son bens públicos e que, polo tanto, as administracións públicas non se poden desatender de facer unha función de titorización. Iso non quere dicir que se extinga a empresa privada. Pero tamén entendemos que neste contexto xa de inicio dunha nova recesión económica é iluso e totalmente irreal aspirar a que absolutamente todas as planificacións vaian promoverse desde o ámbito privado. É renunciar tamén a que poida haber modelos mixtos. E máis aínda cando todos temos na nosa cabeza modelos dese tipo que funcionan, que funcionan moi ben e que crearon unha cultura ao seu respecto que non debemos deixar de lado.

Entendemos tamén que neste proxecto de lei hai ausencias imperdoables. É unha nova oportunidade perdida para falarmos das augas que son frías e que teñen propiedades minero-medicinais, e apostar tamén por conectar co resto do termalismo este aspecto. Perdemos outra oportunidade de valorizar algo propio como son as augas e as fontes de uso popular. Nós nas nosas emendas propuñamos, por exemplo, a creación dun rexistro, e algo tan elemental como é iso pois é desbotado.

E entendemos que tamén hai cuestións graves que quedan enriba da mesa. Para nós hai un debate, por exemplo, que se renuncia a dar unha vez máis, que é o da competencia sobre as augas. Temos no noso país, especialmente nalgunha provincia como Ourense, maioritariamente bacías que pertencen ao Goberno central, a xestión dos nosos ríos a cincocentos quilómetros de distancia. E sabemos que iso na realidade cotiá ten moitos problemas: ten problemas para detectar sitios aproveitables desde o punto de vista termal, ten problemas na xestión de permisos, ten moitos problemas que se renuncian a dar.

No debate que tivemos na Comisión, algún grupo dicía que se entremetía demasiado o Goberno do Partido Popular en competencias que rozaban coa complexa lexislación de minas, coa complexa lexislación da auga e con moitas competencias que non están clarificadas. Nós apelamos precisamente ao contrario, e esperamos que co paso do tempo se unan vostedes a cuestionar máis ese marco, porque realmente é unha dificultade que podemos facer como que non existe, pero que está aí, está no día a día e non se atende nin se reflexiona.

Tamén nos parece preocupante que esta lei naza orfa de algo fundamental, que é o orzamento. Hai escasas horas aprobamos os orzamentos da Xunta de Galiza, que non introducen nin un só euro para o desenvolvemento desta lei. A súa memoria económica cativa afirmaba que non precisa dun só euro público para desenvolverse. Nós, desde logo, cremos que as cousas gratis e co aire non se desenvolven e que neste momento económico sería necesario un impulso por parte da propia administración.



Por último —remato xa—, hai unha cuestión que nos preocupa pondo na balanza as cuestións que se incorporan e que non nesta lei: que se poida manter unha certa confusión entre o aspecto lúdico e o aspecto termal, que nós entendemos que son cuestións que coexisten, que conviven, que é certo que hai unha parte dos aproveitamentos do noso país que están orfos dun marco máis específico, que iso se necesita. Pero a nós preocúpanos que esta lei vaia por máis incerteza do que certeza.

Estes son os motivos polos cales non nos satisfai completamente en absoluto o resultado que ten chegado a este punto de debate.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señora Presas.

Polo Grupo Común da Esquerda ten a palabra a señora Cuña Bóveda.

A señora CUÑA BÓVEDA: Boa tarde, señor presidente.

Boa tarde, señoras deputadas e señores deputados.

Ben, a propósito desta lei, primeiro, dicir que dende o Grupo Común da Esquerda nós fixemos unha emenda de devolución á totalidade. Pero, con todo, procuramos implicarnos no que é a mellora normativa facendo emendas parciais, que xa esperabamos que non tivesen practicamente ningún éxito, pois case todas foron rexeitadas, como era de esperar.

Obviamente, non compartimos para nada a súa postura política, que é evidente xa na exposición de motivos deste proxecto de lei. Vostedes salientan a termalidade como unha propiedade, e nós cremos que hai que defender o uso público fundamentalmente. Si que xoga un papel fundamental na industria do turismo, pero o enfoque é absolutamente, diametralmente, oposto. Vostedes saben, ou deberan saber, que as augas continentais superficiais tanto como as subterráneas renovables constitúen un recurso unitario subordinado ao interese xeral, que fai parte do dominio público estatal.

Nós faremos nove consideracións, porque as consideracións polo miúdo xa se fixeron na Comisión 6ª case artigo por artigo. Agora faremos consideracións xerais, pero que consideramos moi importantes. Ademais, imos procurar dar resposta argumentada ao seu propio relato, ás súas propias —digamos— liñas publicitarias de por que esta lei era necesaria.

Vós falades de lei pioneira; nós somos un grupo que estamos dicindo rotundamente que esta lei é innecesaria. ¿Por que? Nós cremos, de verdade, que debера existir unha lei xeral de augas minerais e termais e os seus usos. Cremos isto, por iso a consideramos innecesaria. Ou como moito reformar a Lei 5/1995, xa que nesta referida lei o que se fixo foi facilitar a privatización de facto das augas termais. Dende o noso punto de vista, un grave erro no que reincide a proposición desta lei.

Quero dicirlles tamén para sustentar a nosa argumentación que o concepto de augas termais xa está definido, está definido no artigo 2.c) da Lei 5/1995, de balnearios de Galicia. Falando



do que está definido ou que non, o que si non está definido é o concepto de poza termal, o concepto de fontes e mananciais termais de uso tradicional. É de tal maneira que nós cremos que quedarían fóra elementos como As Burgas, O Tinteiro ou Reza, e isto é porque está sen definir.

Os expertos. Nós tamén falamos coa Asociación de Balnearios, falamos con expertos, falamos coa xente do Campus da Auga, falamos con físicos, falamos con xeólogos. É a nosa encomenda. Xa que lles gusta tanto falar de rigor, procuramos en serio ser rigorosas. Por certo, unha paréntese: no documento que nos pasan coas alegacións dos grupos xa aumentamos unha dioptría as que somos miopes, e imos pasarlles a factura, porque a letra é máis pequena que a mínima que hai. Eu —xúrolles— tiven que utilizar lupa, non vía nin con gafas, ¡eh! É certo, e por algo será. Non lles interesaba moito que leramos con axilidade. Non estaba en PDF, estaba en papel. Ben, os expertos, señoras e señores, consideran imprescindibles que sexan consideradas estas, que non haxa un limbo lexislativo para estes elementos termais.

Outro argumento que vostedes esgrimen é que é unha lei moi demandada. E nós dicimos: ¿por quen? Ben, pode ser moi demandada polo sector empresarial, e isto non é nin malo nin bo, pode ser lexítimo; si, é lexítimo. Pero cando din polo sector social, nós dicimos contundentemente: así non. ¿Por que? Porque si hai unha gran protección ás empresas turísticas, pero ¿cal é o beneficio social da poboación?

Ourense, segunda capital termal despois de Budapest. O nivel de temperatura das augas de Ourense supera en moitos lugares os sesenta graos centígrados; noutros, o corenta e pico por cento. É segundo despois de Budapest. ¿E onde está Ourense? Unha cidade que está potenciadísima, que vive moi ben, é unha cidade que está vivindo realmente a malversación máis absoluta de toda Galicia, sendo unha potencia riquísima a nivel termal. Por iso nós preguntamos como é posible. Porque tamén queremos saber u-los informes, preguntamos onde están os informes que garantan o desenvolvemento económico e social da poboación onde xorden estas augas. ¿Como é posible que non se requira información relevante sobre o impacto na economía, na empregabilidade, no desenvolvemento turístico do lugar onde se asenta un proxecto de explotación termal? Non aparece. Cando nós dicimos —¿por que non?— que isto reverta realmente na cidadanía.

Hai unha suxestión que non é nosa, pero á que nós si lle damos altofalante, porque é o que temos que facer, é a nosa encomenda. E cando se plantexa un plan que fomente o cooperativismo, de xeito sostible, e que pequenas empresas poidan participar do tecido empresarial asociado ás augas termais, a resposta que nos dan é de que este non é o obxecto. Claro que non, o obxecto é a auga. Esta demanda non está no título primeiro, está no título terceiro. E do mesmo xeito que as grandes empresas, as empresas afíns ou as empresas xa instaladas, que son os destinatarios reais da protección e do fundamento xurídico desta lei, pois pode ser compatible tamén o aproveitamento. Está dentro da compatibilidade, pero vostedes dinos que non, que non está dentro do obxecto. ¡Claro que non!

Asemade, non explican por que non se prevén áreas de xestión directa municipal. ¿Por que non? E dinnos —a resposta é increíble, increíble e un pouco aldraxante—: non queremos invadir as competencias dos concellos. Non estamos falando de invasión de competencias, es-



tamos falando de xestión dos municipios, que vostedes deixan moi fóra disto. Porque concellos como o de Ourense, onde abrollan augas susceptibles de aproveitamento, teñen moito que dicir. Houbo falla real de participación de moitos concellos, non só de Ourense, tamén Cuntis e outros máis. Os consistorios estiveron moi ausentes na elaboración do anteproxecto e do proxecto. Non así outras empresas interesadas, posiblemente —como xa dixemos—, con toda a lexitimidade, en lucrarse das augas públicas.

Ben, falemos logo do obxecto. O obxecto non está, señoras e señores, claramente acadado no desenvolvemento dos artigos desta lei. Insistimos nun erro, un erro que nós tamén recoñecemos, porque nolo fixeron ver, e ao mellor hai que explicalo mellor: o aproveitamento lúdico é o aproveitamento dos establecementos, non da auga, porque da auga non pode distinguirse o uso lúdico do uso terapéutico. ¿Que significa que un uso sexa inherente? As augas termais teñen —é algo inherente— a calidade terapéutica. ¿Como distinguen estes usos? É un erro brutal. Realmente «intrínseco» significa esencial, permanente, que fai parte da súa natureza, que non depende de algo externo. Non sei se se entende así. Ao mellor, explicámolo mal, pero dixémolo cinco veces publicamente, en comisión, aquí, e repetímolo. Falen, por favor, de aproveitamento lúdico, se queren, dos establecementos, non das augas termais. De verdade que o enfoque está moi errado.

Por iso cando nós dicimos que é que está mal o título, vostedes din: ¡que tontería! Claro, opoñémonos ata no título. Pois, ¡claro!, pero argumentando. Déannos argumentos que tomen isto que estamos dicindo; argumento con argumento. Porque nós non consideramos que o noso traballo como deputadas sexa facer monólogos, e cremos que hai que entrar en diálogo, e o diálogo pasa pola argumentación. E cando falamos de modelos distintos, vostedes defendan o seu, pero respecten tamén os dos grupos da oposición, que temos tanto dereito coma vostedes, e estamos vivindo permanentemente un insulto, que non crítica —matice-mos entre o que é crítica e o que é insulto—, un insulto sistemático ás nosas propostas ben argumentadas.

Falen de regular os diferentes aproveitamentos. Ben, insistimos en que, por moito que se empeñen, os aproveitamentos son indisociables. O aproveitamento lúdico é terapéutico e intrínseco. ¿Alguén dubida aquí de que a auga termal é un recurso terapéutico? Se alguén o dubida que o argumente.

Por outra banda, ¿por que non é esencial, por que non é necesaria esta lei? Os *spas* e outro tipo de centros similares xa se atopan lexislados e funcionando. Non existe baleiro legal como di o Partido Popular.

Vostedes afirman que confundimos o que é dominio público... Ben, díganos, por favor, como é posible que se lles outorgue un beneficio a meros titulares privados e autorización de aproveitamento e o dereito exclusivo de aproveitamento. ¿Cal é a súa prioridade política? Só favorecer a empresas afíns prexudicando o interese xeral. Pois a verdade é que parece que si.

Señora deputada do PP, sabemos o que pode ser o aproveitamento público dun ben público, porque a auga é un ben público. Entón, ¿como é posible, entre outras cousas, que digan na



súa propaganda ou na súa promoción que van protexer a integridade patrimonial e cultural? ¿Como é posible que digan isto? Minimizan e ignoran a concepción ampla de aproveitamento das augas. En ningún momento da lei hai alusión ao patrimonio, á arqueoloxía, á historia, ao intercambio e ao beneficio para a cidadanía, para uso público dun ben público, para satisfacer as necesidades colectivas de todos os estamentos da sociedade, non só de quen ten recursos económicos e que transcende os intereses individuais.

É que, de verdade, o PP leva moito tempo gobernando, pero na época dos romanos, que eu saiba, o PP non existía, e xa existían as termas. Agora, tan só dende a ausencia de visión global do patrimonio se entende, por exemplo, que se ordene tapar unha xoia orixe dos nosos balnearios termas como é a sauna da Idade de Ferro en San Cibrao, no castro da Atalaia, no concello de Cervo. Isto é, dende o noso punto de vista, un auténtico atentado.

Tamén falan de compatibilidade na instrución. E para crear un estamento novo requiren unha morea de informes, informes de diferentes consellerías, de consellerías con variadas competencias. Moi ben, podemos entendelo, pode haber moita transversalidade. Nos procedementos de autorización isto pídeselles aos novos establecementos lúdicos, pero cando dúas actividades teñen que compatibilizarse non se pide, non se indica. Isto é un paradoxo, e déixanos perplexas tamén.

En fin, unha cuestión desexable sería que regulasen os conceptos desde os procedementos básicos.

Quero aproveitar, e seguirei despois na réplica, para falar do tema dos perímetros de protección. Por favor, os perímetros de protección, señoras e señores, están concibidos para a protección dos acuíferos, non para a protección dos balnearios. Están establecendo e integrando unha figura que non existe na actual lexislación. Os perímetros son de protección dos acuíferos, non dos balnearios. Isto pode dicírllelo calquera, é un auténtico despropósito.

Cando falan de consenso na tramitación é mentira; isto está elaborado só con algunhas partes...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora CUÑA BÓVEDA: Máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Cuña.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Sinto que nestes intres non se atope a señora Paula Prado, pero despois en calquera caso pódennlle trasladar a miña mensaxe. ¡Ah!, xa vén aí, vale, pois perfecto. *(Risos.)* Señora Paula Prado, quería facer referencia un pouco á lectura do pleno, ese ao que vostede aludía, no que eu, efectivamente, lle dicía á señora Sandra Vázquez que as notas que lle pasaran non eran



correctas. E vostede, señora Paula Prado, dende ese sitio tachoume de «machista». Si, pode mirar o vídeo. E por iso precisamente eu digo nas miñas palabras que eu non consinto que me chamen... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, mire o vídeo. Dende esa bancada vostede chamoume «machista». (*Aplausos.*)

Na miña intervención daquel día, e tal como vostede seguiu lendo nese *Diario de Sesións*, expliquei claramente que eu nunca me refería ao discurso, referíame aos datos, porque entendo que os datos a vostedes seguramente llelos pase a Xunta de Galicia ou se nutren noutras fontes, ao igual que facemos nós. Pero non puxen en dúbida en ningún momento que ningún lle fixera o discurso a ningún deputado e a ningunha deputada desta cámara. Polo tanto, señora Paula Prado, o seu feminismo tamén é de hojalata; o que vale para os outros tamén ten que valer para vostede.

Ben, hoxe estamos no pleno da aprobación da Lei do aproveitamento lúdico das augas termais.

Galicia é unha das rexións europeas máis ricas en augas minerais e termais, sendo a comunidade líder en España en canto a oferta termal. En Galicia temos 21 balnearios, con máis de 3.000 prazas hoteleiras, o que supón en torno ao 20 % dos establecementos nacionais; recibe anualmente preto de 150.000 usuarios; e, segundo os datos do Ministerio, en 2017 —que é o último dato publicado— Galicia, no sector dos balnearios, dá emprego a unhas 800 persoas, das que o 71,5 % son mulleres. Boa parte deses 300 mananciais de augas mineiro-medicinais existentes en Galicia son augas termais, e as augas termais son un recurso natural cada vez máis demandado dende varias vertentes: a terapéutica, a turística, a cultural, a patrimonial e a industrial. Xa que logo, as augas termais supoñen unha oportunidade de desenvolvemento local xerador de investimento e de emprego nas zonas onde se atopan, e resalta o seu enclave na Galicia rural.

Os socialistas concordamos totalmente coa afirmación feita polo presidente da Xunta de Galicia na que di que o termalismo é estratéxico para Galicia. Porén, neste proxecto de lei o termalismo non é tratado como un sector estratéxico.

Os socialistas presentamos 70 emendas ao articulado deste proxecto de lei, das que só se aceptaron 9 —é dicir, o 13 % das presentadas polo noso grupo— e 3 foron transaccionadas, que en realidade son transaccionadas tamén con outros grupos e quedan cunha redacción proposta pola letrada da comisión encargada da elaboración da ponencia. Polo tanto, son transaccións máis que nada de redacción e de clarificación do texto lexislativo.

Das 180 emendas presentadas polos catro grupos da oposición só foron aceptadas 28 —é dicir, o 15,5 % do total das emendas presentadas— e 7 transaccionadas; unha mostra máis desa arrogancia política e desa ausencia de afán dialogante do Partido Popular ao que xa se aludía hoxe pola mañá na aprobación tanto dos orzamentos da comunidade autónoma como na Lei de medidas administrativas e fiscais. Por certo, nas emendas aceptadas a súa maioría non recolle ningunha cuestión esencial máis aló dalgún matiz. Parece difícil entender que só 28 emendas poidan ter cabida para mellorar este texto lexislativo. (*Murmurios.*) As emendas presentadas por este grupo parlamentario foron froito das reunións mantidas cos actores implicados na regulación desta lei: co sector, cos concellos e con expertos.



En canto ás 70 alegacións presentadas polo noso grupo parlamentario, temos que dicir que o artigo 1, na propia nova redacción que se acordou no informe da ponencia e na que se acepta unha emenda presentada polo BNG, na que di textualmente: «harmonía co aproveitamento terapéutico e coa valorización patrimonial e cultural», reafirma a idea argumentada polos socialistas de que non é preciso aprobar unha nova lei, senón que o correcto sería unha modificación integral da Lei 5/1995, que está na actualidade. Deste xeito elaborariamos un único texto normativo adaptado á nova realidade das augas minerais e termais do século XXI que contemple os distintos usos das augas minerais e termais e que unifique os criterios, dotando así a norma de maior seguridade xurídica; un texto único que iría acorde coas propias directrices de técnica normativa aprobadas pola Xunta de Galicia, evitando a dispersión normativa que complica o ordenamento e dificulta o coñecemento e a localización da normativa aplicable.

Vostedes rexeitan a nosa primeira emenda, unha emenda que di literalmente: «As augas termais, como as minerais e as de manancial, constitúen un recurso declarado de utilidade pública que forma parte do dominio público hidráulico». É dicir, o Partido Popular rexeita considerar como principio básico que toda a auga é un ben de carácter público; xa que logo, as augas minerais e termais tamén o son. E rexeita regular as augas termais e minerais conforme a regulamentación da Lei de augas.

Neste mesmo sentido van moitas das nosas emendas posto que os socialistas cremos que é un grave erro que sexa a Lei de minas a que regule estas augas e que deba ser quen teña competencias en materia hidráulica. Polo tanto, esta sería unha boa oportunidade para co-rrixir este erro, ben coa aprobación desta lei ou ben —como propoñemos os socialistas— coa modificación da lei existente.

O artigo 132.2 da Constitución española determina que a auga, con independencia da súa clasificación e tipoloxía, é un recurso natural integrado no dominio público natural. E, no mesmo senso, temos lexislación dabondo que corrobora esta afirmación, como pode ser a Sentenza do Tribunal Constitucional 227/1988, ou a Directiva Marco da Auga, Directiva 2000 do Parlamento e do Consello, do 23 de outubro do 2000. Ou o artigo 1.3 do Texto refundido da Lei de augas do ano 2000, que non deixa lugar a dúbidas, e que di literalmente: «As augas continentais superficiais, así como as subterráneas renovables, integradas todas elas no ciclo hidrolóxico, constitúen un recurso unitario subordinado ao interese xeral que forma parte do dominio público estatal como dominio público hidráulico». Xa que logo, as augas minerais e termais son auga e teñen que ser tratadas como un recurso subordinado ao interese xeral. Todas as augas en España e todos os minerais son públicos, agás, paradoxalmente, as augas minerais e as augas termais; polo que debe abordarse xa un cambio normativo, deben ser tratadas dentro do réxime xurídico legal das augas e deben ser declaradas todas elas de titularidade pública.

Na outra emenda que presentamos os socialistas ao artigo 2, na que se fala das finalidades da lei e que tamén foi rexeitada polo Partido Popular, nós poñiamos: «Poñer en valor turístico o aproveitamento lúdico das augas termais, estruturando a oferta, os recursos e os servizos a través da realización dun plan e das medidas que potencien o destino a Galicia». Con esta emenda intentamos dar máis contido á lei para que todos os actores implicados traba-



llen conxuntamente no aproveitamento dun recurso turístico importante, pero que estea estruturado a través dun plan con medidas concretas que favorezan a realización dunha oferta coordinada e controlada.

No artigo 5 —que tamén foi rexeitada a emenda polo Partido Popular—, que fai referencia ao procedemento de declaración das augas termais aptas para o aproveitamento lúdico, os socialistas cremos que non é suficiente cun informe preceptivo da consellería competente en materia de sanidade. Polo tanto, propoñemos que este debe ser vinculante, e ademais que deben de estar definidos previamente os parámetros, así como que se deben establecer os procesos de control e verificación permanentes. Son emendas que, como digo, tamén foron rexeitadas polo Partido Popular.

O artigo 7, referido ao aproveitamento lúdico en perímetros de protección de establecementos balnearios, no punto 1 di que as persoas titulares de autorizacións ou concesións para usos terapéuticos en establecementos balnearios terán dereito... E os socialistas propoñiamos unha emenda —que tamén foi rexeitada polo Partido Popular— na que se establecía que terán dereito de acordo co cumprimento dos criterios que estableza e verifique a Administración no aproveitamento das augas termais. Esa puntualización que a nós nos parece moi importante tamén foi rexeitada polo Partido Popular.

E no punto número 2, no que di que se lle dará audiencia á persoa titular da autorización ou concesión para que manifieste, nós, os socialistas, presentamos unha emenda porque nos parece que non pode ser só cunha manifestación, senón que debe estar acreditado por un informe técnico se os traballos ou actividades que comporte o dito aproveitamento lúdico prexudican ou non o normal aproveitamento das augas obxecto da autorización ou concesión outorgada para usos terapéuticos en establecementos balnearios. Como digo, estas emendas tamén foron rexeitadas.

No artigo 8, sobre a solicitude, os socialistas propoñemos engadir unha serie de especificacións que deben estar contidas no proxecto xeral de aproveitamento suscrito por un técnico competente, así como as especificacións que deben estar no estudo xustificativo da necesidade do perímetro de protección. Tamén solicitamos un novo apartado co calendario de execución e orzamentario dos investimentos. Son emendas que engadirían seguridade xurídica a este texto lexislativo.

Tamén consideramos importante que na solicitude se deba presentar unha previsión no relativo ao número e ás características do persoal que se prevé contratar, mirando as habilidades e coñecementos necesarios para dar un correcto desenvolvemento das funcións técnicas ou tarefas que se vaian desenvolver e que estean definidas regulamentariamente pola Comunidade Autónoma galega.

No artigo 16 —que tamén foi rexeitada en prazo de vixencia e prórroga do título habilitante— na emenda nosa propoñíase que calquera explotación das augas obxecto desta lei que non obtivese a necesaria concesión ou autorización, de ser o caso, fose considerada ilegal e que o organismo competente ordenase a inmediata paralización dela. Pero esta emenda tamén foi rexeitada.



No artigo 18, sobre a caducidade do título habilitante, os socialistas propoñiamos que nos apartados b), d), f) e h) fora preciso un informe da consellería competente en materia de sanidade, e ademais que este informe fose vinculante. Son informes moi importantes para os seguintes condicionantes: a perda da condición termal das augas obxecto do aproveitamento, a diminución do caudal do acuífero que impida a súa explotación nas condicións establecidas no título do aproveitamento, a contaminación irreversible do acuífero ou o incumprimento das condicións impostas na autorización ou concesión cuxa inobservancia estea expresamente sancionada coa caducidade. Polo tanto, nós entendemos que para determinar este tipo de cuestións é vinculante un informe da consellería competente en materia de sanidade.

No artigo 20, *Modificacións*, fálanos dos casos nos que as características técnicas da modificación pretendida supoñan unha alteración substancial do aproveitamento inicial autorizado ou concedido, e os socialistas presentamos unha emenda para non deixar esa alteración substancial a unha determinación subxectiva.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Polo tanto, o que pretendiamos era que se regulase e que se entendese cando a alteración fose superior ao 10 % do aproveitamento na cantidade autorizada ou obxecto da concesión. Esta emenda tamén foi rexeitada.

Como teño un segundo turno, seguirei coa miña exposición.

Pola miña banda, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Romero Fernández.

A señora ROMERO FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Boa tarde, señorías.

Boa tarde tamén aos representantes do sector que nos acompañan e aos representantes da Cámara mineira. É un pracer contar sempre coa súa presenza nestes plenos cando se tratan asuntos que lles afectan.

Estamos no último paso da tramitación parlamentaria dun proxecto de lei pioneiro no Estado español; pioneiro porque é a primeira comunidade autónoma que regula un aproveitamento das augas termais distinto ao terapéutico, dando resposta a unha realidade existente —isto ninguén o dubida— e a unha demanda da sociedade actual. ¿Queren saber quen é a sociedade actual? Os usuarios, o sector, o turismo, os turistas.

Antes de falar das emendas e logo de escoitalos tanto no debate de totalidade como en comisión, cómpre aclarar tres cuestións básicas que desmontan dun xeito transversal os seus



argumentos e explican por que a maioría das súas emendas son inaceptables. En primeiro lugar, o que se pretende con esta lei, o espírito da lei, o motivo polo que nace esta lei, que vostedes todos pretenden modificar. En segundo lugar, o réxime xurídico das augas termais, que esta lei nin pretende nin pode modificar. E, en terceiro lugar, a regulación existente dos perímetros de protección, que descoñecen ou, o que é peor, están dispostos a incumprir deliberadamente.

O que pretende esta lei é dar resposta a unha realidade diferente á balnearia; unha realidade que xurdiu nos últimos anos consistente no aproveitamento das augas termais exclusivamente —e repito, exclusivamente— con fins lúdicos e de lecer, sen que no dito aproveitamento se persiga unha actividade preventiva e/ou terapéutica. Por iso nin se reformou nin se elaborou unha nova lei das augas minerais, termais e de manancial dos balnearios de Galicia. Por outro lado, esta lei permitiu desenvolver o sector sen dar mostras en ningún momento ata o de agora de estar obsoleta, por iso se optou por elaborar unha lei complementaria á Lei 5/1995. Esta lei, pois, nace para cubrir un baleiro legal existente na actualidade que permitirá impulsar o crecemento do sector termal dun xeito ordenado á vez que outorgará confianza e seguridade tanto ás instalacións como aos usuarios. E faino cun enfoque moi claro, señorías: regular o uso lúdico das augas termais sen prexudicar o seu uso terapéutico, sen prexudicar —imos ser claros— o aproveitamento terapéutico e decantándose sempre polo aproveitamento terapéutico ante calquera conflito entre o uso lúdico e o uso terapéutico.

Isto é o que pretende a lei, señorías, e esa é a nosa postura política: regular un aproveitamento das augas termais diferente ao terapéutico, que se está a producir na realidade e que na actualidade carece de regulación ningunha e, polo tanto, está carente de garantías de calidade.

Respostando á señora Cuña, que me preguntaba, segundo a Lei de minas, as augas termais só poden ter unha finalidade, que é a terapéutica, e esta lei está a permitir ampliar o aproveitamento destas augas a outro uso como é o lúdico, que sen esta lei non se podería dar, aínda que se está dando; por iso falamos de baleiro legal e de alegalidade.

Respecto da determinación do réxime xurídico das augas mineiro-medicinais e termais, aquí coexisten a lexislación básica estatal de augas e a de minas. Esta coexistencia resólvese cun criterio claro, que é a exclusión das augas termais e minerais do ámbito de aplicación da normativa sectorial en materia de augas. O texto refundido da Lei de augas de 2001 determina que as augas son de dominio público, como leron vostedes. Pero ao mesmo tempo o propio texto refundido, no seu artigo 2, exclúe as augas minerais e termais do seu ámbito obxectivo de aplicación, precisando que as ditas augas se regularán pola súa lexislación específica. Non queden no artigo 1 da lei, continúen lendo. Polo tanto, non son un ben público como o resto das augas. Non son de dominio público. O texto refundido da Lei de augas aplícaselles ás augas minerais, termais e de manancial só para efectos da súa protección, pero non do seu réxime xurídico. As augas termais regúlanse no ámbito específico da lei estatal de minas, que, no seu artigo 2.2, as exclúe de ser dominio público; a Lei de minas estatal do 1973 exclúe as augas termais de ser de titularidade pública.

En definitiva, señorías, tanto a norma sectorial de augas como a normativa sectorial de minas determinan que as augas termais non son de dominio público, son de utilidade pública



polo mero feito de ser termais, pero non son un ben público. Se se parte desta premisa falsa e de que as augas son públicas, o resto das súas argumentacións, señorías, non son válidas.

Respecto dos perímetros de protección, estes fíxanse sempre para a conservación dos acuíferos, non dos balnearios, señora Cuña. O perímetro que se considera imprescindible... (*Pronúnciense palabras que non se perciben.*) Claro, por iso, pero voulle explicar onde está vostede confundida. Fíxanse sempre para a conservación dos acuíferos, non dos balnearios. O perímetro que se considera imprescindible para a protección da integridade de captación delimitase no procedemento de outorgamento da autorización ou concesión dun aproveitamento das augas termais. Delimitase o perímetro no momento do outorgamento da autorización ou concesión do aproveitamento das augas termais, regulado no artigo 13 da Lei 5/2005, das augas minerais.

Por outra banda, o artigo 28.1 da Lei de minas establece que a autorización ou concesión do aproveitamento das augas termais outorga ao seu titular o dereito exclusivo de utilizalas, señor Casal, así como de impedir que se realicen no perímetro de protección fixado traballos ou actividades que poidan prexudicar o normal aproveitamento das mesmas.

Polo tanto, señorías, os perímetros de protección dos acuíferos xa están regulados pola Lei 5/1995 e pola Lei de minas estatal. Entón, ¿que é o que regula o artigo 7 da lei que estamos a debater? Pois dío o propio título: os aproveitamentos lúdicos das augas termais dentro do perímetro de protección dos establecementos balnearios. É dicir, está a protexer os perímetros de protección xa existentes, os que xa se concederon no momento de outorgar a autorización. ¿Entenden por que non podemos aceptar as súas emendas a esta cuestión?

Eu entendo que a min me diga que falo de propaganda e que vostede é a que estudou. Eu estou falando de propaganda, segundo vostedes, señora Cuña, pero teño que dicir que vostede estudou un pouco mal ou ten algunha confusión, claro, e non quero faltarlle ao respecto, pero tampouco quero me falte vostede a min.

Respecto das emendas, incorporamos e aceptamos todas aquelas que con estas tres premisas melloran, complementan e mesmo corrixen o texto e son acordes ao marco normativo: Lei de minas e Lei 5/1995.

Por iso, das cinco emendas que presenta o noso grupo, retiramos unha, a emenda 3 de adición ao artigo 7, que facía referencia á prohibición de perforar no perímetro de protección. E asumo o meu erro porque non fixen unha boa redacción e penso que podería xerar confusión e mesmo contradicir a normativa do regulamento da Lei de minas. Por iso, sen ningún problema, retiramos a emenda e evitamos o problema.

Sen embargo, mantivemos a emenda de supresión número 2 a este mesmo artigo, para axustalo, precisamente, ao establecido na normativa básica, porque o aproveitamento das augas termais que se atopan no perímetro de protección fixado coa especificación de que pertencen ao mesmo acuífero non atopa acomodo na Lei 22/1973, na Lei de minas e na Lei 5/1995. Por iso suprimimos esta especificación na nosa emenda número 1, de adición, e definimos «emerxencia natural», xa que aparece ao longo de toda a regulación e a consideramos necesaria para establecer unha definición correcta para a aplicación da norma.



A emenda 4 ao artigo 9, *Instrución*, é para a que a Consellería de Sanidade informe sobre o seu ámbito competencial, que é a calidade das augas e as condicións de salubridade das instalacións, e respectando as competencias municipais. Que sexa o concello onde se produce o aproveitamento o que informe acerca das instalacións e características construtivas do vaso en función do código técnico de edificación.

E, finalmente, tendo en conta que o enfoque da lei é que prevaleza o uso terapéutico sobre o uso lúdico, presentamos a emenda número 5, de adición dun novo punto ao artigo 20, *Modificación*, de autorización e concesión, para que no caso de que esta modificación supoña unha afección ao balneario, que antes non existía, sexa imprescindible a intervención deste no procedemento de autorización da modificación; e para que se rexeite esta modificación se con iso se produce calquera clase de prexuízo ao balneario existente.

Tivemos que rexeitar todas aquelas emendas dos grupos da oposición que non respectan a competencia estatal en materia de bases de réxime mineiro —estou falando concretamente dos perímetros de protección—, que non respectan a Lei 5/1995 e o seu regulamento; emendas que buscan intercalar esta Lei 5/1995, desdebuxando a súa finalidade, e que enchen de confusión o procedemento de autorización; aquelas que non aceptan o aproveitamento lúdico das augas termais, que é obxecto da lei; as que non teñen que ver co obxecto desta lei, como as que se refiren a financiar a obtención de títulos habilitantes, a fomentar outro tipo de actividades, a fomentar as cooperativas; emendas que entorpecerían, ralentizarían, incluso paralizarían os establecementos que xa están funcionando na actualidade; emendas que contemplan unha regulación exhaustiva máis propia dun regulamento, no procedemento de outorgamento, que dunha lei; as que non respectan as leis de transparencia, de acceso á información pública e bo goberno; as que piden un plan de turismo termal, señorías, porque hai un plan de turismo termal para a provincia de Ourense e para toda Galicia; as que piden que se regulen as augas termais desta lei como augas de manancial para o consumo —señora Rodríguez Rumbo, sei que non me está escoitando, pero vostede presentou unha emenda neste sentido e as augas de mananciais non son obxecto desta lei—; e as que eliminan garantías sanitarias. E tamén temos que rexeitar todas aquelas emendas socialistas que tratan as augas termais como un recurso hidráulico cando é un recurso termal. Con esta premisa lle atribuían as competencias a Augas e non a Minas. Señora Presas, a min gustárame que se posicionase sobre isto, na seguinte quenda, a ver o que opina. Porque, ¿sabe o que suporía, señora Rodríguez Rumbo, cambiar o marco regulatorio das augas termais da Lei de minas e da Lei de augas? Unha cesión de competencias ao Goberno central e que tanto os balnearios e as termas da ribeira do Miño pasasen a depender da Confederación Hidrográfica en lugar da Consellería de Industria. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, vostede tamén sabe disto, vostede sabe de todo... Refírome... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, seguro que si. ¿Estarían de acordo os seus socios naturais do BNG?

E, finalmente, temos que rexeitar todas aquelas emendas que amosan que non entenderon que esta lei non pretende tocar o réxime xurídico das augas mineiro-medicinais e termais, ou o que é peor, que pretende modificalo a través desta lei, cousa que non é posible, porque vostedes saben que unha norma superior, unha norma estatal, prevalece sobre unha norma autonómica.



Eu pódolles asegurar —non sei se me queda tempo—, señorías, que fixen un esforzo para aceptar o maior número de emendas que era posible aceptar, sobre todo polo respecto ao traballo realizado polos grupos parlamentarios e polos ponentes —¡mágoa que eu non recibira por algúns o mesmo respecto!— e incluso sabendo que, por moitas emendas que lles aceptásemos, nunca se ían sentir satisfeitos. De feito, ao Bloque Nacionalista Galego aceptámoslle as 16 emendas. Se non aceptamos ningunha, mal, señora Presas; se llas aceptamos era porque a lei era caótica e con estas 16 emendas a lei ten sentido, ¿non? Ben, señora Presas, é que se aceptásemos todas estas emendas con base nestas tres premisas farían unha lei caótica, como vostede diría; un *totum revolutum* que non habería por onde collelo.

Aceptamos emendas do BNG, 17 preceptos, tanto o obxecto da lei, finalidades, definicións, declaración de augas termais, solicitude de aproveitamento, instrución, resolución, dereitos, obrigas e prohibicións, accesibilidade e seguridade das instalacións, compatibilidade e aproveitamentos terapéuticos e lúdicos, a disposición transitoria primeira, a derradeira cuarta e o anexo sobre a documentación técnica exixida.

Tamén ao PSdeG lle aceptamos 9 emendas e transaccionamos 4 máis, que modifican 9 preceptos; tamén o artigo 9, *Instrución*; o artigo 16, *Prazo de vixencia e prórroga do título habilitante*; o artigo 19, *Peche definitivo e abandono*. Tamén o artigo 23, *Obrigas e previsións*, o artigo 33, *Prescrición das infraccións*, e o artigo 35, *Gradación das sancións*.

Do Grupo Común da Esquerda lamentamos que só puideran ser 2, porque parten de premisas básicas distintas e pretenden modificar, facer unha lei diferente á que se trae. Evidentemente, iso non podemos facelo, pero asegúrolle que o intentei.

E das 7 emendas do Grupo Mixto foi imposible aceptar ningunha, señor Casal. Síntoo, pero, escoitando a súa breve intervención, é que non hai por onde collela.

En definitiva, aceptamos e transaccionamos 35 emendas a 19 artigos e dúas disposicións ao anexo. Sei que non están contentos, señorías, sei que esperaban modificar a lei, pero a nosa obriga é manter o espírito da lei.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Romero.

Réplica dos grupos emendantes.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, o señor Casal.

O señor CASAL VIDAL: Agradezo á deputada portavoz do Partido Popular a súa claridade: as nosas emendas non hai por onde collelas. Claro, iso de explicitar que as augas termais son públicas, que os usos públicos deben de ser protexidos, que non se pode limitar a competencia, que non se pode incluso limitar o mercado —que o fan no artigo que comentei anteriormente— é totalmente inadmisibile e fóra de lugar.

Pois, señores e señoras do Partido Popular, eu creo que deberían de reflexionar.



Vostedes alegan que queren dar garantías e seguridade xurídica aos operadores que, por unha parte, queren desenvolver novos aproveitamentos de usos lúdicos e, por outra, os lexitimos do sector dos balnearios. Nós tamén, pero garantías reais, e garantías reais a longo prazo. Creo que iso o queren os balnearios, os novos operadores, os concellos e toda a cidadanía de Galicia para un sector da importancia do que estamos falando.

E nesta liña da garantía xurídica a longo prazo non é boa idea facer unha lei tan de parte e con aspectos tan lesivos para o interese público e incluso para a liberdade de mercado, como xa comentei. A mellor seguridade xurídica provén de leis consensuadas que defendan intereses transversais e que poidan ser compatibles cos intereses dos balnearios, das novas iniciativas e tamén dos concellos. Esta mesma tarde vostedes evidenciaron como en dúas horas se poden unilateralmente modificar 27 leis. Non sei se iso lles dará moita garantía a todos os sectores implicados.

Cando as leis se fan de maneira unilateral, sen ter en conta as emendas, aínda que sexan inaceptables ou inasumibles, como as nosas... Ao mellor as nosas o son, pero das decenas de emendas que fixeron tamén o resto dos grupos, as fundamentais, as que defenden a compatibilidade co uso público, as que defenden a claridade da titularidade pública do recurso, as que defenden a compatibilidade con outro tipo de uso, desas non aprobaron ningunha.

Xa digo, a mellor maneira de dar garantía xurídica é unha lei consensuada. Reflexionen, señores e señoras do Partido Popular, acepten, fagan transaccións, fagan unha lei que de verdade non sexa só, como parece, feita ao ditado, e perdoen que llelo diga con esta claridade. Iso non é ningunha seguridade xurídica, porque vostedes o explicitaron hoxe. En dúas horas pódense modificar 27 leis, pois imaxinen unha feita polo rodillo dun só grupo. Nun asunto tan importante deberían asumir que isto non é seguridade xurídica para ningún sector, e isto, de verdade, é un agravio para un ben público destas características.

É compatible, pódense defender os intereses dos balnearios, os intereses dos novos operadores de usos lúdicos termais das augas e tamén os usos públicos. Xa digo, teñen tempo; antes, cun asunto aínda máis importante, como era a garantía sanitaria en todos os territorios de Galicia, non fixeron caso. Poderían ter organizada esa emenda para obter a unanimidade do Parlamento, pero parece que nesta lei van optar polo mesmo e van tirar do rodillo para facer unha lei que xa veremos canto dura.

Nada máis e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Casal.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

Señora Cuña, eu xa, desde que comezou esta lexislatura, levo dioptría e media a maiores, antes de empezar a tramitar esta lei. En todo caso, non sei se foi polo ben da nosa vista que o Goberno galego esqueceu anexar no expediente, como xa debatemos no debate de totali-



dade —valla a redundancia—, algunhas das alegacións presentadas polo Portal da Transparencia que non sabemos como foron contestadas ou se o foron; quizais foi pola nosa vista.

Pero, brincadeiras á parte, nós insistimos en que nos parece que estamos perdendo unha oportunidade; unha oportunidade de facer as cousas doutra maneira e de abordar cuestións pendentes con máis profundidade.

Eu agradezo, señora Romero, o ton do debate. Creo realmente que, á hora de aceptar emendas nesta tramitación da lei, intentaron ter algo máis de xenerosidade que nalgúns outros aspectos. Tamén é certo que dentro das leis que levamos debatido, por exemplo adscritas á Comisión de Industria, hai graos de diferenza política, e nunha cuestión como é o modelo termal, aínda que teñamos parámetros diferentes, é certo que diante de necesidades concretas pode ser relativamente máis fácil chegar a algún punto de acordo por outra cuestión e que iso nos pareza suficiente ou nos pareza que iso evita os riscos que ten esta lei.

Efectivamente, volvendo ás emendas, eu xa dicía na miña primeira intervención que había como dous grandes bloques, algunhas si que son de modelo diferente, outras son máis..., non sei se chamarlles técnicas, pero máis de tipo organizativo. Pero, claro, entre o branco e o negro, hai moitas escalas de grises, tamén hai moitas emendas que realmente, aínda que teñamos modelos diferentes, vostedes poderían ter aceptado e que non son caóticas nin sería caótica, como dicía vostede, a súa aceptación. Porque, ¿que ten de caótico ter un sistema de avaliación do retorno económico desta lei? ¿Que ten de caótico ter unha planificación a cinco anos vista que avalíe os seus resultados? ¿É iso caótico ou é iso facer o noso traballo como parlamento e como administración pública? Pois nós pensamos que sería facer o noso traballo. Tampouco sabemos que tería de caótico desenvolver un plan de valorización patrimonial se entendemos e se se recolle no propio obxecto da lei a través dunha emenda do BNG que realmente hai que harmonizar co valor patrimonial e co valor tamén terapéutico. Non entendemos que tería de caótico. Igual o que non lles gusta desa emenda é que debe ter un plan de seguimento e que vai vinculado a unha dotación orzamentaria anual. Igual ese é o problema, pero, en todo caso, non é un problema de caos, é un problema de vontade política.

Tampouco sabemos que tería de caótico ter un rexistro neste país daquelas fontes de uso popular que teñen propiedades, ademais, mineiromedicinais en moitos casos. ¿Que problema tería ese rexistro? Ningún problema. En todo caso, sería máis claridade e máis información.

Eu quería facer unha reflexión tamén sobre esta cuestión do dominio público. Unha cuestión é o dominio público hidráulico desde un punto de vista legal e outra cousa é o que estamos debatendo de fondo político, que é que a auga é un ben público e a auga termal é un ben público tamén. Nós entendemos que deberían incorporarse medidas que garantan que, por exemplo, desde o punto de vista das e dos usuarios deste país todos os galegos e galegas vaíamos ter acceso, dalgunha maneira, a desfrutar dese patrimonio, que é colectivo, ao fin e ao cabo, aínda que puntualmente o explote un concello ou o explote unha empresa. Aí estamos falando dese dereito público, e esa cuestión para nós non está resolvida. En todo caso, xa lle resolvo a súa dúbida, xa que fun interpelada directamente, señora Romero. Efectivamente, o Partido Socialista emendou nas emendas 5, 24, 31, 34, 38, 46, 47, 48, 54 e 60 —se non as recompiliei mal — esa cuestión entre minas e augas, que nós non emendamos. Aí xa



ten a súa resposta. Iso non quita que compartamos moitas das cuestións de espírito que expresaba aquí a voceira do Partido Socialista que nos parecen ausencias importantes nesta lei e que deberían desenvolverse doutra maneira.

Por último, como xa non me queda tempo, insisto en que hai moitas cuestións das emendas que creo que se poderían ter aproveitado pero que implican compromisos maiores, compromisos máis alá de conseguir un titular de que sae unha lei moi bonita que vai supoñer un avance mundial, como case se dicía aquí, pero que non se vai avaliar por parte de ninguén. Entón, seguirán dicindo nos próximos anos que é un éxito mundial, pero pérdese a oportunidade de dar un paso máis profundo, de abordar tarefas pendentes, e, sobre todo, síguenos preocupando que vaia patrocinar unha confusión entre o aspecto lúdico e o aspecto terapéutico. Porque unha cousa é que un aproveitamento poida estar focalizado na cuestión lúdica e outra cousa é que esas augas sexan libres de calquera propiedade; quero dicir, non podemos ir a un modelo que acabe favorecendo que...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...calquera instalación con calquera auga sen esas propiedades poida ter unha imaxe de cara ao consumidor ou a consumidora de que é un aproveitamento lúdico termal cando realmente non son augas termais.

A nós preocúpanos que esta lei poida traer confusións dese tipo e a nós preocúpanos que isto poida desvirtuar o mapa termal galego simplemente por ter tido présa e por non facer este procedemento doutra maneira e con máis ambición.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Polo Grupo Común da Esquerda, a señora Cuña.

A señora CUÑA BÓVEDA: Señora Cristina Romero, moitas grazas por intentar apoiar o máximo posible as nosas emendas. Moitísimas grazas, e o respecto que sexa mutuo, por favor, porque se a un lle di que non se pode ser máis impresentable, se a min me di que estudei mal, se á outra lle di que sabe todo... (*Risos.*) Bueno, imos ser respectuosas, de verdade. (*Prónúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, sen ningún tipo de retranca. Eu quero, dende logo.

Agora ben, intentando darlle resposta, direille que ou me explico fatal ou escoitou moi pouco; é dicir, vostede fala de tres cuestións ás que eu vou intentar contestar. Por unha banda, fala do espírito. Nós cremos que esta lei ten unha finalidade, que é favorecer o privado, a privatización; ese é o espírito. Ben, non me vai convencer nin a vou convencer. Pero cando di que se pode separar, despois de dicirlle claramente que é indisoluble a calidade terapéutica da auga termal, soamente se entende que se empecinen en non entender este principio, esta cuestión tan clara, porque tampouco se especifica na lei, mire vostede, se nas instalacións se pode usar só auga termal ou tamén se poden mesturar augas de distinta natureza, porque,



se non, claro que se provocaría un cambio de propiedades naturais da auga; modificaríanse os parámetros.

Naturalmente, nós consideramos que, obviamente, hai que primar absolutamente a reutilización calorífica. Debera de realizarse un estudo real dos caudais necesarios para cada tipo de instalación co obxecto de evitar a sobreexplotación, que é un perigo real e que non está aquí garantida. Dado que os consumos por baño ou piscina son doadamente cuantificables, deberan ser publicados pola propia administración.

Despois quero dicir que nós nos reafirmamos absolutamente, contundentemente, na idea de que a norma é privatizadora, que está dirixida a favorecer empresas privadas. Nós cremos que hai que defender o público. Realmente vostedes negan o sentido de dominio, de pertenza pública. Eu non teño aquí o dato, pero pasareillo, hai unha sentenza do Tribunal Supremo que reconece que as augas son públicas.

Seguimos dicindo que é innecesaria, que provoca inseguridade, que deixa no limbo as pozas, furos, fontes e mananciais tradicionais. Nada di disto; nada di dos informes sobre impacto económico, nada di sobre as contradicións nos procedementos, nada di de que non se prevexan áreas de xestión directa municipal. Seguen insistindo en diferenciar os usos. Eu diríalle que repase tamén, por favor —e está aquí referenciado tamén por outras persoas que me precederon—, o Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba a Lei de augas. Está clarísimo.

E con respecto aos perímetros de protección, de verdade, di que os descoñecemos e que estamos dispostas a incumprir, e despois cita literal e textualmente un anaco desta lei, deste proxecto de lei, onde se fala de perímetros de protección de balnearios. Por favor, esta contradición debe clarexala. Os perímetros de protección son dos acuíferos, e isto dixémolo reiteradas veces. Son dos acuíferos e, dende logo... *(A señora Romero Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)* Agora si, pero na lei fálase dos perímetros de protección dos balnearios, citouno vostede literalmente. E, desde logo, non son ferramentas para outorgar monopolios e privilexios. É unha cita textual, verémolo despois no borrador. Na última cita falou de perímetros de protección dos balnearios. Non existe esta figura na lexislación. E insisto en que eu creo que nisto si que é en algo no que debera haber claridade absoluta.

Despois, podemos dicir máis cousas. Establécense dúas vías de aproveitamento —isto non nos deu tempo a tratalo a nós nin a ninguén—, na primeira dise que se as augas nacen en terreos privados... De verdade, non teñen tal carácter, ou se outorgan aproveitamentos sen prazo concreto, e se non as concesións son a trinta anos, prorrogables a setenta e cinco. Isto é absolutamente excesivo, señora Cristina Romero.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora CUÑA BÓVEDA: En fin, sinto non ter máis tempo, e a ver se clarexamos un pouco as ideas, ¿vale?

Grazas. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Cuña.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Señora Romero, realmente o Plan de turismo termal da Xunta de Galicia non existe, o que vostedes teñen colgado na páxina web é un plan de turismo elaborado pola Deputación de Ourense, ¡da Deputación de Ourense! Entón, por favor, revíseno a ver se é que é un erro.

Vou seguir coa miña exposición das emendas que foron presentadas polos Socialistas de Galicia e que foron rexeitadas polo Partido Popular. Na disposición transitoria primeira, que fala da regularización dos aproveitamentos lúdicos preexistentes de augas termais, no punto terceiro, onde se di que se solicitará en todo caso informe da consellería competente en materia de sanidade, nós presentamos unha emenda para que tamén sexa necesario pedirle un informe ao concello onde está radicada a instalación, posto que entendemos que os concellos tamén teñen algo que dicir, e esa emenda tamén foi rexeitada polo Partido Popular.

Na disposición transitoria segunda, que di: «Mentres non se aproben os modelos normalizados de solicitude para os procedementos previstos nesta lei...», o que lle poñemos é prazos, porque vostedes están moi acostumados a regular dicindo: «farase», «ordenarase», en fin... «aprobarase»... Pero eses prazos teñen un carácter totalmente atemporal, e, polo tanto, vostedes son bastante... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Se quere intervir e lle deixa o presidente, eu non teño ningún problema. (*Risos.*) Ben, pois o que lle poñemos na nosa emenda é que no prazo máximo de tres meses dende a entrada en vigor desta lei procedan á aprobación dos modelos normalizados de solicitude para os procedementos previstos na lei. Esta emenda tamén a votaron en contra.

Na disposición transitoria segunda, poñemos o carácter público e actualizado do Rexistro de augas minerais, termais e de manancial. A Xunta de Galicia procederá de xeito inmediato a dar cumprimento, no artigo 21 da Lei 5/1995, con respecto ao carácter público do Rexistro de augas minerais, termais e de manancial, que xa está contemplado na lei existente agora mesmo, procedendo, de ser o caso, ás actualizacións necesarias, e no dito rexistro creárase un apartado específico para o aproveitamento lúdico das augas obxecto desta lei. Esta emenda tamén foi rexeitada polo Partido Popular.

Na disposición transitoria terceira, onde di: «Mentres non se dite normativa regulamentaria á que se refire o artigo 24.2...», debe dicir: «No prazo máximo de tres meses desde a entrada en vigor desta lei, procederase a ditar a normativa regulamentaria á que se refire o artigo 24.2», e no relativo ás condicións. É dicir, volvemos poñer prazos para que non quede simplemente no escrito, nesa lei, que teñen que facer un desenvolvemento regulamentario desta lei.

Na disposición transitoria terceira solicitamos algo que nos parece bastante importante, e é a creación dun plan de turismo termal. E dicimos literalmente: «A Xunta de Galicia, no prazo máximo de seis meses dende a aprobación desta lei, aprobará o Plan de turismo termal, co



obxecto de poñer en valor os recursos deste sector en toda Galicia, estruturando a oferta, os recursos e os servizos, de tal xeito que conduzan á potenciación dos valores turísticos e dos recursos naturais e culturais, coa sustentabilidade como criterio chave para contribuír en maior medida ao desenvolvemento socioeconómico e coa potenciación do destino termal. Para a súa elaboración contará cos axentes e as organizacións sociais e económicas do sector, así como coas administracións locais, e antes da súa aprobación será obxecto de exame polo Parlamento de Galicia.» Esta emenda tamén foi rexeitada polo Partido Popular.

Na disposición derradeira primeira falamos da Xunta asesora e da creación dunha sección termal dentro do Observatorio de turismo, e noutra emenda, que solicitamos á disposición derradeira primeira, que tamén foi rexeitada, dicimos: «Dentro do Observatorio de turismo de Galicia crearase unha sección encargada de afondar no coñecemento do sector termal desde as súas diferentes perspectivas: promover a innovación no desenvolvemento rural a través do termalismo, impulsar novas políticas públicas que contribúan ao desenvolvemento do termalismo, facilitar a cooperación entre os axentes que interveñen no sector, cooperar con outros organismos similares de fóra de Galicia e sistematizar os datos socioeconómicos e turísticos do sector termal de Galicia.»

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Vostedes tamén votaron en contra.

En definitiva, señores e señoras do Partido Popular, os socialistas imos votar non, e imos votar non porque vostedes na súa lei non consideran toda a auga como un ben de carácter público. Non modifican a regulación actual destas augas pola Lei de minas para que pase a quen ten competencias en materia de augas. Non consideramos que haxa que aprobar unha nova lei, que sería máis axeitada... *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo. Rematou o seu tempo. Imos ir moi tarde hoxe.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Romero Fernández.

A señora ROMERO FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Señora Rodríguez Rumbo, vostede vota que non porque o señor Caballero non lles deixa... *(Protestas.)* Abstivéronse en comisión e agora votan que non. *(Aplausos.)* ¡Véselles o plumeiro! Votan que non coa mesma argumentación, coa mesmísima argumentación, porque simplemente nos estiramos un pouco máis explicando, pero argumentamos todos exactamente o mesmo. *(Murmurios.)* Miren, señorías, sei que non lles gusta a verdade, pero é verdade, aquí chegou o señor Caballero e mandou parar. *(Aplausos.)* Ben.

Presentan as emendas, señorías, e, repito, son inaceptables polas tres premisas que expliquei anteriormente e que agora non vou volver repetir. Pero é que, miren, as súas emendas serven para amosar os distintos modelos da esquerda progresista que se xunta para gobernar; uns modelos que son contraditorios entre si, porque o Grupo Común da Esquerda considera que



o aproveitamento das augas termiais, sexa en balnearios, en charcas ou en pozas, é exclusivamente terapéutico, pero a definición de terapia é que é un tratamento para unha enfermidade, e iso dáse nos balnearios porque existe un director médico que é o que prescribe cal é a cura balnearia precisa para cada enfermidade. Sen embargo, o BNG recoñece a necesidade de distinguir e de que non se confunda o aproveitamento lúdico destas dúas augas.

Por outro lado, os socialistas queren devolver a competencia estatal das augas e que se regulen e tal. ¡Menudo *totum revolutum*, señorías! (*Aplausos.*) ¡Menudo caos!

Vostedes non poderían abordar esta lei con estes modelos tan distintos, deixarían esta situación tal e como está, sen garantías para os usuarios, desatendendo unha demanda social e non permitindo desenvolver este sector, que aínda ten moita marxe de crecemento, señorías.

Señora Cuña, eu non sei se se expresa mal... Non é que se exprese mal, é que eu penso que ten mal asimilados os conceptos; parece que estamos falando de cousas distintas. Mire, o artigo 7 —xa lle dixen— refírese á protección dos perímetros xa existentes, os que se concederon polo artigo 13 da Lei do 1995 no momento en que os balnearios solicitaron o aproveitamento terapéutico, que era o único que se podía solicitar. Entón, non é o dos balnearios, é o dos acuíferos, que surten o balneario. Bueno, pois ben.

Despois din que como se vai privatizar algo que xa é privado. Porque miren, señorías, as augas termiais, se nacen nun terreo público, son públicas, pero se nacen nun terreo privado, polo que lle expliquei anteriormente, son privadas. Pero vostedes isto non o aceptan.

Miren, se o que queren modificar é o réxime xurídico das augas termiais, nin este é o sitio, nin este é o momento, a través desta lei, nin este é o lugar, terán que facelo nas Cortes e modificar tanto a Lei de augas como a Lei de minas.

E mire, si que fixen referencia ao texto refundido da Lei de augas do 2001, fixen referencia e non sei se me escoitou, pero si que fixen referencia. O marco xurídico destas augas é claro e estable, e está respectado por múltiples reformas, tanto pola Lei de augas e de minas do Estado dos diferentes gobernos e de todas as cores políticas, como incluso pola Lei de minería do Bipartito, que decidiu excluílas do seu ámbito de aplicación conscientemente.

Respecto dos concellos, poden solicitar o aproveitamento lúdico das augas termiais, tanto en terreos públicos da súa propiedade ou en terreos cedidos ou en terreos que mesmamente compran para iso. Claro que poden facelo, e de feito van ter que facelo para regularizar os aproveitamentos lúdicos preexistentes. O que non podemos aceptar, como piden vostedes, é que poidan expropiar os aproveitamentos privados existentes e mesmo que poidan expropiar os balnearios.

E sobre o mantra das empresas afíns. Vamos ver, ¿que prevaleza o aproveitamento terapéutico das augas termiais sobre o aproveitamento lúdico é ser afín aos balnearios? Pois eu creo que todos deberíamos de ser afíns, entón. ¿Pero que teñen vostedes contra os balnearios galegos? Un sector que dinamiza social e economicamente alí onde se sitúa, que habitualmente



é no interior da nosa comunidade; un sector que está máis do 90 % en mans de capital galego, que maioritariamente son pemes de carácter familiar, que emprega directamente a 1.200 traballadores e indirectamente a máis de 5.000 e que dá emprego feminino de calidade polas características propias das súas instalacións. É que non o teñen nada fácil, porque non é nada fácil, teñen unha normativa moi restritiva e un investimento moi custoso.

¿Vostedes tamén están en contra destas empresas? ¿Tamén están en contra destes traballadores? Queda claro, señoría, que o seu modelo non só non desenvolvería o sector termal, senón que contribuiría a pechar os balnearios existentes.

Remato xa.

Esta Lei de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia vén resolver cuestións como rematar coa situación de alegalidade, do baleiro legal existente na actualidade, permitindo impulsar o crecemento do sector termal dun xeito ordenado, reformar a calidade da nosa oferta termal, garantir a hixiene e salubridade das augas e dos establecementos e blindar o aproveitamento racional e sustentable, preservando o medio ambiente e os acuíferos.

Por iso, quero agradecer novamente a todos os grupos parlamentarios o traballo realizado en ponencia, que contribuíu a completar e mellorar o texto da lei, así como a inestimable axuda da nosa letrada, que nos axudou a redactar a transacción realizada.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Romero.

Votación dos textos lexislativos

O señor PRESIDENTE: Procedemos á votación dos textos lexislativos.

Pechen as portas, por favor.

Comezamos votando as emendas mantidas ao Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas.

Comezamos votando as emendas do Grupo Parlamentario Mixto. Solicitou o Grupo Parlamentario Socialista, neste caso, que se separen as emendas números 7 a 20, 26 a 31 e a número 74. Votamos esta separación.

Votación das emendas 7 a 20, 26 a 31 e 74 do G. P. Mixto ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas, que non foron incorporadas ao ditame da comisión.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 14; votos en contra, 38; abstencións, 20.

O resultado da votación é negativo.



En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora, en votación xa conxunta, o resto de emendas do Grupo Parlamentario Mixto.

Votación conxunta das emendas do G. P. Mixto ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas que non foron incorporadas ao ditame da comisión, agás as xa votadas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 28; votos en contra, 38; abstencións, 6.

O resultado da votación é negativo

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. O Grupo Parlamentario Socialista pide que se voten separadamente as emendas números 6 e 7.

Votamos estas dúas emendas.

Votación das emendas números 6 e 7 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas, que non foron incorporadas ao ditame da comisión.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 20; votos en contra, 38; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: E votamos agora conxuntamente o resto das emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votación conxunta das emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas que non foron incorporadas ao ditame da comisión, agás as números 6 e 7 xa votadas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora as emendas do Grupo Parlamentario Común da Esquerda. O Grupo Socialista solicitou que se separen as emendas números 19, 20, 23, 28 e 38.



Votación das emendas números 19, 20, 23, 28 e 38 do G. P. do Grupo Común da Esquerda ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas, que non foron incorporadas ao ditame da comisión.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 14; votos en contra, 52; abstencións, 6.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: E agora votamos tamén separadamente, porque así o pide o Grupo Socialista, a emenda número 27.

Votación da emenda número 27 do G. P. do Grupo Común da Esquerda ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas, que non foi incorporada ao ditame da comisión.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 14; votos en contra, 38; abstencións, 20.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.

O señor PRESIDENTE: E agora votamos conxuntamente o resto de emendas do Grupo Parlamentario Común da Esquerda.

Votación conxunta das emendas do G. P. do Grupo Común da Esquerda ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas que non foron incorporadas ao ditame da comisión, agás as emendas deste grupo xa votadas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 28; votos en contra, 38; abstencións, 6.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: E agora votamos de xeito conxunto as emendas do Grupo Parlamentario Socialista.

Votación conxunta das emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas que non foron incorporadas ao ditame da comisión.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 28; votos en contra, 38; abstencións, 6.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: E agora —atención— votamos o ditame da comisión. (Murmurios.)



Hai que advertilo para que non pase o de antes. Pasounos unha vez pero non pode volver pasar. (*Murmurios.*)

Votamos o ditame.

Votación do Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; votos en contra, 34.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o Ditame sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora as emendas mantidas ao Ditame, emitido pola Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, sobre o Proxecto de lei de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia.*

Votamos, en primeiro lugar, as emendas do Grupo Parlamentario Mixto, que van da número 1 á número 7.

Votación conxunta das emendas do G. P. Mixto ao Proxecto de lei de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia non incorporadas ao ditame da comisión.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora, tamén de xeito conxunto, as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.*

Votación conxunta das emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Proxecto de lei de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia non incorporadas ao ditame da comisión.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora as emendas do Grupo Parlamentario Común da Esquerda.*



Votación conxunta das emendas do G. P. do Grupo Común da Esquerda ao Proxecto de lei de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia non incorporadas ao ditame da comisión.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora as emendas do Grupo Parlamentario Socialista.*

Votación conxunta das emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Proxecto de lei de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia non incorporadas ao ditame da comisión.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: *Votamos o ditame da Comisión 6ª sobre este proxecto.*

Votación do Ditame, emitido pola Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, sobre o Proxecto de lei de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; votos en contra, 34.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o Ditame sobre o Proxecto de lei de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia.

O señor PRESIDENTE: *Remataron as votacións.*

Abran as portas, por favor.

Continuamos co punto 2 da orde do día, mocións.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª María Montserrat Prado Cores, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de salvamento marítimo e loita contra a contaminación mariña

O señor PRESIDENTE: *Non se presentaron emendas.*

Para formular a moción ten a palabra a señora Prado.

A señora PRADO CORES: *Moi boa tarde.*



Tras a interpelación feita á conselleira do Mar no anterior pleno sobre o acontecido co quimiqueiro *Blue Star* na ría de Ares, presentamos hoxe unha moción na que, en primeiro lugar, demandamos información. Son demasiadas as sombras existentes e, desde logo, no BNG cremos que é preciso saber o que pasou, saber o que fallou, saber quen tomou as decisións e en que momento. Consideramos que é preciso información para aprender do acontecido, para sacar conclusións, porque non queremos a mesma historia repetida unha e outra vez.

Por iso, a primeira cuestión desta moción é que se presente neste Parlamento un informe detallado do accidente do *Blue Star* na ría de Ares, desde o seu inicio até a actualidade. Queremos saber por que sae o buque do seu fondeadoiro en Ares cando había alerta amarela pola intensidade do vento, mar de fondo e ondas de 5 metros; quen autorizou ou permitiu o movemento do buque, se foi monitorizado ou controlado o seu movemento; en que momento se ten coñecemento ou se previu a colisión do buque con terra e que medidas se adoptaron. É preciso que saibamos a que hora se produciu a parada de máquinas, a que hora chegou a onde embarrancou e que fixo o Centro de Control de Salvamento nese tempo, se se activou o sistema estatal de resposta, que medidas se adoptaron por este motivo e en que momento.

En resumo, queremos que se esclarez se se deu resposta en tempo e forma e, se non se fixo, por que. É preciso poñer sobre a mesa a información que fluíu desde a torre de control ao barco e desde o barco á torre de control. É precisa a información porque, de novo, a improvisación e a falta de estratexia foron a pauta de actuación constante durante todo este proceso.

Lamentamos que só se informase do acontecido a través de notas de prensa ou de declaracións ante os medios de comunicación. Máis unha vez, diante dun accidente desta envergadura, non se fixeron públicos os partes operativos asinados polas persoas responsables. E cremos que, diante deste tipo de accidentes, é precisa a información oficial, non a información de cargos políticos diante dos medios de comunicación senón a información oficial.

Tamén cremos que é preciso saber cal foi a relación institucional do Goberno español coa Xunta de Galiza. Preguntámosllo á conselleira no pleno pasado e, desde logo, non obtivemos resposta. O que si se intúe da información que temos é que a consellería, a Xunta de Galiza, foi unha convidada de pedra, que foi totalmente ninguneada. Ademais, a Xunta de Galiza permitiu ese ninguneo realizado por parte do Goberno español. Foi un accidente dentro dunha ría galega, na que ten competencias a Xunta de Galiza, e no que o Goberno galego, a Xunta de Galiza, non pinta absolutamente nada, actúa de espectadora e realiza unha actuación servil. Vémolo como un goberno que se desentende dos problemas do seu país. Desde logo, cremos que hai que ter unha explicación, que hai que saber realmente o que pasou e se tivo algún tipo de participación a Xunta de Galiza na toma de decisións. E, se non a tivo, cal foi a razón de non tela, se non quixo tela, se non quixo actuar, se se desentendeu ou se foi que non quixo facela partícipe o Goberno español. Se foi este o caso, diante desa actuación ¿que fixo a Xunta de Galiza? Cremos que esas cuestións, diante dun accidente, é preciso sabelas porque chove sobre mollado.

Desde logo —xa llo dixemos á conselleira no anterior pleno—, desde o BNG non queremos permitir baixo ningún concepto que o Goberno do noso país sexa un convidado de pedra ou non teña ningún tipo de actuación diante de accidentes desta magnitude.



Logo, tamén queremos medidas para o sector do mar. Queremos que se manteña informado de xeito permanente o sector marisqueiro e pesqueiro afectado — neste caso, as confrarías e agrupacións de Ares, Pontedeume, Miño, Sada, Lorbé, A Coruña ou da ría de Ferrol—, e que se poñan en marcha as actuacións precisas, incluídas liñas de axudas, para garantir as rendas do sector pesqueiro.

Teño que volver lembrar que a ría de Ares ten unha importante riqueza produtiva, pesqueira e marisqueira —están aí as illas Mirandas, dunha gran biodiversidade—, onde estivo prohibido faenar durante practicamente tres semanas —dezaoito días—. É unha área moi dependente da pesca e do marisqueo, con tres plans de explotación e de marisqueo afectados, polo menos neste momento —o do percebe, o do ourizo e o da anémona—, que están abertos nesta época; ao igual que os barcos de baixura, que nesta época están dedicados, sobre todo, aos crustáceos, á centola e ás nécoras. Creo que, polos nomes que acabo de dicir, todos podemos entender o valor destes produtos nesta época, xusto en vésperas do Nadal. Pois en vésperas do Nadal resulta que tiveron prohibido saír a faenar.

Diante desta situación non obtivemos ningunha resposta por parte da Consellería do Mar. Non sabemos se era sabedora deste peche, do tipo de actuacións, do tipo de medidas, ou se se van arbitrar algún tipo de medidas de axudas para que o sector do mar non leve ás súas costas as consecuencias do embarrancamento do *Blue Star*. É de xustiza que non sexa o sector do mar o que pague as consecuencias.

A Xunta de Galiza, a Consellería do Mar, ten competencias na pesca e no marisqueo e, como mínimo, tiña que ter amosado preocupación e ocupación polo que estaba pasando. Desde logo, a información que temos é que non fixo nin unha cousa nin a outra, nin se puxo en contacto coas confrarías para saber o que estaba pasando nin deseñou unha estratexia conxunta para que as perdas non fosen —insisto— sobre o lombo do sector. A nosa información é que non fixo absolutamente nada. Queremos, desde logo, que se poñan en contacto co sector e que se arbitren medidas para resarcir das perdas destes días.

Tamén queremos que se poñan en marcha todas as medidas precisas para garantir a protección do ecosistema mariño e da actividade produtiva e pesqueira na ría de Ares. Se no ano 2014 por parte do Goberno español, por parte de Fomento, se declarou esta ría como zona de fondeo para buques, queremos saber que levou parello esa declaración. Que tipo de medidas, que tipo de accións, que tipo de melloras, que tipo de prevencións se teñen previsto e se teñen posto en marcha neste caso para preservar esta zona. Queremos saber que protocolo se estableceu diante dun accidente, que medios son os que se activan e que medidas se destinaron para a protección da ría.

Onte mesmo había fondeados na ría de Ares sete barcos, catro cargados, porque non fondean soamente barcos que están en lastre ou que están á espera de entrar no porto para ir cargar, fondean tamén barcos cargados, que poden estar cargados con substancias perigosas. Diante desa situación declárase a ría de Ares zona de fondeo, ¿a cambio de que? ¿Con que medidas de protección? ¿Con que tipo de actuacións se preserva esta ría? Queremos sabelo e queremos que se poñan en marcha, porque estamos falando dun risco permanente nunha ría que xa foi demasiadas veces obxecto de contaminacións marítimas.



Como último punto, tamén demandamos do Goberno español a transferencia das competencias exclusivas en materia de salvamento marítimo e loita contra a contaminación mariña no ámbito de Galiza, de acordo co que establece o artigo 152.2 da Constitución e o artigo 36 do noso Estatuto de autonomía. Facémolo no convencemento de que o mellor xeito de evitar catástrofes é que a costa galega se xestione desde Galiza. Cando a xestión se fai a seiscentos quilómetros terra adentro, desde Madrid, un accidente pode converterse nunha catástrofe no plano ambiental, no social e no económico. Dende logo, pedímolo non por un capricho senón que, para un país como Galiza, con mil setecentos quilómetros de costa, cunha moi importante actividade pesqueira e marisqueira e cun corredor marítimo polo que pasan centos de barcos con substancias perigosas, é de vital importancia.

Hai un informe da Axencia Europea de Seguridade Marítima (AESM) que elaborou para analizar as políticas e as capacidades reais de resposta operativa nos estados membros da Unión Europea. A conclusión deste estudo di que, a pesar de ter sufrido traumáticas experiencias, singularmente, Galiza ten unha capacidade limitada para enfrontarse a un accidente no que estea implicado un quimiqueiro, un gaseiro ou un buque similar. Di este informe da AESM que o Estado español non realizou de forma específica un estudo de avaliación de riscos a respecto dos buques con carga tóxica que pasen polas nosas costas. Tamén sinala que o vixente Plan estatal de continxencias non inclúe a posibilidade dunha catástrofe destas características, así como que o Estado español non posúe ningún equipo especializado de control e monitorización de vertidos con substancias tóxicas, inflamables ou explosivas.

Creemos —insisto— que este informe da Axencia Europea de Seguridade Marítima, que di que si se ten actuado para transporte de mercancías de carburantes pero non para outro tipo de mercancías tóxicas, como a que ía cargar o *Blue Star* —e que podía ter estado cargado en vez de ter estado en lastre—, proba que acontece todos os días con buques que están fondeados na ría de Ares ou que pasan diante das nosas costas.

Polo tanto, pedimos nesta moción, hoxe, información do acontecido, que pasou e quen foron os responsables...

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

A señora PRADO CORES: ...e se tomaron as medidas acaídas. Medidas para o sector pesqueiro, medidas para a protección das nosas rías e rectificación en canto a como se xestionou todo o acontecido relacionado co quimiqueiro *Blue Star*.

De momento, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Mixto, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Boa tarde, señorías.

Dende En Marea imos apoiar esta moción, non sen facer unha serie de apreciacións.



En primeiro lugar, a que ten que ver co tema do réxime competencial. Nós dicímolos aquí moitas veces, pensamos que a adquisición de novas transferencias como parte do ensanchamento do autogoberno é unha afirmación sempre positiva desta Cámara, e outra cousa é que poidamos pensar que vai mudar substancialmente agora mesmo a forma de abordar un sinistro se está en mans da administración de Feijóo, algo que xa vimos tamén que se xestionou dunha maneira similar en casos pasados. Polo tanto, non é soamente a cuestión da transferencia, senón tamén a cuestión de quen exerce a competencia desde o punto de vista político.

Tamén queremos matizar que nos parece inapropiado se é que se pretendese abordar este tema como se non cambiase nada desde o accidente do *Prestige*. Creo que nos carga máis de argumentos facer a precisión de que si houbo cambios. Houbo algúns cambios de transcendencia, algúns que foron só no papel e outros que foron con dotacións de medios. É necesario facer estas precisións para, a partir de aí, ser máis certeiras á hora de facer unha diagnose e unha serie de recomendacións de mellora.

Hai plans de salvamento aprobado, o Plan nacional de salvamento marítimo, de continxencias marítimas, definiuse —creo recordar— a finais do ano 2012. Eran polémicas naquela altura as designacións de portos de refuxio porque ningunha ría en orixe quería acoller ese tipo de designacións polo caso de que houbo catástrofes. Sen embargo, houbo pasos nese sentido, despois modificados posteriormente por unha normativa aínda a finais de 2014, etcétera. Hai algún medios máis. Hai depósitos que teñen máis medios, e iso tamén debe de terse en conta e, dende logo, tamén un cambio substancial na normativa europea, non soamente a efectos de indemnizacións senón tamén de normativas de carácter técnico para establecer as condicións mínimas de navegación, neste caso polo corredor marítimo de Fisterra.

Tamén nós temos unha obxección de discurso sobre unha das formas posibles de interpretar a parte expositiva da moción no relativo a se o Estado ou, neste caso, a Comunidade Autónoma tivese que converterse nunha especie de aseguradora universal de riscos privados. Dende En Marea pensamos que non. Pensamos que debe de asegurarse un réxime de aseguramento, non soamente de responsabilidades, senón tamén de rescate e salvamento que faga que se impida a navegabilidade a aquelas embarcacións que non contan con ese seguro, da mesma maneira que é unha obriga que se produce tamén no medio de circulación viaria e non existe un sistema público de rescate de grúas para aqueles vehículos que son accidentados. Nós pensamos que esta sería unha cuestión asumible e que, polo tanto, ante o principio de quen causa o risco debe ser quen poña as barreiras de prevención e quen asuma o dano causado, o risco do que ten que facerse cargo, neste caso, a Administración pública é de como actuar en caso de emerxencia e como vixiar para evitar tanto danos ambientais como danos ás persoas. Polo tanto, é un matiz que nós pensamos que é importante porque, en función de como se interprete, obrigaría a ter ou non todo un sistema público de salvamento e remolque. E nós entendemos que iso debe de ser unha condición previa para a propia navegabilidade do buque. Iso é algo no que se pode mellorar a normativa internacional neste momento de carácter convencional e que quedaría así —un pouco— definido na moción.

Nós defendemos unha intervención pública, iso si, forte, de vixilancia e de control e de dispor dos medios de salvamento para a primeira emerxencia. Que haxa depósitos de medios an-



ticontaminación, tanto sexan barreiras como sexan medios de rescate, que estean a dispor cerca para que poidan atender de forma inmediata a situación. Polo tanto, isto si pero non facer os rescates de buques privados con medios públicos, salvo que poñan en risco —como dixer— o medio ambiente ou a vida das persoas.

Neste caso concreto, hai unha cuestión na que estamos de acordo e na que creo que se precisa insistir, e que creo que ata agora non se puxo en cuestión: que é necesario que a armadora sexa quen asuma os custos do traballo, non soamente do rescate senón tamén as indemnizacións por todas as perdas económicas que sinalaba a relatora en relación ao sector do mar como consecuencia do peche de parte da ría durante o tempo no que permaneceu embarrancado o *Blue Star*. Non se puxo en cuestión, polo visto, que isto fose así. Nós por iso entendemos que a forma de interpretar —creo que é o punto terceiro— cando se fala das liñas de axudas, pensamos que o que hai que garantir é que a aseguradora cumpra coas súas obrigacións e, no caso de que se establezan liñas de axudas, que sexa cunha subrogación para un dereito de repetición sobre quen ten a responsabilidade de facelo.

Nós insistimos sobre unha cuestión, que é unha cuestión que xa houbo que lamentar cando foi o tema do accidente do *Prestige*, que é que o que non pode ser é que o beneficio do transporte de mercadorías ou da navegación sexa privado e despois o dano sexa público, tendo que ser asumido polo Estado sen posibilidade de repetición contra quen sexa verdadeiramente o seu responsable final.

É por esa razón pola que nós apoiamos esta moción, pero facendo estas precisións que nos parecen que son útiles tamén para un debate que é fundamental para o noso país. Desde un punto de vista competencial, como dixer antes, apoiamos completamente a asunción completa de todo o réxime de vixilancia e salvamento marítimo e rescate que prevé tanto a Constitución como o noso Estatuto de autonomía.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Grupo Común da Esquerda, señor Jove.

O señor JOVE GONZÁLEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Comparezo hoxe aquí con esta camisola, que sempre penso que vai pasar de moda e, realmente, nunca logro que pase de moda. Dezasete anos despois temos que estar hoxe aquí outra vez dicindo «Nunca máis» e outra vez co desacougo de qué puido ter pasado. Queríaa traer en lembranza deses milleiros de persoas doutros lugares do Estado, doutros lugares do mundo, que viñeron aquí quitar aquel chapapote do *Prestige*.

Pero ben, ao que imos. A ría de Ares, unha noite de inverno, vento racheado, se cadra máis forte do previsto, un buque cisterna está fondeado á capea. A pesar das inclemencias meteorolóxicas, o barco inicia a manobra para entrar no porto da Coruña. Algo sae mal, falla a máquina, e o barco, sen asistencia cercanas, acaba encallado contra as rochas. Obviamente,



estou falando do *Mar Exeo*, porque as similitudes co *Blue Star* do *Mar Exeo* son abraiantes vinte e sete anos despois. Por sorte, desta volta o barco viña baleiro e dispoñía de duplo casco pero as semellanzas son realmente preocupantes.

Queremos saber, igual que queríamos saber no caso do *Mar Exeo*, qué aconteceu exactamente no momento no que o *Blue Star* perde a máquina, ás 22.20 horas, ata que embarranca definitivamente ás 23.50 horas, unha hora e media despois; que conversas tivo o capitán do *Blue Star* coa torre de vixilancia da Coruña e se comunicou á comandancia marítima o seu estado. Como pode ser que diante do porto da Coruña, na ría de Ares, haxa un barco unha hora e media cunha derrota, un barco sen máquina, que o leva a embarrancar contra as Illas Mirandas de Ares sen que haxa posibilidade de lle dar remolque desde A Coruña ou Ferrol. ¿Avisou tarde o capitán do incendio e da avaría? E, nese caso, ¿o persoal da torre da Coruña non foi quen de ler a situación do navío polo radar, non puido ver o perigo inminente de colisión? Dito doutra maneira, ¿houbo demora no aviso, houbo demora na reacción ou houbo demora na asistencia? Ou a peor das opcións: ¿Será que nese momento non había medios a disposición cercanos para unha acción rápida e inmediata? Todas estas preguntas é importantísimo telas claras para evitar que casos como este poidan volver acontecer.

O *María Pita* foi o remolcador que asistiu nun primeiro momento o *Blue Star*. Algunhas persoas relacionadas co mar na Coruña advertíronnos das deficiencias do estado dese navío, cunha capacidade de remolque limitada. Aquí a conselleira explicou o outro día que o *Don Inda*, un remolcador que si ten esa capacidade, chegou o sábado pola mañá. Insisto, menos mal que o barco estaba baleiro, ¡menos mal!, porque se estivese cheo realmente, hoxe en día probablemente estaríamos falando doutra cousa. Aproveitemos a oportunidade para aprender para o futuro desta experiencia.

Queremos analizar en profundidade o que aconteceu, pois é a única maneira real de tentar que non volva acontecer. Solicitaremos, desde o Grupo Común da Esquerda, o informe que emitirá previsiblemente a Comisión permanente de investigación de accidentes e incidentes marítimos. Estaremos moi atentos a este informe.

Sobre as actuacións da Xunta, pois tamén nos preocupan. Actívase o Camgal (Plan anticontaminación marítima) e, sen embargo, non vemos absolutamente ningunha barreira pola zona. A conselleira dixo o outro día aquí que era polos traballos que se estaban a realizar desde o mar. Sen embargo, a partir do segundo día, non se realizou ningún traballo desde o mar. Todos os traballos foron de preparación desde a terra e todos os traballos foron de extracción de combustible desde a terra, ¿por que non había esas barreiras? De feito, chegou a haber un verquido que, aínda que foi pequeno, realmente foi un verquido. Nese momento, —insisto— non había ningún tipo de barreiras anticontaminación cercanas porque tamén é certo que as barreiras anticontaminación non se poden poñer en casos de mal tempo, pero tampouco había ningún barco *skimmer* dos que —por certo— están no porto da Coruña. Ou sexa, que tampouco sería nada complicado levalo ata aí. Esta fin de semana corre polas redes sociais un vídeo gravado en Sada onde se ve un verquido de varias ducias de metros, e algúns mariñeiros e algunhas persoas da zona pensan que podería ser ese pequeno verquido que si aconteceu no momento do combustible.



Unímonos ás peticións de axuda para as confrarías afectadas polos paros na pesca e no marisqueo neses días. E, aparentemente, o máis sorprendente para nós é que non parece ser un problema de medios, temos os medios. Entón, ¿cal é o problema? Hai que sabelo. Temos que coñecer cal é o problema de que un barco quede sen máquina unha hora e media diante do porto da Coruña, entre o porto da Coruña e o porto exterior de Ferrol, e non sexamos capaces de evitar que se vaia a pique. Fagamos unha reflexión porque é realmente preocupante, é moi preocupante.

Necesitamos toda a información do acontecido neste caso. Necesitamos unha investigación a fondo. Necesitamos e entendemos que este incidente é unha boa oportunidade para aprender e evitar no futuro situacións similares, porque queremos a garantía de que realmente os medios que temos á nosa disposición, tanto técnicos como humanos, son capaces de facer fronte a este tipo de incidentes. Estamos falando realmente dun caso que nos ten que poñer en alerta.

Creo persoalmente, incluso, que case é unha pequena bendición ter tido este incidente que tivo só repercusións menores, porque imaxinemos que este barco fose cargado. Recordemos o *Urquiola*, o *Mar Exeo*, o *Prestige*, recordemos tantos outros barcos. Temos aquí o corredor marítimo de Fisterra, moi cerca de aquí, cada ano pasan trinta e seis mil navíos. Nos datos que deu o *Monte Enxa* —nós non imos dicir que se coordina desde Madrid, non chegamos aí, o *Monte Enxa* funciona desde hai vinte e cinco anos, precisamente nestes días fixo o seu aniversario, e, por suposto, que nos parece que isto foi unha vantaxe nestes últimos anos...—

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Remate, por favor.

O señor JOVE GONZÁLEZ: ...pero de trinta e seis mil navíos —vou dar o dato concreto— arredor de doce mil levan substancias perigosas, químicas e contaminantes.

Tomemos este tema en serio e, por suposto, imos apoiar esta moción do BNG. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Jove.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Boas tardes-noites, señorías.

Para o Grupo Socialista, dende logo, é prioritario o mantemento da seguridade marítima nas súas vertentes de protexer vidas, de protexer os buques, así como da protección das nosa costa e dos recursos mariños.

Na operación de rescate do *Blue Star*, que finalizou sen danos medioambientais, que é unha das prioridades de salvamento marítimo xunto coa salvagarda de vidas humanas, foi fun-



damental a coordinación entre as distintas administracións (a central, a autonómica e a local) e así tamén a coordinación entre os servizos públicos e privados. Esta operación amosou a madurez do salvamento marítimo público. Este operativo desenvolveuse en dúas fases. A primeira fase do operativo, tendente a evitar o risco medioambiental, coa retirada das cento dez toneladas de combustible e outras catorce de aceites e outros residuos, e unha segunda fase consistente en reflotar o buque. Para que esta operación chegara a bo porto foi crucial a coordinación entre todos os servizos. Neste caso, no do *Blue Star*, a empresa encargada de dirixir o operativo si atopou desta vez un interlocutor máis receptivo na administración marítima española, cousa que non aconteceu en casos anteriores, como casos que xa foron recordados aquí.

A navieira foi a que asumiu a responsabilidade sobre o barco, tal e como establece a lexislación internacional. Foi a propia navieira a que no seu momento decidiu suspender os intentos de reflotación para unha mellor análise da situación do barco. Nese momento o Goberno central estableceu como prioridade a protección do entorno e así llo exixiu á armadora nun plan de extracción do combustible.

Agora que xa se reflotou e que está a rematar o informe final de danos para coñecer o alcance das reparacións, que se farán —polo que coñecemos— en Navantia, coincidimos en que é necesario investigar e analizar as causas do accidente do *Blue Star*, así como se os procedementos adoptados foron os axeitados. Por iso nos parece axeitado pedir ese informe detallado para presentar nesta Cámara. Sinalar, neste senso, que a comisión de investigación de accidentes e incidentes marítimos está a investigar as causas deste accidente e que se prevé que se dean a coñecer os seus resultados nun prazo dun ano. E, dende logo, coincidimos en que é fundamental que se lle transmita toda a información dispoñible e de xeito permanente a todo o sector pesqueiro e marisqueiro afectado.

No tocante ás liñas de axuda para compensar as rendas do traballo do sector, a pesar de que dende o pasado domingo xa se pode faenar, é certo que durante tres semanas non puideron facelo, co conseguinte prexuízo económico. Polo tanto, coincidimos co grupo proponente en que é necesario axilizar estas axudas para o sector. E neste punto quedo coas verbas da conselleira do Mar no anterior pleno, cando compareceu nesta Cámara, que dicían que primeiro se adoptara a prohibición de faenar por razóns de seguridade, cuestión que non discutimos, pero dixo tamén que despois xa se miraría como poder sufragar a inoperatividade do sector.

Nós, dende o Grupo Socialista, o que lle pedimos ao Goberno da Xunta de Galicia é axilidade na posta en marcha destas axudas tan necesarias para o sector, con independencia —como dixo algún dos voceiros que falou antes ca min— de que despois estas axudas se poidan repercutir na empresa aseguradora. E pedímoslle axilidade porque é moi asiduo por parte da Consellería do Mar dicir que están a traballar a prol do sector pero moitas verbas e poucos feitos, porque despois vémoslo nos propios orzamentos da Xunta de Galicia para a Consellería do Mar, que foron recentemente aprobados, nos que vemos que non fan unha aposta decidida polo sector. Por exemplo, porque votaron en contra de emendas que presentou este grupo socialista, como a de incluír eses seguros para o mal tempo e para ese sector cando non poida saír faenar.



É certo que o propio sector afectado polo *Blue Star* lle pedía á Xunta de Galicia zonas alternativas para seguir traballando, nunha das mellores épocas do ano —como aquí se dixo—, e queixábase tamén por non ter tido información oficial sobre accidente e polos plans con respecto a este colectivo

No tocante á petición da transferencia de competencia de salvamento marítimo, nós consideramos que o fundamental neste senso non é tanto ter as competencias como que estas funcionen. Non estamos en contra pero entendemos que habería que estudar se transferir esta competencia vai implicar unha maior eficacia, fundamental neste servizo. É fundamental ver se esa transferencia vai implicar unha maior eficacia e tamén unha maior seguridade.

Porque, ¡claro!, vemos que nós, que somos un partido autonomista, e así o temos demostrado con iniciativas que tamén traemos a esta Cámara —non como outros partidos, que en máis de dez anos de goberno non foron quen de solicitar nin unha soa desas transferencias—... (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...nós imos solicitar a votación por separado deste último punto para seguir en liña co que ten amosado este Grupo Parlamentario Socialista á hora de debater esta transferencia. Por iso solicitaríamos votar este punto por separado.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señora Egerique.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Boas tardes, grazas presidente.

En primeiro lugar, gustárame dicir que todas as cuestións que vostede plantexa hoxe nesta moción, señora Prado, pois teñen resposta hoxe, porque o outro día cando vostede fixo a interpelación, malia que a conselleira deu claras explicacións, hoxe xa teñen todas resposta. E precisan información e van ter información, porque nós non nos imos opoñer a dar información e máis, ademais, cando a Xunta de Galicia e o propio presidente xa anunciaron que se fará un informe e que vostedes terán ese informe deste suceso.

Falemos do *Blue Star* sen problema, con total transparencia, non hai nada que ocultar. Ademais —como digo— é hoxe o día de falar, de render contas, de facer o debate político. Hoxe é o día de facer o debate político, porque ninguén dos que estamos neste parlamento e ninguén —insisto— quere que estas cousas acontezan. A min paréceme que para facer comparacións e comparar este caso co do *Mar Egeo* pois habería que poñer algún matiz, ¿non? Tampouco tiña carga e combustible. É verdade que é igual de grave pero non é comparable co acontecemento que tivo o *Mar Egeo*.

Nós cremos que vostedes, moitas veces, fan política soamente en contra da Xunta, en contra do PP, porque nótase moitísimo cando está gobernando o Partido Popular en Madrid e en



España, no Goberno de España, e cando está o Partido Socialista, ou cando está facendo ou intentando facer un goberno e como se gardan vostedes todas as exixencias de explicacións ao Ministerio, porque non existe o Ministerio de Fomento neste momento.

Aquí houbo un voceiro que falou de todo o que fixo a Xunta, ou que cre que non fixo, polo que lle solicita información, outros falan dun ninguneo total da Xunta. Entón, ¿que están dicindo, que fixo todo o Ministerio de Fomento? Entran vostedes en moitas contradicións por intentar facer unha política en contra da Xunta de Galicia e unha política en contra do PP, incluso con este tema.

Nós dicimos que cando está —insisto— o PSOE en Madrid non din nin palabra, non existe o Ministerio de Fomento. A señora Otero fixo aquí un relatorio, unha información do que puideron dicirle ou contarlle do propio Ministerio e a señora Prado, o señor Xove e o señor Villares falan soamente da Xunta de Galicia.

Miren. O primeiro, señorías, salvar vidas. Despois, evitar a contaminación. Despois, salvar o barco e logo, é dicir, agora, hoxe, é facer un debate político. Si, é verdade, un debate político en profundidade. Ademais, eu estou convencida, e todos sabemos, que melloramos moitísimo en condicións de salvamento marítimo, e Galicia é a comunidade autónoma que ten máis medios en seguridade e en salvamento marítimo.

Nós vemos neste tema —como digo— un certo oportunismo. Vemos pouco traballo e, ademais, escaso valor político, moito valor partidista, sobre todo, pola interpelación que se fixo no pleno pasado. Pero nós estamos dispostos a apoiar os cinco primeiro puntos da moción tamén, porque nós temos razóns sobradamente claras e, ademais, unha transparencia total ao informar sobre o que se fixo neste caso.

O sexto punto, como claramente saben vostedes que debatemos moitas veces nalgunha PNL, é rexeitar a transferencia de competencias, porque está claro que ter competencias en Galicia non vai garantir e non vai mellorar, non vai evitar que isto poida pasar ou que se fagan mellor esas tarefas de rescate ou de salvamento.

Vostedes agóchanse ou escúdanse nun discurso que non está fundamentado. Nós temos dito moitas veces, e ademais hai informes, nós na PNL que trouxemos hai escasamente seis ou sete meses sobre este tema —tamén de transferencia das competencias— deixamos claro que iso non ía garantir que, se as competencias estiveran aquí, se fixeran mellor os traballos. O que é importante é que están coordinadas dende Galicia por parte de expertos galegos, que están coordinadas aquí en Galicia e que saben moi ben o que fan. Porque aquí vostedes din que as transferencias veñen aquí a Galicia, como di o señor Villares, e o señor Feijóo non sería quen de coordinar. ¿Que queren facer vostedes? ¿Coordinar politicamente esas tarefas de salvamento? Están feitas por técnicos de Galicia, coordinadas dende Galicia, a escasos metros e quilómetros de onde estaba o barco. Polo tanto, nós cremos que está perfectamente e que se mellorou moito neste tema, e que Galicia ten medios e ten medios operativos.

Mire, a diferenza do Bipartito, que decidiu ter tres medios aéreos cun tempo de resposta de trinta minutos, co Goberno do PP optamos por medios aéreos, vinte e catro horas e tres-



centos sesenta e cinco días, cun tempo de resposta de dez minutos. E iso, ademais, nótase dende que se tomou esa decisión. Téñense incorporado corenta e dúas novas persoas dende o ano 2014. A maioría expertos e persoas que saben deste tema, galegos, e que están coordinando estes accidentes dende Galicia. Estanse renovando catro patrulleiras e unha patrulleira pesada. Polo tanto, non digan vostedes que está abandonado ou que non se está mellorando. Funcionan, responden e, polo tanto, ese discurso de privatización e de falta de medios é rotundamente falso.

Nós, señora Prado, imos apoiar os cinco primeiros puntos. O un: presentar un informe detallado. Terán ese informe detallado, que se está a redactar, e non se esquezan de exixirillo tamén ao Goberno de España, porque creo que é importante que teñamos tamén todos un informe do Ministerio de Fomento ou de quen teña as competencias neste ámbito.

O punto segundo: manter informado o sector. Estivo informado en todo momento e o que nos resulta curioso é que vostedes citen varias confrarías do Arco Ártabro na exposición de motivos e cando fixeron a interpelación falaban só de Ferrol. Entón, nós non sabemos se vostedes demandan información para unhas e van informar, ou desinformar, a outras. Hoxe aquí dixo, señora Prado, pero ao escribir ou redactar a exposición de motivos non coincidían a confraría na interpelación coas que vostede puxo na exposición de motivos.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Xa remato, presidente.

No punto tres, as medidas que solicitan están todas en marcha. E o punto catro: sobre as liñas de axudas. Apoiámolo totalmente e, ademais, dígoo demandándoo tamén do Goberno de España, porque creo que, ademais, esta acción foi tomada pola Capitanía da Coruña no exercicio das súas competencias, ao abeiro do Real decreto lexislativo 2/2011.

Polo tanto, nós no punto cinco «unha proposta realista», que apoiamos absolutamente e que, ademais, se lles podía demandar ás autoridades portuarias da Capitanía marítima tamén.

Polo tanto, son puntos que son importantes, imprescindibles, e que imos apoiar se vostede acepta a votación por puntos, porque sabe que na transferencia de competencias nós estamos en contra.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Insisto, Galicia é a comunidade autónoma que máis medios posúe para o salvamento marítimo. E remato desexando que non sucedan acontecementos e accidentes deste tipo, como todos desexamos neste parlamento.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Egerique.



Grupo autor da moción, señora prado.

A señora PRADO CORES: O BNG agradece a posición favorable de apoiar unha parte importante da moción que presentamos. Fundamentalmente —eu díxeno na exposición— no que respecta á información para non seguir repetindo os mesmos erros, para aprender do acontecido e, sobre todo, para ocuparnos do sector do mar, porque o sector do mar precisa preocupación e ocupación.

Entón, parécenos moi ben que o Partido Popular vaia votar a favor pero logo nós tamén estaremos expectantes de en que prazo se arbitran esas axudas e en que prazo se presenta aquí este informe. O BNG pide explicacións en Galiza porque estamos en Galiza e porque o accidente aconteceu en Galiza, nunha ría galega. Evidentemente, xa temos pedido explicacións tamén en Madrid —evidentemente— porque hai competencias e explicacións que ten que dar o Goberno do Estado.

Eu laméntoo, *excusatio non petita, accusatio manifesta*. Eu nin na miña intervención nin na exposición da moción pon ou fala, para nada, da falta de medios, nin de... Creo que alguén aquí se sente aludido.

En todo caso, eu lamento que nin PP nin PSOE vaian votar a favor da transferencia a Galiza das competencia en salvamento marítimo e loita contra a contaminación porque se ven retratados. Porque —mire— Galicia está situada na zona de tránsito diario de embarcacións que transportan mercancías a través do corredor de tráfico. Corenta mil buques —ao redor de dezaioito mil oitocentos con mercancías perigosas—, cen buques ao día —dos cales trinta e cinco levan mercadorías perigosas—. Linlles o informe da Axencia Europea a respecto de que non hai ningunha protección para todo aquilo que non sexan hidrocarburos e vostedes resulta que non queren... E a isto tiñamos que engadir o tema de todos os sinistros de pesca e de embarcacións deportivas, que son a maioría deles. E ter os recursos aquí e a capacidade de decisión aquí —non un galego, senón en Galiza e polo Goberno galego— resulta que para vostedes é un problema. Dende logo, para o BNG non, nin moitísimo menos. Porque hai aquí quen hoxe dixo que non tiña nada claro que ter aquí as competencias fose funcionar mellor. Eu non sei por que pensan que un madrileño vai ser máis listo que un galego. Dende logo, no BNG cremos que os galegos somos tan listos como calquera. (*Aplausos.*) ¡Tan listos como calquera para tomar as decisións! (*Murmurios.*)

Claro, como todo o mundo sabe, é moito mellor que alguén de fóra mande na túa casa. É moito mellor que che administren o orzamento, que che digan o que tes que comprar, o que tes que comer, como tes que vestir, o que tes que mercar e que facer cos cartos que pagamos nós. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

A señora PRADO CORES: É moitísimo mellor sempre que cho diga alguén de fóra, e se é de Madrid moitísimo mellor, porque en Madrid teñen unha cuestión moi a maiores. Dende logo, parécenos moi lamentable que se crea que alguén de Madrid vai facelo mellor ca nós, tendo aquí as competencias. Dende logo, no BNG temos moi claro que gobernar nós a nosa casa e



decidir nós o que nós convén sempre é moitísimo, moitísimo mellor. E hai unha cousa moi clara: despois dunha década, o Partido Popular non quixo absolutamente ningunha competencia máis, nin unha soa na década Feixóo, ¡nin unha soa! Non quere ter instrumentos para actuar sobre os problemas que nos afectan; nin os problemas do mar, nin os accidentes do mar, que, dende logo, afectan, e moito, o noso país.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo tanto, hoxe, estamos a favor da información, a favor de ocuparnos da xente do mar, pero o BNG seguirá insistindo en termos nós a capacidade de decisión sobre o que nos afecta, e o mar aféctanos e moito.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Deduzo que vai aceptar a votación por puntos, e iso significa que o que hai que separar é o último punto, que é o sexto. Correcto. Grazas.

Moción do G. P. Grupo Común da Esquerda, por iniciativa de D^a Eva Solla Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de atención pediátrica.

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, e outra do Grupo Parlamentario Popular.

(*O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.*)

Emenda de adición

Débase engadir no último parágrafo da parte resolutiva da moción o seguinte contido:

Engadir in fine: «...e comprometerse a convocar a totalidade destas prazas MIR que o Goberno central ten habilitadas para o vindeiro ano 2020.»)

(*O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa do deputado Aurelio Núñez Centeno, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda:*

Emenda de substitución

Débase substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

«O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:



1- *Que as decisións organizativas que se adopten respecto á prestación dos servizos sanitarios teñan como prioridade a súa prestación desde a proximidade garantindo a seguridade e a mais alta calidade posible na prestación deses servizos de acordo cos criterios profesionais, técnicos e das sociedades científicas avaliados con carácter xeral pola comunidade científica.*

2- *Manter o seu compromiso coa asistencia sanitaria aos veciños e veciñas de Verín e á súa contorna garantindo a proximidade, a seguridade e a calidade de xeito que se recupere a actividade do paridoiro cando de acordo cos principios sinalados no punto anterior (nomeadamente a dispoñibilidade de pediatras) se garantan as condicións de seguridade no parto para as nais e na atención aos neonatos.*

3- *Impulsar o Plan de Futuro do Hospital de Verín mellorando ou incluíndo na súa carteira de servizos novas prestacións, tales como Hospitalización a Domicilio (HADO), Programa de saúde da muller, cribado da cérvix ou novo servizo de urxencias.*

4- *Demandar do Ministerio de Sanidade:*

a) *Que coordine coas Comunidades Autónomas a oferta de todas as prazas acreditadas de MIR de Pediatría.*

b) *Que permita e regule a formación dos residentes con períodos de rotación en hospitais comarcais.*

c) *Que modifique o Real Decreto que regula a vinculación laboral do persoal en formación para permitir a formalización de contratos estables en prazas de difícil cobertura ao rematar o seu período de formación.*

Asemade, o Parlamento de Galicia amosa o seu recoñecemento a todos os profesionais da sanidade pública, e en particular aos que desenvolven o seu traballo no ámbito rural tratando de dispensar a mellor atención a todos e todas as pacientes con independencia do seu lugar de residencia.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción ten a palabra a señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde.

En Verín nácese por orde xudicial. Debe ser o único concello no que hai que nacer vía orde xudicial. É absolutamente incompresible que dúas semanas despois do debate que tivemos aquí, da protesta masiva de milleiros de persoas en Verín, o Goberno do Partido Popular siga sen dar marcha atrás nunha decisión absolutamente incompresible e cruel, que non se fundamenta en conceptos, dende logo, profesionais e que non está abalada por elementos científicos. E xa explicarei e me referirei —como fixen no pasado pleno— na intervención.

É absolutamente incompresible que non se dese marcha atrás pero o que é, se cadra, peor que incompresible é que cada vez que o presidente da Xunta de Galicia e a Xunta de Galicia



parece que queren modificar a súa posición e dicir que xa non se vai pechar, que depende, o único que fan é insultar e esconderse detrás dos profesionais.

Hoxe, amencemos con outras declaracións do presidente da Xunta de Galicia, que —eu teño que dicilo aquí— cada vez se ve nese asento máis pequeno, porque é absolutamente covarde, primeiro, agocharse detrás dos profesionais sanitarios e, en segundo lugar, hoxe agocharse detrás das nais. Cada vez mingua máis nese sillón e vai ter que tomar algún tipo de decisión. Ou cesa o conselleiro de Sanidade, ou quen cesarán o presidente serán as galegas e galegos e, por suposto, os veciños e as veciñas de Verín.

E iso é así porque —como saben as súas señorías— hai dúas semanas tivo a desgraciada idea de agocharse detrás dos profesionais dicindo que eran os profesionais e que eran os datos que se ofrecían —datos, por certo, polos que aínda estamos agardando— os que recomendaban, por razóns de seguridade e de pericia profesional, trasladar os partos a Ourense.

Non lle falta de nada: insulta os profesionais de Verín e non ofrece datos nin ningunha evidencia científica. Xa trasladamos que había que ler completa esa guía na que se baseaban e que foi desmentida por parte dos profesionais: a *Guía de maternidade hospitalaria*. Porque hai, ademais de criterios de número de atencións —que, por certo, nunca se chegou ao número de atencións que veñen nesa guía hospitalaria—, tamén criterios de dispersión poboacional e criterios de isócronas á hora dos traslados. E iso é bastante evidente porque, se non, en ningún concello do rural terían dereito a ter practicamente ningún servizo. Resulta bastante obvio que iso non se colle con pinzas.

Pero como non chegou con iso, agora que din que, se tal, se hai algún pediatra que se reabra. Onte o que facía era agocharse detrás das nais e trasladarlles a responsabilidade ás nais: que ¡bueno!, que, se queren ir, poden ir ao paridoiro baixo a súa responsabilidade. Claro, ¡como se fora un *self-service* o paridoiro! As mulleres de Verín e as mulleres de Monterrey teñen o mesmo dereito a ter un servizo sanitario público de paridoiro e os nenos e nenas desa comarca teñen o mesmo dereito a ter un servizo de urxencias pediátricas. É absolutamente incomprensible que un presidente dun goberno autonómico se agoche primeiro detrás dos profesionais e despois detrás das nais e das familias; é absolutamente incomprensible. Porque o que se está trasladando, a mensaxe que se está dando a esas persoas que se mobilizaron é que non teñen dereito a vivir aí. Hoxe —por certo, hai que agradecerlles o esforzo, o tesón e o exemplo que están dando— estaban ás portas deste Parlamento con tres graos de temperatura, sen que ningún membro da Consellería de Sanidade —xa non digo o presidente— tivera a ben baixar falar con elas e eles, baixar recibilos, baixar dicirlles que o entenden, baixar dicirlles que o van resolver, baixar dicirlles que van poñer todo da súa parte. Ninguén tivo a ben nin sequera achegarse, porque ese é o respecto que teñen polo rural e polos servizos dos concellos do rural.

Xa o dixen no pasado pleno: ¿para que van traer unha lei de demografía? Gárdena na gabela, gárdena no peto, non a traian. Porque se non hai emprego e non hai servizos públicos non podemos falar de demografía, non podemos falar dese problema de desprazamento da poboación cara aos núcleos urbanos. Nalgúns ámbitos fálase da España *vaciada*. Eu creo que



en Galicia deberíamos de empezar a falar da Galicia expulsada, ¡expulsada!, porque non se pode vivir nas vilas que non teñen servizos públicos, porque, ao final, se traslada ás familias —e neste caso con algo tan delicado como é a saúde dos nenos e das nenas— a responsabilidade de asumir se queren vivir lonxe ou preto dun servizo sanitario. ¿Que van facer? ¿Que fan a maioría das persoas? Irse, irse. ¿Queren vostedes iso para os concellos do rural? Eu creo que non.

(Pronúnciase palabras que non se perciben.)

Si, é unha graza, unha graza. Poden facer bromas con isto, é absolutamente gracioso. Aos pais aos que lles quitaron o neno despois de nacer para trasladalo en ambulancia a Ourense fíxolles moita graza, señores do Partido Popular; moitísima graza.

E esa é a situación que temos neste momento. Iso é o que se lles está trasladando: que non teñen dereito porque viven lonxe, e que as nais son unhas comodonas e, encima, claro, ¡como non nacen nenos, pois mellor pechamos o servizo e que se desprace todo o mundo a Ourense! Claro que tampouco hai todos os servizos no hospital de Ourense, porque a cirurxía pediátrica seguimos sen repola, as matronas na atención primaria son nove para toda a provincia, e o número de pediatras está en caída libre, sen que se tome ningún tipo de medida. Esa é a situación que temos na provincia.

¿Por que sae o señor Baltar contradicindo o seu partido? ¿Volveuse un esquerdista, un defensor da sanidade pública, unha persoa perigosa? Ben, iso último non o sabemos. *(Murmurios.)* Pero, ¿por que sae o señor Baltar? Porque o señor Baltar sabe —el vive en Ourense— o que pasa cando un vive no rural. Non sae porque defenda agora a sanidade pública, non sae porque agora sexa de esquerdas; sae porque vive alí, sae porque ten que escoitar os veciños e as veciñas, incluídos os seus alcaldes, as súas alcaldesas e os seus concelleiros. Sae porque vivir no rural é un dereito e, polo tanto, sae timidamente porque é unha persoa relevante dentro da estrutura do Partido Popular e tampouco se poden contradicir moito, pero esa é a situación que temos. Esa é a situación que temos, e en vez de dar marcha atrás e asumir que o que fixeron foi un erro, que está mal, que foi premeditado, —o cal, por certo, dixemos aquí...

Non cremos, dende logo, que o conselleiro de Sanidade lle teña manía a Verín ou Ourense, pero era máis barato non repoñer o pediatra e pechar os servizos. Era máis barato non buscar mellores contratacións, mellores condicións laborais, mellor carreira profesional para que os profesionais quedasen no rural. Porque, obviamente, se van escoller entre un centro con peores condicións laborais e outro con mellores, escollerán o de mellores. Se van escoller entre un centro con mellor ámbito profesional e un peor, escollerán o mellor. E, dende logo, é obvio que o que hai que facer é ter responsabilidade, planificar os servizos sanitarios e primar aqueles postos de traballo onde se necesitan os profesionais.

Porque se a escusa agora é que se xubilan os profesionais e non queren ir, ¿que vai pasar se se xubilan no Barco de Valdeorras? ¿Pechamos os servizos? ¿Pechamos todos os servizos no rural? É absolutamente inadmisibile, e creo que en vez de insultar continuamente e agochase detrás dos profesionais e das mulleres, esas persoas merecen un respecto e unhas desculpas.



O que aconteceu esta semana é absolutamente inadmisíbel. Claro que nacen os nenos por orde xudicial, aínda que non se emitira un papel, non importa. ¿Que acontecería se o xulgado de garda non collera o teléfono, se estiveran ocupados, se unicamente tivera que decidir o profesional? ¿Que acontecería? É unha pena que non estea o conselleiro de Sanidade. ¿Abrirían un expediente a ese profesional? ¿Ou preferirían que se mandara a nai correndo o risco de parir polo camiño, coas complicacións que puidesen xurdir polo camiño? ¿Cre que se pode manter os servizos sanitarios públicos así? ¿Cren que se poden manter o dereito das nenas e dos nenos —xa non digo das nais— nestas condicións? Non hai dereito, e eu creo que hai a oportunidade de que se dea marcha atrás, pero que se dea de verdade. Teñen na moción os puntos co que nós consideramos que hai que facer. Hai que dotar esas prazas, hai que dotalas de calidade, e teñen que manter a globalidade dos servizos. Prorrogouse ata tres veces a xubilación do pediatra; sabían perfectamente o que ía a pasar. Puxémolo por escrito, preguntamos na Comisión de Sanidade. ¡E non pasaba nada, non había perigo ningún!

E non é circunstancial, non pasa porque si. Pasa o mesmo en medicina interna, pasa o mesmo en dermatoloxía, pasa o mesmo coa anestesia. Non hai intención de dar servizos ao rural porque se considera que é un gasto e, polo tanto, os habitantes do rural son habitantes de segunda. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Ben, dende o noso grupo cremos que hai que falar de dúas cuestións. En primeiro lugar, e por ser o máis sucinto posible, estaremos a favor da iniciativa. Creemos que as medidas que se plantexan teñen sido debatidas, normalmente na Comisión 5ª, nun debate longo de tempo. Nós plantexamos algunhas outras algunha vez, o grupo propoñente tamén e outros grupos propuxeron tamén outras que son de interese. Presentamos, iso si, unha emenda, un engadido pequeno con respecto ao último punto porque estamos de acordo en demandar do Ministerio ese esforzo, pero é certo que para o ano 2020 xa é coñecido que o ministerio habilitou o MIR máis grande da historia —tamén o MIR máis grande da historia para Galicia— e tamén, en particular, o número de prazas MIR máis grande que nunca se habilitara en Galicia: vinte e sete prazas van ser, un terzo máis que o ano que máis se habilitaron gobernando o Partido Popular en Madrid. Polo tanto, cremos que é importante destacalo. E a nosa emenda é que pedirle ao ministerio está ben pero é que a Xunta faga a súa parte, que é convocalas. Porque hai algo sorprendente: temos un déficit de pediatras pero todas as posibles prazas que había para convocar en formación MIR nunca se convocaban. Temos un déficit de médicos de familia e non se convocaban prazas de médicos de familia en MIR; perdéronse cento cincuenta. Temos un déficit de pediatras e non se convocaban prazas MIR de pediatras. Polo tanto, aí vai a nosa emenda.

E sobre a cuestión que focalizou a intervención da propoñente e que é evidente que é o tema esencial do debate, cremos que hai que puntualizar tres cuestións. En primeiro lugar, o peche



do paritorio de Verín é unha decisión política, sen ningún outro criterio máis que o propio criterio político. Non hai un criterio técnico que obrigue a ningunha decisión. Hai criterios técnicos en informes pedidos feitos por profesionais moi contrastados, si, e tamén hai outros profesionais moi contrastados que estarían dispostos a facer outros informes e que teñen manifestado a súa opinión. Hai opinións diversas e, por tanto, a situación na que estamos é unha que é bastante habitual no debate político, e é que non hai unha decisión única dogmática evidente e natural como se non fose posible contemplar outra. Hai un espazo de decisión e, por tanto, hai que poñer un criterio. É unha decisión política porque, se antes de ter tomado esta decisión, o Partido Popular quixera por calquera cuestión tomar outra — por exemplo, reforzar o paritorio —, tería xustificación técnica tamén, porque hai xustificacións técnicas para ambas cuestións. Por tanto, é unha decisión puramente política.

E nese plantexamento o que nós dicimos é: con eses criterios entón temos a obriga de defender o retorno do servizo a Verín porque, ademais, estaremos defendendo outros hospitais. Porque probablemente hai xente que pensa que o de Verín é un marrón que hai que *colar* e tragar e que xa pasaremos, pero despois de Verín haberá máis problemas porque virá Valdeorras, e despois virá Monforte, e despois virá A Mariña, e despois virá Cee, e despois virá o Barbanza e despois virá o Salnés. E, por tanto, aos deputados e deputadas que cren que iso non lles vai pasar, dígolles que si. Porque se apoiamos isto, se deixamos que se peche o paritorio de Verín, vai pasar noutros. (*Aplausos.*) En primeiro lugar, decisión política porque ese é un criterio político, foi unha decisión puramente política. (*Aplausos.*)

En segundo lugar, hai unha desconexión coa realidade tan enorme que se provocou un conflito fundamentalmente por iso, ademais de porque a decisión é horrible, pero fundamentalmente polas formas en que se tomou; as formas coas que responderon ás reaccións da cidadanía, cun xerente e un conselleiro practicamente insultando as persoas e dicíndolles aos profesionais que non eran válidos, que non tiñan pericia. Estaban experimentando que pasa se pechamos un paritorio e explotou, e vostedes non estaban preparados para estas accións, non contaron con isto. Dous días antes desta decisión dicían que ampliarían servizos en Verín. Ampliar servizos non é facer máis grande o cuarto de baño. Vostedes dicían que ampliarían servizos e, en realidade, estaban vostedes experimentando coa situación e explotoulles na cara.

E, en terceiro lugar, hai unha argumentación perigosa —xa foi dito aquí—. En primeiro lugar, apelouse á seguridade, á política do medo —dun medo tremendo porque é unha seguridade sobre unha cuestión vital—. Pero, curiosamente, cando empezou a cousa do señor Feijóo de intentar recuar, a solución xa foi o número de profesionais. ¿Pero o problema de seguridade non era o número de partos? Porque o da seguridade era porque non había partos suficientes, pero logo o problema era o persoal. E logo, antes de que se resolva a praza, as nais poden ir parir pero baixo a súa responsabilidade, que é unha barbaridade, e agardo de verdade —tiven que lelo tres veces— que me poidan corrixir e que non dixese iso o señor Feijóo. Se dixo que as nais poden ir parir a Verín baixo a súa responsabilidade é unha barbaridade absoluta e, ademais, aquí hai xente que estou seguro de que o comparte. Era tan fácil rectificar, tan fácil... Sempre é complicado, pero era fácil porque se percibiría o acontecido como unha desconexión circunstancial da Xunta pero se entendería a rectificación.



Están vostedes facendo un equilibrio imposible de quedar ben pero manter a decisión, porque non queren resolver. Tiñan un problema en Verín coa xestión dese servizo e, en vez de resolvelo, pechárono. Ese é o problema da política: cando alguén se dedica a pasar problemas e non a transformar a realidade para movelos. Vostedes non buscan solucións; están buscando escusas, e esa é unha maneira desastrosa de resolver un problema coma este. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Grupo Parlamentario Popular. Señor Núñez Centeno.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, señor presidente.

Señora Solla, se o presidente da Xunta insultou os profesionais de Verín, vostede vén de insultar tamén os corenta e catro profesionais do Hospital de Ourense que asinaron o documento que asinaron e que vostedes non queren recoñecer.

Ben, o Grupo Parlamentario Popular presenta unha emenda a esta moción que ten tres partes: unhas demandas á Xunta, unhas demandas ao Goberno central e un recoñecemento parlamentario aos profesionais que traballan no rural, sobre todo a aqueles que están en prazas de difícil cobertura. ¿E que lle pedimos á Xunta? Pedímoslle prioridade da prestación sanitaria máis próxima pero con garantía de calidade e seguridade e sempre avalada pola evidencia científica e as opinións dos profesionais. Pedímoslle o mantemento do compromiso coa asistencia sanitaria en Verín e que abra a posibilidade de recuperación do paritorio se se cumpren os requisitos de seguridade e se cobren as prazas de pediatría convocadas para este centro hospitalario. E pedímoslle tamén que complete a carteira de servizos do Hospital de Verín con infraestruturas, con equipamento, con persoal e con servizos: cun servizo de urxencias bo, axeitado e, por exemplo, coa extensión da hospitalización a domicilio, que cremos que realmente xa é unha necesidade no rural galego pola idade da nosa poboación e pola dispersión xeográfica que temos.

¿Que lle pedimos ao Ministerio? Ao Ministerio pedímoslle que se incrementen as prazas MIR de pediatría —despois explicarei como—. Pedímoslle tamén que permita a rotación destes MIR nos hospitais comarcais e pedímoslle que modifique o real decreto de vinculación laboral dos residentes —dos MIR— para permitir a formalización de contratos estables ao rematar a súa formación. Non vén na iniciativa pero tamén pedimos sempre a taxa de reposición e o incremento da homologación de profesionais estranxeiros.

Con respecto ao punto primeiro da súa iniciativa, señora Solla, debatemos ese asunto neste hemiciclo milleiros de veces. Vostede coñece perfectamente as cifras das OPE anuais, o plan de estabilización, o contrato de continuidade, a prolongación da idade de xubilación, a carreira profesional e o concurso de traslados aberto e permanente. Todas elas son medidas xa en vigor para mellorar a calidade sanitaria, o emprego sanitario e a conciliación da vida laboral e familiar.

Con respecto ao último punto da súa iniciativa, das prazas MIR, estamos de acordo co espírito de incrementar as prazas MIR de pediatría pero cremos que debe coordinarse desde o



Ministerio que se faga en todas as comunidades autónomas. ¿Por que? Porque se unha comunidade autónoma non convoca as prazas, os residentes desa rexión van ir a outras comunidades autónomas e, en canto rematen, van ter moitísima máis facilidade para volver á súa comunidade de orixe. Entón, se se coordinan todas e o Ministerio se encarga de coordinar as prazas de pediatría —é fundamentalmente do que estamos falando hoxe— é moito máis fácil que eses residentes queden aquí na nosa comunidade autónoma. Galicia compromete a convocatoria de todas as prazas de pediatría, de todas as prazas MIR, pero cremos que as demais comunidades tamén teñen que facelo.

Cirurxía pediátrica: está funcionando as vinte e catro horas do día dos sete días da semana. Ata novembro deste ano houbo 141 intervencións cirúrxicas no Hospital de Ourense. Comprenderá vostede que é moi difícil incrementar a plantilla de cirurxiáns pediátricos con esas cifras porque ningún profesional vai querer ir a un hospital onde vai facer trinta ou corenta cirurxías anuais. Iso creo que está claro.

Ben, e vostedes basean as súas afirmacións sobre o peche do paritorio de Verín ou sobre esa presunta desaparición das urxencias pediátricas en distintas falacias. A primeira, os recortes económicos. É dificilísimo que existan recortes económicos cando se manteñen as tres prazas de Xinecología, as cinco prazas de matrona e se convocan dúas prazas de Pediatría. Son con contratos de interinidade —non está o señor Villares— e todos vostedes saben que os contratos de interinidade son indefinidos e que a praza soamente se pode cubrir despois por concurso-oposición; esas prazas de pediatría son contratos de interinidade.

Parece imposible manter algo que non existía: non había urxencias de pediatría no hospital e non as había dende o ano 2006, en que desapareceu o último pediatra do cadro de persoal. (*Murmurios.*) Eu non vou dicir quen gobernaba no 2006 porque se cabrea comigo a bancada da esquerda. (*Murmurios.*) No ano 2006 desapareceu a última praza de pediatra do cadro de persoal. Estaban atendidas soamente as urxencias dos partos por un pediatra de atención primaria pero non había servizo de urxencia hospitalaria. Verín non tiña área sanitaria propia e, entón, todo o que se fala da modificación da Lei de saúde non afecta neste caso a Verín porque esa modificación, ¡que é a causa de todos os males da sanidade galega!, non afecta neste caso.

Hai poucos pediatras en Galicia: nova falacia. En Galicia, case o noventa por cento dos nenos en primaria son atendidos por pediatras. Xa falamos aquí de comunidades que teñen o corenta, o trinta e cinco e o trinta por cento dos seus rapaces atendidos por médicos de familia, que están ben formados, pero non é o caso de Galicia.

Hai moitas localidades en Galicia cunha isócrona, cunha distancia superior á distancia de Verín: sesenta e cinco concellos. Hai sesenta e cinco concellos en Galicia que neste momento están máis lonxe do seu hospital de referencia para partos do que o está Verín. ¿E cal é a diferenza entre Verín e os demais hospitais comarcais galegos? Evidentemente, en todos menos no de Verín hai pediatras no cadro de persoal, e en Verín non. O Barco, por exemplo, ten pediatras no cadro de persoal e, ademais, está a unha distancia que fai que se teña que garantir a atención aos partos. Non ten nada que ver a distancia do Barco coa distancia que hai de Verín a Ourense.



Ademais, vostedes non soamente reclaman dous pediatras para Verín, non; vostedes en cada reunión da Comisión de Sanidade reclaman dous pediatras polo menos para dous concellos distintos. Sumemos, ¿cantos farían falta? ¿Que se cobre e que non se cobre? E xa non falemos da substitucións das prazas, non falemos do que pasa no verán.

Señorías, para o Hospital de Verín convocáronse este ano 2019 un total de nove prazas de médicos: unha de Dermatoloxía, dúas de Pediatría, dúas de Cirurxía, tres de Traumatoloxía e unha de Endocrinoloxía. ¿E sabe cantas se cubriron? Unha de endocrino e dúas de trauma. No Hospital do Barco de Valdeorras convocáronse este ano nove prazas e cubríronse catro. O pasado xoves publicáronse no DOG outras quince prazas. En Verín, unha de Traumatoloxía e as dúas de Pediatría novamente, a ver se se cobren; no Barco, catro novas; no CHUO, oito prazas novas. Recentemente estabilizáronse seis prazas no Hospital de Verín: unha de matrona, unha de enfermeira, unha de fisioterapeuta, dúas de técnicos en coidados auxiliares de enfermería e unha de celador. ¿Isto, realmente, é abandonar a provincia de Ourense?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor NÚÑEZ CENTENO: ¿Isto é desmantelar os comarcais? Eu creo que non.

Señorías, nós confiamos no apoio dos grupos á nosa emenda. É realista, non é nada demagógica e axústase á realidade da situación dos hospitais comarcais polo déficit de profesionais en distintas especialidades pola que estamos a pasar.

Remato, señor presidente. Permítame facelo cunhas verbas coas que o presidente do Colexio Médico de Ourense —persoa nada sospeitosa de conivencia co Partido Popular— se refire ao peche do paritorio de Verín nunha entrevista nun xornal. Di este señor: «Os intereses partidistas ou corporativos e os localismos deben afastarse para arrostrar con solidez e garantías o obxectivo común de facer sostible a nosa magnífica sanidade pública. É hora xa de deixar de usar a sanidade como propaganda partidista ou munición electoral».

Pola miña parte, máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Núñez Centeno.

Grupo Parlamentario Mixto. Señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Ben, nun día coma hoxe se falamos de pediatría é obvio que falamos de Verín. E o primeiro que cabe dicirlle nun día coma hoxe ao señor Feijóo é que se as mulleres na sanidade pública, nos hospitais públicos, temos que parir baixo a nosa responsabilidade, pois entón terá que dimitir e cesar os altos cargos da Consellería de Sanidade porque, obviamente, se inhibe de gobernar. Porque a sanidade pública está para garantir os servizos.

Pero falemos de pediatría. A situación do déficit de pediatras no noso país —isto xa foi debatido en numerosas ocasións— non deixou de agravarse, o que significa que na práctica



non todas as crianzas galegas poden ter o mesmo xeito de acceso a este servizo básico. Isto é evidente nas comarcas rurais, e nunha comarca como a de Verín estámolo vendo.

¿Cales son as razóns de fondo? Tamén foron en numerosas ocasións debatidas aquí: falta de planificación, non creación con antelación das prazas MIR necesarias, falta de deseño desa rede básica de servizos sanitarios axeitada á realidade por comarcas. Claro que si, claro que hai que planificar ben esa distribución de profesionais por comarcas, pero hai que facelo de xeito xusto e ter en conta tamén unha cuestión: aumentar os servizos de transporte público no rural.

O resultado é que un doce ou trece por cento das prazas de pediatría en atención primaria están cubertas por médicos de familia —sinalaba o señor Núñez Centeno case un noventa—. A cifra xa indican as sociedades de pediatría que pode ser aínda maior que ese doce ou trece por cento de prazas de pediatría non cubertas por especialistas. Loxicamente —aquí queremos sinalar isto tamén—, isto tamén orixina estrés laboral por saturación das consultas, pois chégase a unha media de medio cento de crianzas por día, cando a ratio recomendada é de vinte ou vinte e cinco pacientes. Isto tamén é tratar ben os profesionais do rural.

Poderíamos citar unha serie de lugares que dan conta da xeografía do déficit de pediatras: a montaña de Lugo, Trives, Chantada, Ferrol e Fene, Cariño, O Morrazo, Barreiros, Vigo, Mañón e Ortigueira, Mondariz-Balneario, Cuntis, Ribadavia, Catoira, A Terra Chá... Son numerosas e son só unha mostra de todos os problemas que nos chegan á Comisión 5ª en forma de peticións da cidadanía.

Pero a realidade —e isto hai que dicilo— tamén é que hai consultas privadas pero tamén hai emigración. É algo que tamén temos falado neste parlamento en numerosas ocasións. Porque a realidade é que aumentou o número de solicitudes de profesionais sanitarios para homologar títulos no estranxeiro e que unha das especialidades que máis solicita estas homologacións é precisamente a pediatría. E é máis, sobre todo dáse nas profesionais de menos de trinta e cinco anos.

Así pois, as solucións teñen que pasar, como propón a moción —e como se ten proposto en numerosas ocasións aquí—, pola estabilidade laboral, pola creación de prazas con boas condicións laborais. E sabemos que é un problema a nivel estatal, que temos que actuar tamén a nivel estatal apostando forte polo aumento de prazas MIR, pero tamén que cando se forman eses pediatras hai que logo facer a consolidación deses profesionais para que queden traballar no país.

E tamén engadimos que hai que potenciar a estabilización laboral en zonas rurais, compensar as maiores dificultades que temos nos lugares rurais para a prestación de servizos. En determinadas comarcas hai que dar quizais ese *plus*, esa discriminación positiva aos profesionais. E isto ten que ter moito que ver con Verín porque, ao final, en Verín resulta que os argumentos técnicos —como dicía a proponente, non nos fixeron chegar ese documento— cambiaron. Agora resulta que o problema é a incapacidade do Goberno para cubrir as prazas de pediatría en Verín. Nin sequera, pois, son quen de aplicar os mecanismos dos que dispoñen para atender o servizo respecto das gardas localizadas.



Pero é que ademais agora engadimos un despropósito máis —como xa dixeron e como xa dixeron as compañeiras e o compañeiro que me precederon—, que é poñer a responsabilidade nas propias mulleres, xogar co medo das mulleres da comarca de Verín e dicirlles: pois se queres parir en Verín, baixo a túa responsabilidade.

Non pode ser. Hai que abordar este problema con seriedade, e esas ofertas de emprego público que se sinalan hai que facelas efectivas porque a realidade é que nunca se dá chegada a esa convocatoria de todas as prazas necesarias.

Pero falamos tamén nesta moción de que Ourense é unha provincia estruturalmente castigada no eido da sanidade pública: cirurxía pediátrica no CHUO, tamén cabe lembrar aquí a ausencia de hemodinámica 24 horas, que hai no resto das provincias —en Lugo conseguiuase pero logo dunha longa batalla cidadá e dos profesionais—. Ao final, segundo o xerente da EOXI tamén, por el deriváranse os partos a Vigo; Ourense capital Vigo, vai acabar sendo. Nós o que dicimos é: temos que garantir servizos en todo o país.

O sábado temos unha xuntanza diversos grupos municipais do interior galego despoado, dende Vilariño de Conso a Rodeiro, na que precisamente imos reclamar iso en San Xoán de Río: servizos públicos en todo o país porque non somos cidadanía de segunda nin mulleres de segunda as que parimos no rural. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vázquez Verao.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Señor Centeno, falamos de 2006 e de quen gobernaba en 2006 cando vostede queira. Pero falamos con todas as letras, non para manipular a realidade da atención pediátrica na comarca de Monterrei. Recordamos, por exemplo, ese gran invento das fundacións sanitarias patrocinado polo Partido Popular e no que o señor Núñez Feijóo tivo moito que ver. Recordamos que o Hospital de Verín tivo que ser rescatado. *(Aplausos.)* Cando queira rescatamos iso, sacamos toda a hemeroteca e sacamos todos os arquivos; cando queiran. Porque, desde logo, se dalgún lado estivo o Bloque Nacionalista Galego onte e hoxe foi de lado de manter a sanidade pública e de lado de manter o mellor servizo posible nesta zona do país. Intenten buscar as desculpas que queiran pero, desde logo, xa está sendo cada vez máis tarde para que rectifiquen. E canto máis tarden en facelo máis bochornoso vai ser para vostedes, porque as súas mentiras non se sosteñen co tempo.

Primeiro inculcaron esa política do medo, como xa denunciámos aquí. Primeiro, previamente, mentiron, incluso unhas semanas antes; falabámolo no pleno anterior. O 13 de novembro preguntamos ao señor Almuíña e deu desculpas. Dixémoslle directamente que esta era a súa folla de ruta: quitar partos e pediatría do Hospital de Verín para, progresivamente, converter ese hospital nun centro de saúde grande. Negouno, e nin dez días despois estaban facendo vostedes isto.

Primeiro, pensando que ía colar esa desculpa de que eran criterios absolutamente obxectivos. Como se fósemos imbéciles todos e todas; como se non puidésemos continuar a ler ese ma-



nual de 2009 do que falaba a señora Solla e que lemos aquí o outro día; como se non souberamos comparar os datos cos doutros hospitais comarcais; como se non souberamos ver a opinión de máis profesionais deste país —que non son só tres, que hai moitos máis—. Primeiro intentaron tomarnos o pelo, a ver se... ¡Bah! Esta xente do rural, estas pobres mulleres, ¡bah!, asumen ese argumento e, por medo, asumen esta decisión. Pero mire, díxenllo e voulo volver dicir: hai moito tempo que neste país a comarca de Verín, a xente do rural e as mulleres deste país non teñen medo. E non vai funcionar tampouco esa estratexia que están intentando agora de... ¡Bah!, agora imos asumir que é unha cuestión de que faltan pediatras e non nos imos desculpar porque, ¿para que? Somos o goberno da soberbia, non vaiamos asumir algún erro na nosa vida. E a ver se volven quedar desertas esas prazas —que sacan nas mesmas problemáticas condicións— e, así, temos máis argumentos para seguir con esta folla de ruta.

Pero non o vai permitir a sociedade, porque vostedes o que pasa é que infravaloraron a capacidade autocrítica deste país, pero este debate é xa un debate de dereitos, de dereitos do rural e de dereitos das mulleres. Non é unha cuestión técnica, é unha decisión plenamente política e non enganar xa a ninguén.

Polo tanto, o que deberan facer é rectificar. Porque, ademais, a xente está farta porque chove sobre mollado, porque é radicalmente mentira que aposten por este hospital. Porque hoxe pola mañá falabamos de que algúns grupos presentamos emendas para mellorar as dotacións do Hospital comarcal de Verín. Iso é así por algo, non porque se nos ocorrera. ¡Ala, pasamos un día por Verín e apeteceunos nomear o hospital! Non, non é por iso. É que a propia manifestación do propio día 30 xa estaba convocada polos problemas con Dermatoloxía, porque estaban sendo derivados e están sendo derivados a Ourense, porque houbo problemas cos anestesistas, co bloque cirúrxico, cunha chea de cuestións. Tamén coa hospitalización a domicilio, que saben vostedes que a substitución do sistema de paliativos causou moitos problemas. Lean tamén o que din os profesionais, o que di o doutor Quintas —que estivo hoxe pola mañá tamén aquí mobilizándose— sobre cal é agora a atención a un doente terminal se vive en Cualedro. É que o problema é moito máis profundo que a propaganda que vostedes intentan poñer enriba da mesa.

O problema de fondo é que esta é unha axenda programada, oculta, pero que cada vez ten máis mostras fóra. E é o mesmo debate que falabamos hoxe pola mañá: é a folla de ruta calculada de que o público cada vez teña menos peso e o privado cada vez máis. E aí están os datos da sanidade e aquí se ve o resultado no territorio. Por iso non é deficiencia da xestión ou falta de planificación que vostedes non foran facendo unha política seria tamén desde Madrid respecto á renovación dos profesionais por cada unha das especialidades. Eu estou convencida de que iso era plenamente intencionado. E a folla de ruta é aproveitar que agora, efectivamente, está habendo moitos problemas coas persoas pediatras por obrígalos tamén cunha política laboral negligente a desprazamentos inasumibles. Outra vez recordamos neste Parlamento que o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza lle tivo que dicir á Xunta de Galiza que de Valdeorras a Ourense non se chega en vinte minutos. Non podes ter unha garda localizada e estar durmindo na túa casa se es pediatra en Ourense, e evaporarte e aparecer no Hospital de Valdeorras, nin no Hospital de Verín. Non funcionan así as cousas. Polo tanto, paren de dar escusas.



E xa o que é o colmo é que veña o presidente da Xunta de Galiza dicir que: *Bueno, las mujeres, bajo su responsabilidad*. Pero, ¿que se cren? As mulleres deste país hai moito tempo que son maiores de idade. ¿Pero que é esa irresponsabilidade de dicir: *bajo su responsabilidad*? Hai unha responsabilidade pública de soste ese dereito conquistado que é a sanidade pública. (Aplausos.) Teñan un pouco de vergonza, escoiten a forza do pobo que se oía esta mañá nas rúas desta cidade. Que por moito que esteamos aquí metidos nunha cámara case acoirazada, esa é a realidade, esa é a demanda. E o que ten que facer a Xunta de Galiza é escoitar algo máis que a si mesmos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Si, si, dá igual o que se alporicen, dá igual o que se alporicen.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: De momento non teñen a potestade de impedirnos dicir o que pensamos e o que pensa moitísima xente neste parlamento.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas, terminou o seu tempo.

(*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Se ten algún problema, señora Nóvoa, que a fagan voceira deste asunto.

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o seu tempo.

(*Murmurios.*)

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Igual o problema é o seu cargo de conciencia. (*A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Señora Presas, terminou o seu tempo. Grazas. (*Aplausos.*)

Grupo autor da moción, señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

En primeiro lugar, quero agradecer o apoio dos grupos da oposición; imos aceptar a emenda do PSdeG. E, en relación coa emenda do Partido Popular, a min paréceme que é unha burla, e dígollo con sinceridade. O elemento das residentes e os residentes poderíamos debatelo e incluso chegar a un acordo. Mesmamente haberá que debatelo, seguramente, no Congreso das Deputadas e Deputados porque, efectivamente, é un problema que hai que abordar.

Pero o resto de puntos, señor Centeno, ¿que quere que lle diga? Cousas que xa anunciaron vostedes que van facer métenas aquí para xustificar que non asumen o que hai que facer, que é manter aberto o paridoiro e os servizos do Hospital de Verín. Esa é a realidade; polo tanto, non se rían de nós. Non se rían de nós e, sobre todo, non se rían desas persoas que



estaban hoxe fóra. Vale que non saíran nin sequera saudalos, vale que non saíran falar con eles pero, ¡home!, plantexar cousas que vostedes xa anunciaron incluso no pasado pleno, como ampliar as urxencias, servizos que teñen que ser universais para todo o territorio galego, e dicir que os van poñer en Verín, ¡home!, só faltaba. ¡Só faltaba a exclusión sanitaria!

Miren, os argumentos que se deron aquí de que noutros sitios están peor xa nin sequera os vou abordar. Paréceme que teñen vostedes e o presidente da Xunta a oportunidade —e mañá continúa o debate— de pedir desculpas, porque errar tamén se pode resolver volvendo poñer o servizo. Esa é a realidade.

Entón, polo tanto, ante esta situación, nós cremos que hai moitos elementos e servizos que abordar pero estamos dispostos a transaccionar unha proposta para esta proposición non de lei. Pero transaccionemos co texto que defenden vostedes na Deputación de Ourense; con ese texto que pide manter os servizos e manter aberto o paridoiro. Sentemos, ten media hora. Eu retiro todos os puntos da nosa iniciativa se vostedes votan a favor e mantemos ese punto. Porque, ¿que pasa? (*Aplausos.*) Que na Deputación de Ourense se pode votar a favor de manter aberto o paridoiro pero aquí non. ¿Ou que van facer dentro de dous días no pleno? ¿Que van facer con esa moción que vostedes presentaron? Esa é a situación. E, polo tanto, teñen vostedes a oportunidade de emendar a posición. Retiramos o resto de puntos. Xa falaremos da cirurxía pediátrica, xa falaremos dos MIR, xa falaremos do resto de asuntos. Podemos meter outras proposicións non de lei, pero aseguren que non van retirar servizos do Hospital de Verín, que se van dotar os servizos actuais, que se vai manter aberto o paridoiro.

Porque o que pasou esta semana non pode volver pasar. É absolutamente cruel trasladarlles a responsabilidade ás nais e aos pais —sobre todo ás nais— e separar unha nai do seu bebé acabado de nacer. Vostedes teñen a responsabilidade, non é de recibo o que está pasando. Pidan desculpas e revisen a súa moción; temos media hora para transaccionar. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Vilán Lorenzo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co cambio climático

O señor PRESIDENTE: Hai unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado Luis Bará Torres, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción:

Emenda de adición

Engadir dous puntos co seguinte texto:

<<6. Enviar ao parlamento, para debate e aprobación, a Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050 e o Primeiro Plan Operativo de desenvolvemento e implantación da Estratexia



7. *Crear un comité de crise fronte á emerxencia climática, coa participación de representantes de todas as administracións, co obxecto de establecer as prioridades e impulsar as liñas de actuación e as medidas para facer fronte ás emerxencia climática.»*)

Para defender a moción ten a palabra a señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas presidente, boa noite.

Na COP25 destes últimos quince días había dúas verbas que eran as que comentaba todo o mundo: *tempus fugit*. Imos moi despacio e non temos tempo para atallar o problema que nos vén enriba. Porque o planeta vai seguir existindo; o que está en perigo é a especie humana tal e como a coñecemos.

A lástima foi que os dirixentes de Estados Unidos, de China, de India, de Rusia, que son os que máis contaminan, non pensan igual ou, se pensan igual, prefiren defender a industria e defender as emisións. O resultado foi así un chamamento moi débil para esforzos máis ambiciosos contra a crise climática. O propio secretario xeral da ONU, António Guterres, dixo que a comunidade internacional estaba perdendo unha oportunidade de maior ambición. Só firmaron oitenta e catro países. Alemaña, Francia, España e Reino Unido tamén, por exemplo e, polo tanto, a Unión Europea é a que está nesa liña no mundo. A Unión Europea ten un pacto especial, o *Green New Deal*, que Polonia quere rebentar. E iso que, segundo a última enquisa de Avaaz para Polonia, sete de cada dez polacos queren que o seu goberno apoie a neutralidade climática da Unión Europea para 2050, e o oitenta e un por cento dos polacos apoia este pacto europeo.

Alí falouse, falábase, de refuxiados climáticos, do azote da extrema dereita en todos os países, que tamén ten que ver con eses refuxiados climáticos que van chegando e que medre a extrema dereita, da ameaza para a democracia, polo tanto, da revolución da sustentabilidade. E non son cousas que a min se me ocorran, foron cousas que dixeron científicos que estiveron no Cumio do Clima. Ese novo contrato social é unha oportunidade para construír unha economía e unha sociedade máis xustas e máis sustentables.

¿En que consiste ese *Green New Deal* da Unión Europea? Pois sobre todo en subir as reducións de emisións ao 55 % para 2030 e así acadar en 2050 a neutralidade carbónica. Iso vai implicar a revisión de todas as normativas aprobadas durante os últimos anos para repartir os esforzos, tamén da Estratexia de cambio climático 2050 da Xunta de Galicia. Todos os países que o firmen —España está disposto a firmar ese pacto— deben presentar plans de recortes de emisións.

Esa neutralidade climática implica medidas como a descarbonización, o transporte sustentable, unha estratexia para o agro e o cambio dos sectores industriais. Implica a existencia dun fondo de transición, cunha partida de fondos estruturais, con avais, coa intervención do Banco Europeo de Investimentos, que vai mobilizar ou aspira a mobilizar unha cantidade que pode rondar os cen mil millóns de euros entre os anos 2021 e 2027 para axudar precisamente eses países que están máis afectados pola descarbonización.



E na Unión Europea con esa idea vai nacer unha nova estratexia industrial, baseada nas enerxías renovables, na rápida eliminación do carbón e nos esforzos para descarbonizar o gas, revisando, polo tanto, toda a normativa enerxética xa en xuño do ano 2021. E imos moi despacio e imos con atraso.

Disto falamos na nosa moción. Falamos tamén do autoconsumo. Non hai goberno e, mentres non haxa goberno, a Lei de cambio climático e a Estratexia nacional do autoconsumo están paradas; a Estratexia de transición ecolóxica, tamén.

Para esa futura Estratexia nacional de autoconsumo, que vai moi lenta —non por culpa do Goberno de Pedro Sánchez, senón pola decisión do Partido Popular de cobrar aquel imposto ao sol; hai outros países que van un pouco máis rápidos que España, porque non tiveron nunca esa decisión—, está encargado xa un estudo que faga unha análise do autoconsumo en función dos tipos de consumidores, e vai servir como ferramenta fundamental para mitigar a pobreza enerxética e como medida de competitividade para o agro e para a industria.

E en Galicia ¿que? Pois hai datos científicos —agora voume referir a eles— que din que seremos unha das zonas europeas máis castigadas pola crise climática; repito: unha das zonas europeas máis castigadas pola crise climática. O Informe de crise climática, do cambio climático de Galicia 2012-2015, avalado pola Consellería de Medio Ambiente, dixo que, para mediados de século, a meirande parte de Galicia vai quedar cun incremento de temperaturas entre 2 °C e 3 °C e as bisbarras máis ao sur e ao leste van superar eses tres graos. O aumento das noites cálidas, que agora rondan o 5 %, vai estar a mediados de século entre un 20 % e un 30 %. As precipitacións van baixar entre un 10 % e un 15 % no interior, entre un 5 % e un 10 % en puntos do litoral; no verán van baixar máis do 35 %. O número de días de choiva vai diminuír como máis ou menos un mes cada ano.

Ademais, hai un informe da Unión Europea (Cambio climático. Impactos e vulnerabilidade en Europa) que di que se van incrementar ao ano máis ou menos unha semana as calores extremas, que prevé no horizonte de 2100, finais de século, un descenso de precipitacións de máis dun 40 %, un dos máis altos da Europa continental, e que na costa —temos visto un montón de mapas de predicións do que vai pasar nas costas galegas— vaise incrementar a partir de mediados de século máis de medio metro sobre o litoral e boa parte das vilas galegas costeiras sufrirán asolagamentos temporais ou continuos seguidos; O Grove vai volver ser unha illa moi probablemente.

O Observatorio da Sustentabilidade, no seu último informe, di o seguinte: as bateas de mexillóns son agora un 20 % menos produtivas, sobre todo as da ría de Arousa, e dende o ano 1965 duplicouse o número de días nos que a presenza de fitoplancto tóxico non permite capturar mexillóns. Hai un incremento significativo de peixes tropicais e subtropicais nas nosas costas, descenderon os peixes que veñen de zonas frías e tamén descendeu a captura de polbo e sardiñas. O clima galego vaise mediterranzar, os lumes serán máis rápidos e máis intensos e consumirán máis materia orgánica do solo, agravando os efectos erosivos, e os cambios da temperatura poden chegar a afectar negativamente a calidade do viño. Isto parece aquilo de Orson Welles cando falaba de quen ía vir e a xente se asustaba.



Pero estes son datos científicos, non é algo que eu veña aquí para contar para alarmar a ninguén. E mentres ¿que? Mentres, vostedes actúan como Polonia, miran para Polonia, que parece ser o seu referente. O conselleiro de Industria dicía o outro día que a política enerxética debe estar ao servizo da política industrial e a conselleira de Medio Ambiente dixo aquí o outro día que era compatible o desenvolvemento económico a través do carbón coa sostibilidade e a neutralidade climática.

Galicia está en transporte de mercancías por tren nun 5 %; España no 2030 estará nun 20 %. En emisións non estamos nin na metade das previsións da Unión Europea, somos unha das cinco comunidades autónomas que máis gases de efecto invernadoiro emitiu á atmosfera entre o ano 1990 e o ano 2018. E en residuos, xa contei o outro día que temos que estar no ano 2020 nun 50 % nos urbanos e que en 2017 estábamos nun 15 %.

Dígoo de novo: Galicia vai ser unha das zonas europeas máis castigada pola crise climática. Acabo de dar os datos. Hai quince días a conselleira dicía aquí que Galicia era a solución. O problema está en que, nesa ansia que teñen votedes de ser verdes, o único que fan é limitarse a facer xardinería. Recordamos aquela foto: *mangueritas* de xardín para apagar os lumes. Nós non queremos ser como Polonia, no Grupo Socialista non queremos ser como Polonia. Queremos ser en todo caso como Francia, como Reino Unido ou como Alemaña, que, pese a ter unha situación parecida a Polonia, decidiu outra cousa completamente diferente.

Por iso temos rexistrada esta moción, que agardamos que hoxe poida ser aprobada. Pedimos unha acción inmediata contra o cambio climático, con cofinanciamento, que ten cinco puntos: ir aos límites de emisións que acaba de marcar a Unión Europea, non menos da metade; aprobar un plan galego de transición ás enerxías limpas que sexa xusto e que non deixe ninguén atrás; impulsar un estudo para asegurar os efectos do cambio climático sobre os sectores clave en Galicia, fundamentalmente no agro —e estou pensando na zona do viño por exemplo—; crear unha mesa de traballo sobre a contaminación lumínica; ou reformar a fiscalidade galega para que sexa auténtico ese principio de que «quen contamina paga».

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Vilán.

Polo Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra o señor Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: Boa madrugada; non sei cando empeza aquí o horario de noite e o horario de madrugada, pero, ben, xa van sendo horas.

Sobre o cambio e a emerxencia climática eu creo que hai dúas conclusións claras. O primeiro, que é unha grande ameaza, e tamén que hai unha grande fraude en todo o debate público que se está dando. E vimos un exemplo claro nestes días na COP de Madrid, un exemplo clarísimo xa empezando polo feito de quen eran os patrocinadores deste encontro, nada máis e nada menos que grandes defensores e protectores do medio, da natureza, do planeta como Iberdrola ou como Endesa, que xa poñían alí que facían isto *por ti, por ti y por el planeta*. Xa quedamos todos tranquilos, porque estamos desde logo en boas mans.



Tamén se presta isto para o autobombo e para o márketing, empezando polo propio Goberno español, que fixo un panfleto aí contando todas as marabillas que estaban facendo no Estado español a este respecto, e seguindo polo alcalde de Madrid, que tamén se converteu nun campión mundial da loita contra o cambio climático. Aquí ata poderíamos incluír o Real Madrid, que puxo camiseta verde tamén. Eu non sei que está facendo o Celta, o señor Mouriño, que está facendo ese proxecto sustentable tamén de cidade deportiva en Mos, como non cambia o celeste polo verde; eu creo que ese é un bo exemplo de compromiso ambiental. O Deportivo, que está en horas baixas, tamén o podería facer; mesmo Pontevedra cambiar o granate. O verde é o que está de moda. ¿Que están facendo? ¿Que están pensando?

O que nos quedou claro tamén, dentro desta grande fraude, é que os gobernos e as grandes corporacións —xa o dixemos aquí en numerosas ocasións— son os grandes responsábeis e culpábeis. Porque aquí hai que falar menos das consecuencias, que están clarísimas, e hai que falar máis dos culpábeis, dos responsábeis, que son eses, que nos están vendendo agora que son os grandes salvadores do planeta, os que están provocando o espolio e a depredación, porque iso é a esencia do capitalismo —tamén o dixemos aquí moitas veces—, na explotación dos recursos, dos pobos e das persoas, por un único interese de lograr o máximo beneficio, porque esas grandes corporacións non pensan no planeta de 2050, pensan na súa conta de resultados, pensan no seu balance e, se pensan no 2030 e no 2050, é en como lle poden sacar rendemento precisamente á emerxencia climática, como poden facer negocio. E para iso tamén existen os *lobbys*, como ese que se coñece como Comité Global para Adaptación, dirixido por Ban Ki-moon e por Bill Gates entre outros, que están analizando cal vai ser o montante do negocio que se vai xerar, máis de sete billóns de euros, co cambio climático, coa loita contra o cambio climático. Pero din unha cousa: si, si, este é o negocio que poden facer as empresas, pero antes teñen que facer os gobernos investimentos por máis dun billón de euros para que despois nós poidamos facer os negocios. Así, claro, así sempre gaña o mesmo. Por non falar dese negocio perverso tamén do mercado das emisións, que resultou ser un fracaso, que deu lugar ao lavado masivo de diñeiro negro e tamén a unha fraude fiscal escandalosa.

E ¿que fai a Xunta? Pois a Xunta non ten estratexia, non ten rumbo, non ten prioridades, non quere, nin pode, nin sabe, nin fai, ou, se fai, fai todo o contrario do que se debería facer para loitar contra o cambio climático, e temos exemplos. É unha incoherencia absoluta, porque vostedes poñen unha cousa na Estratexia galega de cambio climático e enerxía 2050, e poñen a contraria, ou algo que non ten nada que ver no plan, na Estratexia de economía circular ou nos obxectivos de desenvolvemento sostible.

É un auténtico polo sen cabeza. Non hai dirección. Vostedes teñen unha media dirección —xa llelo dixen tamén aquí moitas veces— de cambio climático na Consellería de Medio Ambiente. Isto non é un asunto de Medio Ambiente, isto é un asunto de ambiente enteiro, non o entenden, é un asunto de todo o Goberno, teñen que crear unha delegación de todo o Goberno para o cambio climático, non pode ser un asunto sectorial. Claro, non me estraña que flipe cando vén aquí ao Parlamento a directora xeral, porque, claro, co que están facendo non me estraña que flipe.

Poderíamos poñer exemplos da política forestal, da política do solo, da política da auga, da política da enerxía, da política da mobilidade, da política de residuos. Cae das mans o que



puxeron vostedes aquí (*O señor Bará Torres mostra un documento.*). Falan de 1.250 millóns de investimento no plan operativo 2023. ¿Sabem cal é a partida máis grande? A loita contra os incendios: 250 millóns. Isto é unha chambonada, non se lle pode chamar doutra maneira.

E por iso nós apoiamos as medidas que se propoñen aquí. Hai unha, a dese grupo de traballo sobre contaminación luminosa, que propoñemos que a coordinen —isto é un chascarrillo— o alcalde de Vigo ou o alcalde de Madrid.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: En todo caso, presentamos unhas emendas nas que propoñemos que a estratexia esa do cambio climático pase por este parlamento, porque teñen que debater aquí, non poden secuestrar ese debate do Parlamento, teñen que vir ao Parlamento con ese tema. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, ten a palabra o señor Rodríguez Estévez.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde, noite xa, a todos e a todas.

A loita contra o cambio climático é unha necesidade urxente e o cambio climático é un problema que xa nos afecta a todos e a todas, pero que para combatelo temos que actuar a escala local, tal como recoñecen multitude de organismos.

O cambio climático vai ter —e está tendo xa— importantes consecuencias sobre a saúde, tanto sobre a saúde ambiental como sobre a saúde das persoas, e constitúe xa, segundo a Organización Mundial da Saúde, unha ameaza emerxente contra todas estas.

Os ecosistemas, entendidos como a combinación dos compoñentes físicos e biolóxicos dunha contorna, forman conxuntos complexos que actúan todos en si como unha unidade. O seu mantemento é indispensable para a saúde das persoas. Na súa base atópase a biodiversidade, e inclúe, entre outros, a dispoñibilidade da auga, a produción de alimentos, o control de pragas, elementos todos eles necesarios para preservar a nosa saúde e o noso benestar.

A intervención humana está alterando —e moi gravemente— todos estes ecosistemas, está destruindo toda a biodiversidade e contaminando o medio natural. A propia Unesco calcula que máis dun millón de especies están a día de hoxe actualmente en perigo de extinción.

E vimos da COP25, ese cumio feito con moitísimos cartos e con pouco corazón, e ao mesmo tempo tamén tivo lugar o Cumio Social polo Clima, ese cumio feito con moito corazón e con moi poucos medios. A Xunta de Galiza debe cooperar coa sociedade, e non coas empresas da megaminería, na toma de decisións. Non se pode desconectar o lugar de toma de decisións de quen ten que sufrir despois as súas propias consecuencias. E é certo que hai que facer as cousas ben, pero para mudar o clima hai que mudar o sistema, e a Xunta de Galicia a día de hoxe non está por esas.



Precisamos un modelo que revolucione todo isto para que se produza un cambio de poder que leve aparelado con el un cambio de sistema. Debemos iniciar unha revolución no transporte, debemos iniciar unha revolución na industria, na construción, no emprego, unha transición enerxética, unha transición agrícola. Temos que mudar os modelos, temos que mudar o modelo forestal que temos hoxe en Galicia, temos que mudar o modelo alimentario.

Este país precisa adaptar os territorios, as nosas comarcas específicas, ao cambio climático. Debemos de protexer as poboacións máis vulnerables, crear prácticas e ferramentas para a resiliencia e para a resistencia ao impacto do cambio climático.

E a Xunta de Galiza debe garantir que a xustiza social estea presente nas solucións que esta propoña. O actual sistema económico, ademais de causar o cambio climático, tamén causou uns niveis de pobreza extrema, de fame e de desigualdade.

Falábase aquí do colonialismo que imperou durante estes anos, e que aínda hoxe está vivente, e son os países máis pobres os que están a sufrir as grandes ameazas do cambio climático.

En Galicia a enerxía, por exemplo, é un negocio; o modelo forestal é un negocio. A enerxía non se considera un dereito das persoas. Aquí, cando alguén non pode pagar o recibo da luz, córtaselle e listo. O oligopolio eléctrico conseguiu que o Goberno galego lexislase en favor en moitos casos dos seus intereses, entorpecendo incluso o desenvolvemento de enerxías renovables e de autoconsumo.

Necesitamos consumir menos enerxía, necesitamos consumila dun xeito planificado, hai que exixir un control público da enerxía para priorizar os usos que beneficien as persoas e non as empresas. A transición non pode ser só das fontes, senón que ten que ser do propio modelo. E para implementalas é primordial que estea sempre a intervención pública e participada, algo que neste parlamento en moitos casos brilla pola súa ausencia.

Estamos de acordo coa proposición non de lei do Partido Socialista. O punto número 1 vézolo con algo de recelo. É verdade que temos que asumir ese acordo, pero, ben, un acordo do Parlamento Europeo, e moitas veces as políticas que emanaron destes órganos foron os causantes de que estamos mandando esas cantidades de CO₂ á atmosfera. Aprobar un plan galego de transición ás enerxías limpas vézolo ben. Impulsar un estudo para o aseguramento dos efectos orixinados pola crise climática, tamén. Crear unha mesa de traballo para a redución da contaminación luminosa en Galicia, tamén. E o punto 5 vézolo máis que necesario: hai que reformar a fiscalidade galega para incentivar cambios e que aquí o que contamine o noso medio pague.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Rodríguez.

Polo Grupo Parlamentario Común da Esquerda, ten a palabra o señor Cal Ogando.



O señor CAL OGANDO: Grazas, presidente.

Boa tarde e noite a todos e a todas.

Pois ben, rematado o Cumio do Clima, podemos afirmar o que xa todas sospeitabamos: que o cumio fracasou, foi un auténtico fracaso. Un fracaso que non é quen de atender asuntos fundamentais, como a redución de emisións de CO₂ para limitar o quecemento global a 1,5 graos, a regulación dos mercados de carbono global e a creación dun fondo verde. Mais o que si conseguiu a COP25, como xa apuntou o señor Bará, serviu de lavado de cara para os principais responsables desta situación, para as empresas máis contaminantes e os responsables de que esteamos nesa situación, e serviu tamén para outra cousa máis: serviu para deixar unha pegada de carbono maior, coa viaxe das delegacións de douscentos países que viaxaron deixando pegada de carbono para non chegar absolutamente a ningún acordo. Creo que non estaría de máis que para o próximo Cumio do Clima aqueles países que non teñan pensado asumir ningún compromiso cando menos non contaminen coas súas viaxes facéndose publicidade e propaganda. Creo que é o mínimo que lles podíamos exixir.

Tal e como indica a Axencia Europea de Medio Ambiente, España é o país máis vulnerable fronte á situación de mudanza climática, e neste contexto Galicia presenta unha serie de elementos que a fan tamén especialmente vulnerable diante desta situación, mais conta tamén, pola contra, con excelentes potencialidades para abordar con solvencia unha necesaria e profunda transición ecolóxica na industria, na agricultura, na enerxía e no transporte.

A xestión ambiental levada a cabo en Galicia nas últimas décadas acrecentou esta situación de vulnerabilidade. Logo de anos de negacionismo continuado, as consecuencias agroman en forma de múltiples problemáticas medioambientais, que requiren dun cambio profundo nas políticas públicas.

Aínda que nominalmente —xa o temos dito moitas veces— o Partido Popular xa non se atreve a negar o cambio climático, segue sen entender a responsabilidade que conleva estar no Goberno e a necesidade de emendar todas estas políticas depredadoras do medio, que son as que nos trouxeron a esta situación.

Cómpre actuar de forma inmediata, e por iso saudamos a iniciativa que hoxe trae o Partido Socialista. Sempre o dicimos: todas aquelas iniciativas que vaian na dirección de afrontar a emerxencia climática e medioambiental serán apoiadas polo noso grupo. Reducir as emisións de CO₂ nun 55 % para o 2030 para acadar a economía neutra de carbono para este ano, asumindo o acordo aprobado no Parlamento Europeo, xa supón un acordo de mínimos, xa é un acordo de mínimos, e xa é arriscado chegar a esta situación. É o mínimo que debemos facer.

Non podemos deixalo para o infinito. O Partido Popular sempre deixa para despois todo o que ten que ver con afrontar os problemas medioambientais. Unha situación coa que unicamente gañan as empresas e só se benefician aquelas empresas que máis contaminan. A cidadanía perde, tamén perden vostedes e, sobre todo, as xeracións vindeiras.



Dixo a señora Vilán —e quero destacar este dato—, que, segundo os informes da Axencia Europea do Medio Ambiente, de seguir a este ritmo de crecemento e de incremento do clima, nas próximas décadas, nos próximos oitenta anos en Galicia perderase o 40 % das precipitacións, o 40 % das precipitacións nos próximos oitenta anos. Isto, sumado á contaminación sistémica dos recursos hídricos que se practica en Galicia, sobre a máxima de que quen contamina faise millonario, ponnos nunha situación na que a propia vida está en risco, e queremos saber cal é o plan do Partido Popular.

Se non afronta a necesaria transición enerxética, fundamentalmente —non só—, se contiñan as agresións de recursos hídricos, ¿cal é o plan cando teñamos unha situación de problemas de abastecemento? ¿Facer un transvase? E ¿que lle metemos ao transvase?, porque auga non vai haber. Non sei cal é a solución que teñen votedes prevista.

Como digo, como en Galicia quen contamina faise millonario, gústanos moito tamén o punto 5, de aplicar a necesaria reforma fiscal para que se aplique dunha vez o principio de que «quen contamina paga», que evidentemente non pode substituír as políticas de eliminación de focos de contaminación, mais deben de aplicarse alá onde ocorra.

Polo tanto, apoiaremos esta iniciativa, e lanzar o aviso de que mañá pode ser tarde, e, como di un documental que lles recomendo a todas: se non actuamos, os nosos fillos acusarannos.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas, señor Cal.

Polo Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra o señor Trenor López.

O señor TRENOR LÓPEZ: Boas tardes, señorías.

Parece que hoxe estamos todos de acordo en que, polo menos, a COP25 foi como mínimo decepcionante. Decía a señora Vilán: *tempus fugit*, o tempo pasa. Claro, algúns o que fan é ver pasar o tempo. Supoño que vostede, cando fala co fiscal de Medio Ambiente nos actos do Partido Socialista, o que fan precisamente é ver pasar o tempo. Nós somos máis do *facta, non verba* (*Aplausos.*), facer e non falar, non perder o tempo continuamente nin estar dándolle voltas ao que xa todos temos, onde xa hai un consenso. Hai un consenso non só de que hai un cambio climático, que hai que combatelo, senón adoptar as medidas.

Hoxe imos falar do que fai a Xunta de Galicia, pero tamén podemos falar do que fan os alcaldes e o compromiso que teñen os alcaldes. Aquí, como dicía o señor Bará, temos un que é o campión precisamente da incoherencia e de facer o contrario do que despois di na cumbre.

Titulares sobre a COP25. *El País*, por exemplo: «Decepción. O Cumio de Madrid non consegue reforzar os compromisos climáticos.» *El Mundo*: «Un Cumio do Clima decepcionante.» *La Razón*: «Madrid COP25, un fracaso esperado.» *La Voz de Galicia*: «O cumio máis longo da historia fracasa polo débil acordo.»

Señorías, ¿por que hai esta sensación xeneralizada de decepción, de oportunidade perdida? Primeiro, porque os resultados da cumbre son insuficientes para afrontar a crise climática



e decepcionan porque as expectativas eran maiores; porque se pospuxeron medidas moi importantes e as grandes decisións tiñan que estar xa tomadas; por non desenvolver o artigo 6 da Cumbre de París, sobre o mercado de dereitos de emisións; pola falta de compromiso dos catro países responsables do 55 % das emisións; e porque foi tamén, señorías, como ben dixeron aquí o señor Bará e o señor Cal —que parece que por unha vez coincidimos—, a cumbre do ecopostureo, da hipérbole, da instrumentalización partidista, do *green watching*. Tal foi así que, a raíz da cumbre no noso país, acuñouse unha nova definición, que foi o «efecto Falcon». ¿E que é, señorías, o «efecto Falcon»? Entrar pola porta principal nunha cumbre en coche eléctrico, posar dous minutos para a cámara e saír pola porta de atrás en Falcon. Iso é o que agora en todo o mundo se denomina «efecto Falcon». (*Aplausos.*)

E o «efecto Falcon» é o que lle ocorre ás veces aquí á oposición en Galicia. Señorías, máis de dous anos estivo a sociedade galega elaborando a Estratexia de cambio climático, 690 persoas traballando arreo, no proceso participativo máis importante da nosa comunidade, no que vostedes, señorías, non quixeron aportar nada, nin tampouco quixeron vostedes traballar no período de exposición pública. Somos unha das únicas catro comunidades que ten unha Estratexia de cambio climático. Na última década a nosa comunidade reduciu as emisións, mentres que outras, por exemplo Estremadura, onde gobernan os socialistas, as incrementaron un 50 %.

A oposición nin sequera quixo apoiar a nosa proposta de resolución no debate de estado da Autonomía de declarar o estado de emerxencia climática na nosa comunidade. E xusto, señorías, cando se celebra a COP25, a oposición descualifica estas 690 persoas e pretenden que despreceemos este traballo que fixeron durante dous anos e adoptemos as súas ocorrencias e improvisacións.

Di o señor Bará que iso é secuestrar o papel do Parlamento. Señor Bará, é que vostede ten un concepto de participación moi especial, é que vostede toda aquela participación na que vostede non participa non a respecta. 690 persoas, que representan os sindicatos, que representan as empresas, as universidades, os centros de investigación, os medios de comunicacións, estiveron traballando. ¿Que pasa, señor Bará? Que a vostede o único proceso participativo que lle gusta é onde vostede di quen ten que participar. «Efecto Falcon». Non dixeron absolutamente nada todos estes anos e xusto coincidino coa COP25, rexistran iniciativas, mocións, todo tipo de proposicións non de lei, coa única finalidade de facer que fan, de facer a foto, de aparentar que os preocupa o que realmente non os preocupa.

Logo ocorren cousas tan ridículas como, por exemplo, ir á presentación desta estratexia, un acto que durou catro horas e onde estaba representada toda a sociedade galega (os sindicatos, as empresas, comunicadores, docentes, investigadores, moitos dos cales participaron na elaboración da estratexia, outros non), e o único co que quedamos é cunha frase que non nos gusta, que provoca certa vergoña allea deses ataques ridículos de *mojigatería*.

Pero, mire, na cumbre de Madrid tamén saíu algunha conclusión moi positiva para Galicia. No acordo Chile-Madrid Tempo de actuar, confírmase que...

O señor PRESIDENTE: Tres segundos máis leva.



O señor TRENOR LÓPEZ: ...estamos a traballar na dirección correcta.

Apóstase por un proceso de transición xusto e ordenado, como o fai a nosa estratexia. Apóstase pola transversalidade, como fai a nosa estratexia.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Deféndese o papel da investigación e das solucións científicas, como o fai a nosa estratexia, fronte aos *influencers*, fronte ás ocorrencias, fronte a esas iniciativas que ten vostede sen ningunha base científica. E pídese maior ambición. Coa nosa estratexia sumámonos aos países e rexións que asumen o compromiso...

O señor PRESIDENTE: Xa chegou por hoxe. ¡Veña! Grazas.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...antes do 2050. (*Murmurios.*)

Señorías, xa para rematar..., (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...Galicia vaise sumar aos obxectivos da Unión Europea... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Veña, home!, ¡por favor! (*Murmurios.*)

(*O señor Trenor López pronuncia palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Señora Vilán, ¿desde o escano? (*A señora Vilán Lorenzo pronuncia palabras que non se perciben.*) Non, vén aquí. Pois, ¡veña!, tres minutos.

(*Murmurios.*)

A señora VILÁN LORENZO: Eu quero comezar a miña intervención dando as grazas ao Grupo do BNG, ao Grupo Mixto e ao Grupo Común da Esquerda polo seu apoio a esta moción.

Señores do Partido Popular, a decepción... Efectivamente, o cumio foi decepcionante, igual de decepcionante que o foron vostedes hoxe, porque non van votar a favor desta moción. A decepción é exactamente a mesma. Vostedes —vólvolles dicir— van ser como Polonia, pero tamén como Rusia, como A China, como A India e como os Estados Unidos, (*Murmurios.*) que decidiron que non queren adoptar as medidas que pedimos hoxe na nosa moción.

E —é certo— nós falamos con todo o mundo —vostedes deberían facer o mesmo—, incluso co fiscal de Medio Ambiente, (*Aplausos.*) que aprenderían bastante máis (*Murmurios.*) do que saben. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) Deberían falar máis con todo o mundo. Así lles pasa o que lles pasa con Verín, con toda esa xente..., (*Murmurios.*)



O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

A señora VILÁN LORENZO: ...eses milleiros de persoas que estaban hoxe fóra, cos que nin sequera se atreveron a saír a falar. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora VILÁN LORENZO: Se era tan malo todo... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora VILÁN LORENZO: ...o do Cumio do Clima, señor Trenor, non sei a que foi a conseleira de Medio Ambiente, porque podía ter quedado en Galicia en vez de ir alí non sabemos moi ben a que, ¿a participar nese non sei que nin sei canto que nos acaba de contar vostede?

O problema —é verdade— é que temos unha estratexia de cambio climático, o problema está en que está absolutamente resesa, ese é o problema da súa estratexia de cambio climático: está resesa, resesa. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

A señora VILÁN LORENZO: Non chega nin á metade de redución de emisións que di a Unión Europea, que é punteira agora mesmo na loita contra o cambio climático.

E vostedes din que, con esa estratexia, como non estamos de acordo con ela..., *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

A señora VILÁN LORENZO: ...desprezamos 690 persoas que participaron. Vostedes están desprezando os milleiros de persoas que votaron a todos os grupos que estamos nas bancadas da oposición. *(Murmurios.)* Todos os días desprezan eses milleiros de galegos e galegas que nos votaron e que vostedes consideran que non son de primeira división, como os votantes e as votantes que os votaron a vostedes. Por certo, nas últimas eleccións... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

A señora VILÁN LORENZO: ...o Partido Socialista, 460.000 persoas, que vostedes desprezan fronte a esas 690 que parece ser que temos que ter en conta.

Con relación á emenda do BNG, imos aceptar o punto 7 como engádega, convertido en punto 6 da nosa moción. Non podemos aceptar o punto 6 porque a Estratexia galega de cambio climático tería que vir en forma de Lei do cambio climático; é dicir, tería que haber unha lei de cambio climático se o Goberno do Partido Popular estivese pola participación e estivese por legislar nesta cámara, que é o que temos que facer, non facer estratexias que non serven para nada máis que para que se digan frases —digamos— desafortunadas en presentacións oficiais.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán.

Votación das mocións

O señor PRESIDENTE: Procedemos á votación das mocións.

Vostedes xa coñecen os textos das mocións —téñenos aí— e entón vou ler un, dous e tres e se aceptaron as emendas.

Entón, a primeira moción.

Aceptouse a votación por puntos. Votamos os cinco primeiros puntos.

Votación dos puntos 1 a 5 da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de salvamento marítimo e loita contra a contaminación mariña

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 69.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobados estes puntos da moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora o sexto punto.

Votamos.

Votación do punto 6 da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de salvamento marítimo e loita contra a contaminación mariña.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 18; votos en contra, 38; abstencións, 13.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este punto da moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a segunda moción, na que se aceptou a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. Grupo Común da Esquerda, por iniciativa de D^o Eva Solla Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de atención pediátrica.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 38.



O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: E, por último, a última, a terceira moción, na que se aceptou o punto número 7 como engádega, que é unha emenda do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Vilán Lorenzo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co cambio climático.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 30; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Remataron as votacións.

Abran as portas, por favor.

E pasamos xa ao punto terceiro da orde do día: proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Luisa Pierres López e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a erradicación das infravivendas en Galicia

O señor PRESIDENTE: Non hai emendas.

Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Pierres.

A señora PIERRES LÓPEZ: Boa noite.

Grazas, presidente.

Hoxe traemos a esta cámara unha iniciativa que fala de algo que parece estar precisamente en horas baixas no *ranking* de consideracións deste goberno, algo tan importante como é mellorar a dignidade e a calidade de vida de moitas familias galegas, e neste caso dos seus fogares e das súas vivendas. Nun momento do ano, ademais, no que o tempo recrudece e as deficiencias e precariedades dos fogares son máis patentes, cremos necesario falar do problema, que non afecta uns poucos e unhas poucas senón moitos e moitas galegas. Queremos poñer o foco en todas esas persoas, porque son os problemas que afectan as familias máis vulnerables de Galicia, pero sobre todo porque é un problema real.

A pasada semana o grupo de goberno aprobaba na Comisión 2^a —e co noso voto en contra— a creación dunha guía sobre vivendas intelixentes, vivendas domóticas, para a Galicia



do futuro. E nós xa o dixemos no seu día e recalcámolo hoxe: antes de falar do futuro, preocupémonos do presente, e para falar do presente é necesario mirar en todas as direccións e non só nas que nos interesan.

Galicia conta con miles de vivendas con instalacións precarias, con cerramentos precarios, con estruturas precarias, sen calefacción, sen electrodomésticos básicos, sen illamento, sen fiestras que eviten as pontes térmicas, sen impermeabilizacións eficaces; e moitas delas son infravivendas.

E non o di o Partido Socialista, dío o recente Informe sobre exclusión e desenvolvemento social en Galicia, da Fundación Foessa, que revela como en Galicia existen preto de 47.400 vivendas inadecuadas, e iso afecta aproximadamente a 149.000 persoas, o que supón o 5,5 % da poboación galega, e non sendo excluínste ademais a cualificación de vivenda inadecuada como vivenda tamén insegura.

E cando falamos de vivendas inadecuadas estamos a falar de vivendas que non reúnen as condicións mínimas para vivir; isto é, non teñen as características construtivas adecuadas para ser habitadas, pois teñen deficiencias graves na construción ou están en estado de ruína. Tampouco dispoñen das subministracións e de dotacións adecuadas para permitir a hixiene e a salubridade (auga corrente, auga quente, enerxía eléctrica, evacuación de augas sucias). E tamén falamos daquelas nas que non se dan as condicións adecuadas para vivir en condicións de confortabilidade e privacidade, pois por sobreocupación ou por existencia tamén de barreiras arquitectónicas nas vivendas. Estas, entre outras cuestións. E —insisto— os datos falan de 149.000 persoas vivindo nesas vivendas inadecuadas, o 5,5 % da poboación. E moitas delas fano ademais en vivendas —dicía— cualificadas como inseguras, isto é, con ameaza de expulsión da vivenda, en situacións de maltrato ou cunha tenza en precario.

A nós a verdade é que estes datos nos preocupan, e preocúpannos moito, porque nos parece ademais máis urxente evitar que unha persoa maior, un neno respire un aire insalubre de fungos orixinado por unha mala ventilación e evitar tamén que viva nun lugar inestable, ou que resida nun fogar inseguro por vivir maltrato ou risco de exclusión, e non tanto que poida controlar todos os electrodomésticos da casa dende un mando, algo que —parece ser— é a preocupación actual deste goberno.

É máis, datos do propio IGE revelan que en Galicia son aínda preto de dezaioito mil os fogares que non contan con electrodomésticos básicos, como pode ser un frigorífico ou unha lavadora, e case a metade deles ademais recoñecen que non os teñen porque non poden permitirse mercalos, non porque non queiran. E tamén revela como menos da metade das edificacións cunha antigüidade de cincuenta anos ou máis non contan con calefacción; algo máis de cento cincuenta mil fogares non contan, polo tanto, cunha fonte de calor estable; dato que, ademais, agora, en pleno inverno, é absolutamente terrible.

E tamén o IGE nos di que son oito mil cen os fogares que, sendo precarios, contan ademais con deficiencias de carácter grave, isto é, con humidades, con goteiras, con podremia, en solos ou ventás, e deficiencias serias de illamento térmico e acústico. E eses oito mil cen fo-



gares, que acollen unha media de vinte e catro mil persoas, deberan ser unha das preocupacións deste goberno, atender esas necesidades reais, e non tanto actuar como publicista e comercial de falsas necesidades, esas que se revelan, ademais, como preocupación tan só de quen xa ten cubertas todas as necesidades habitacionais básicas.

Priorizar e atender a quen máis o precisa, iso é o que pedimos hoxe a este goberno, porque temos que garantir a calidade mínima das vivendas para os e as que menos poden. E porque, ademais, estamos falando de valores que sempre deberan estar garantidos, como é a saúde, como é a dignidade e a habitabilidade.

Son moitos, ademais, os riscos físicos, químicos, biolóxicos e tamén psicosociais aos que se expón unha persoa nunha vivenda precaria: exposicións a ruídos, a vibracións, a radiacións, presenza de metais pesados, produtos de combustión, iluminacións deficientes, bacterias, patóxenos, virus; e sen menosprezar, ademais, a influencia, por suposto, que ten en nós a exposición continua a contornos que afectan, por suposto, psicolóxica e emocionalmente no noso desenrolo.

E é cando menos curioso constatar, por exemplo, como actualmente pois se poden denegar licenzas de ocupación ou finais de obra en novas vivendas ou vivendas rehabilitadas por incumplir calquera artigo ou norma, por menor que sexa, porque non se adaptan á legalidade presente, e, non obstante, este goberno non inclúe entre as súas prioridades evitar que todas as vivendas e construcións máis precarias que xa están construídas e de maior antigüidade se poidan adaptar e, cando menos, garantir uns mínimos que garantan unha habitabilidade mínima.

E non debера dar as costas a esta preocupación o Goberno, porque o propio estudo da Fundación Foessa revela como a metade da poboación de Galicia, o 49,8 %, considera que a Administración ten o deber de garantir o acceso a unha vivenda a toda a poboación; e a outra metade, o 49,7 %, que ese deber ten que limitarse a aquela poboación en situación de necesidade. Isto é, a práctica totalidade da poboación galega considera que o acceso a unha vivenda ten que ser garantido cando menos para os colectivos máis vulnerables. Esta convicción hai que entendela e hai que respostar axeitadamente.

E así como xa temos presentado —pódese dicir que de forma constante e insistente— iniciativas para o aumento do parque de vivenda pública que mellore esa accesibilidade e acceso a unha vivenda, hoxe centramos a nosa iniciativa na necesidade de garantir que aquelas que xa existen pero se categoricen como infravivendas melloren as súas condicións mínimas de habitabilidade. A nosa urxencia é maior cando, ademais, corroboramos que dende a Xunta de Galicia, a través do Plan RehaVita, se ten posto a disposición —pero só para os concellos con menos de dez mil habitantes— unha partida anual para axudar á erradicación desa infravivenda en Galicia. Sen embargo, fronte aos cincocentos mil euros destinados no 2017, no ano 2018 esa cantidade viuse reducida a trescentos mil. E neste ano volveuse reducir a tan só douscentos mil.

Ata o momento, de feito, foron en total dezanove os concellos da Galicia rural beneficiados dende o primeiro ano, dende o 2017, con esas axudas, e apenas son trinta e catro, ¡trinta e catro!, os fogares atendidos.



Un programa máis, polo tanto, de lavado de cara dun goberno comprometido só co facer que fai. *(Aplausos.)*

O problema das vivendas —acáboo de relatar— é unha realidade que, ademais, afecta todo o territorio galego e que debería ser abordada en todos os concellos; máxime cando unha porcentaxe alta das infravivendas están situadas nos extrarradios das grandes cidades e dos grandes concellos de Galicia. E descoñécese moitas veces a realidade desas vivendas e deses fogares, dos seus conveciños e conveciñas.

E por todo isto, e por moitas máis razóns, hoxe solicitamos ao Parlamento de Galicia que inste a Xunta de Galicia para, por un lado, impulsar e reforzar, nos orzamentos de 2020, a partida destinada ao programa de axudas para a erradicación das infravivendas en Galicia do Plan rehaVita e para, por outra parte, facelo extensivo e accesible a todos os concellos de Galicia. Desta forma favoreceríase, ademais, a atención e mellora das condicións básicas da habitabilidade e, polo menos —«polo menos»: xa lles poñemos un listón non demasiado alto—; polo menos, trescentos fogares ao ano.

E tamén, por suposto, traballar para mellorar os mecanismos de detección dos casos de infravivenda, co fin de dotar os concellos dunha ferramenta que lles permita planificar mellor as súas políticas de vivenda e tamén o destino das axudas de carácter autonómico. Porque pensamos que é necesario facilitar un mellor coñecemento da realidade que rodea e explorar unha mellor coordinación —ademais dos servizos municipais e autonómicos— para detectar as necesidades dos fogares e así poder trazar un plan de mellora daquelas vivendas con necesidades máis urxentes. Ou, cando menos, impulsar a súa inclusión como peticionarios de vivenda pública no caso de detectarse problemas graves de inhabitabilidade.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PIERRES LÓPEZ: Agardamos, polo tanto, a todos os grupos que entendan o sensato da proposición que hoxe traemos a esta Cámara e que sexa considerada positivamente por todos.

Nada máis polo de agora. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pierres.

Grupo Parlamentario Mixto, señor Rodríguez Estévez.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Grazas, presidente.

Unha boa calidade do aire, un acceso suficiente á luz solar e unha ventilación adecuada son importantes para crear un entorno interior saudable en calquera vivenda.

O barómetro da vivenda saudable deste ano 2019 —de febreiro deste ano 2019— revela que as vivendas que presentan humidades, escuridade, ruídos excesivos, baixas temperaturas, etc. poden afectar, dunha forma grave, a saúde das persoas que viven nelas. O barómetro deste ano analiza en profundidade, por unha parte, como os nosos edificios e casas están



afectando a saúde das persoas e, por outra, os beneficios derivados, a nivel individual e social, de asegurarse que estas residan en edificios saudables.

Unha das vítimas das vivendas non sas son os nenos e as nenas. Actualmente, no Estado español viven máis 6,9 millóns de nenos menores de quince anos; moitos destes e destas viven en fogares que hoxe presentan deficiencias potencialmente nocivas para a súa saúde.

A nivel europeo, os nenos que viven con, polo menos, un destes factores de risco teñen 1,7 veces máis posibilidades de ter problemas de saúde. Pero esta probabilidade aumenta 4,2 veces para aqueles que viven cos catro factores de risco: con humidades, con escuridade, con rúidos excesivos ou con baixas temperaturas.

Crece en fogares insalubres asóciase cunha maior probabilidade de sufrir problemas de saúde —como pode ser asma, como poden ser eccemas, problemas respiratorios e problemas das vías altas.

Para poñelo en perspectiva: a Organización Mundial da Saúde apunta o tabaquismo pasivo como un dos riscos de exposición máis nocivos dentro dos entornos interiores. Pois ben, en termos de perda de anos de vida saudables, a exposición ás humidades, ou ao propio mofo, representa en torno a un terzo do impacto do tabaquismo pasivo.

Mellorar o clima interior destes lugares, destas vivendas, non só será beneficioso para a saúde das persoas, senón tamén para o noso rendemento e para mellorar a economía.

E xa para rematar, temos que pararnos a pensar por un minuto o drama social que supón para as persoas que hoxe están a vivir en infravivendas... En Galicia, por desgraza, son moitas, tanto nas cidades como no mundo rural, e é un auténtico drama social. E nós, polo tanto, dende En Marea imos apoiar esta iniciativa.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodríguez Estévez.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Efectivamente, o Partido Popular a semana pasada presentounos unha iniciativa moi clarificadora de cales son as súas prioridades: a vivenda do futuro, a vivenda robotizada, a vivenda intelixente; é dicir, a vivenda para millonarios. Iso é no que está pensando o Partido Popular, ¿non?, (*Aplausos.*), en facer política para a xente privilexiada — como fai tamén a súa política fiscal, por certo.

Todo moi coherente.

Vostedes están noutra realidade. Porque a realidade da xente non é ese realismo máxico da propaganda do Partido Popular; é o realismo tráxico, o drama que describen todos eses informes que se citaron aquí, empezando por un dunha entidade que non é precisamente ase-



sora desta esquerda bolxevique, bolivariana e independentista que teñen aquí vostedes en fronte no Parlamento: FOESSA, dependente da Igrexa católica, de Cáritas. Nel píntase esa realidade dramática, señoras e señores do Partido Popular: catrocentas setenta mil persoas deste país en situación de exclusión social.

Galiza é o país con máis persoas integradas —ou supostamente integradas— que están en risco de exclusión e que, coa ameaza dunha nova recesión, pasarían ao colectivo de persoas excluídas.

Ese informe tamén fala de que a vivenda é, precisamente, o maior factor de exclusión social neste país, e de que estamos moi por riba da media española nestes parámetros. ¡Porque o 35 % da poboación está excluída da vivenda! Estamos falando de case un millón de persoas que sofren, neste país, este problema —o 35 %—, mentres que a media do estado é do 24 %. E xa se deron aquí os datos que non vou repetir nin ampliar.

Falamos do drama que supón esta situación e do feito de que a evolución en Galiza nos últimos cinco anos, coincidindo con gobernos do Partido Popular tanto no Estado como no Goberno da Xunta, é moito máis negativa en todos estes parámetros que no Estado —o informe de FOESSA fai esa comparativa entre o 2013 e 2018—. E fala especificamente de que onde é máis negativa é precisamente na vivenda, onde se incrementou nun 23 % a exclusión residencial, pasando do 12 % da poboación en 2013 ao 35,3 % da poboación en 2018. Son datos, desde logo, escalofrantes os que se produciron aquí con esta cuestión.

E teríamos que falar tamén do drama dos desafiuzamentos. Porque estamos falando da infravivenda e da xente que non ten unha vivenda; pero hai moita xente a quen están botando, nin sequera ten esa infravivenda... ¡Estana botando das súas casas! Case dúas mil persoas por ano están nesta situación dramática dos desafiuzamentos.

Temos que falar tamén do drama da xente nova que non pode pagar unha vivenda ou que ten que destinar practicamente a metade do seu salario para poder ter unha vivenda en alugueiro. E cando, ademais, vostedes deixan esa xente tirada no camiño; porque houbo arredor de oito mil peticións de subvencións para este fin e vostedes deixaron a máis de seis mil persoas novas, de menos de trinta e cinco anos, fóra desas axudas, ademais de resolvelas con moitísimo retraso.

Falamos do drama tamén da escaseza de vivenda pública. ¡Da escaseza de vivenda libre! É que non hai nin sequera vivenda para o aluguer polo efecto da especulación e da voracidade de quen se está aproveitando, como negocio, do que debía ser un dereito básico da poboación. Refírome aos fondos voitre e á banca.

E falamos tamén do drama de miles de persoas neste país que nin sequera poden saír das súas casas porque teñen dificultades de mobilidade e porque non hai ascensores ou porque hai barreiras arquitectónicas ou porque, por soidade, non poden nin sequera saír das súas casas.

É evidente que o BNG vai apoiar estas propostas, porque se teñen que incrementar os esforzos de todas as administracións para acabar co problema da infravivenda. Pero non podemos



quedar outra vez nós nas respostas paliativas; temos que facer un esforzo tamén para resolver as causas desta situación. Se non, estaremos sempre no bucle de estar de si dando fondos ao mesmo, porque vaise repetir a situación de infravivenda porque hai miles de persoas que están, como di o informe de FOESSA, na antesala da exclusión, e porque non teñen salarios dignos e porque teñen condicións de traballo precarias e porque non teñen axudas públicas e,...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: ...polo tanto, o que hai que erradicar de verdade son as causas económicas e sociais que levan á exclusión e que levan á exclusión da vivenda.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Grupo Común da Esquerda, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Nós apoiamos esta iniciativa do Partido Socialista de Galicia, que é moi clara e moi concreta; aínda que, como acaba de dicir Bará, ten causas bastante máis profundas que non só se poden arranxar con subvencións e axudas —as cales podían ser moito máis xenerosas que as que leva feito o Goberno de Feijóo nos últimos dez anos, xa que reduciu de xeito drástico os orzamentos adicados á vivenda. E non lle poden botar a culpa á crise económica, senón que incluso, en proporción á riqueza deste país, reduciron os orzamentos de vivenda.

Pero ten que ver tamén coa precariedade, coa pobreza... Temos que ter coidado de non subdividir esa pobreza en pobrezas enerxéticas, infravivenda, etc. Moitas veces é pobreza. E fala dun país no que moita xente non ten diñeiro para manter unha vivenda digna.

Eu, sinceramente, non sei como aínda non dimite ninguén asumindo as responsabilidades do fiasco das políticas de vivenda do Partido Popular. Cada pouco tempo vimos aquí cun fiasco máis. Falamos do Programa de Vivendas Baleiras, con seis axudas concedidas en dous anos en toda Galicia. Virán aquí poñer excusas e dicir que se hai concellos que non se suman a este programa... Hai setenta concellos, moitos deles do Partido Popular —a cidade de Ourense entre eles—, e son seis as axudas en dous anos, de forma que se executou só o 3,2 % do orzamento inicial. ¡Un fiasco! Fiasco da vivenda de protección pública, con ritmos de inicio de vivendas de protección de cinco, seis, oito vivendas anuais, cando hai catorce mil persoas demandando vivenda de protección. E o último: rexeitar o 80 % das axudas ao aluguer do Plan estatal de vivenda, onde a Xunta de Galicia non orzou nin un euro ¡Cero euros ao programa de axudas ao aluguer! Rexeitadas seis mil e pico axudas das oito mil que se solicitaron para axuda xeral.

Polo tanto, esta é a política de vivenda do Partido Popular: despreocupación absoluta por garantir o dereito á vivenda, preocupación absoluta polo negocio duns poucos á custa da maioría.



E falamos do Plan rehaVita, que é unha cortina de fume para facer como quen que se fai. Pero en absoluto cumpre cos obxectivos que se plantexa. É un programa que inxecta cartos públicos en mans de multipropietarios, en mans da Sareb, e que incluso, con estas axudas, crea inflación no mercado inmobiliario. As axudas que este programa dá axudan moitas veces a incrementar os prezos e a inflactar máis o mercado.

E seguen incidindo nestas dinámicas do pasado sen ir ao miolo da cuestión, que é unha política pública de vivenda baseada tamén en dotar este país dun parque público de vivenda a prezos sociais e accesibles para darlle solución a moita desta xente que, entre outras cousas, ten problemas de infravivenda, pero tamén para regular o mercado e impedir a suba desmesurada dos prezos da vivenda. Por exemplo, teñen uns programas que venden como moi sociais que son o eixo, o primeiro eixo, do Plan rehaVita —acceso á vivenda—, e veñen recollidos acordos coa Sareb para usar, como vivendas de protección, vivendas da Sareb. E é unha dobre estafa: xa rescatamos estas vivendas con diñeiro público e agora subvencionamos con diñeiro público para que se utilicen estas vivendas. Os bancos, encantados.

Por outra banda, temos o segundo eixo de rexeneración e de rehabilitación, mediante unha subvención parcial a propietarios de infravivendas. Moitas veces estas persoas non poden asumir nin sequera unha parte do arranxo; polo tanto, moitas veces non pode a xente que máis o necesita acceder a estas subvencións, a estas axudas.

E en canto ao terceiro eixo, de prevención e de exclusión social, con realoxamentos hipotecarios vía bono de alugueiro, tampouco están a ser efectivos para previr a exclusión habitacional. Polo tanto, non se está facendo esforzo suficiente, non se están destinando os fondos suficientes e, á parte, os que se están destinando non están indo en eixos que teñen unha eficacia comprobada; máis ben, son dez anos sistemáticos de fracasos en política de vivenda.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Grupo Parlamentario Popular, señor Castiñeira.

O señor CASTIÑEIRA BROZ: Señorías.
Señor presidente.

A señora Pierres dicía que nos preocupemos do presente antes que do futuro. (*Mostra un teléfono móbil*) Isto é pasado. Señor presidente, perdoe, pero este móbil que o Parlamento nos deu é pasado. Téñeno todos vostedes, ¡todos vostedes o están utilizando!, pero para vostedes parece ser que non se pode falar do futuro.

O señor PRESIDENTE: Prestado.

O señor CASTIÑEIRA BROZ: Prestado, exactamente.

Pero para vostedes parece ser que non se pode falar do futuro. É un problema. Acabamos de falar dunha moción sobre o cambio climático, do que creo que se debe de falar, e iso é falar



do presente e do futuro. As casas intelixentes, as casas autosuficientes e de emisión cero son o presente xa e serán o futuro. Si podemos falar, e asegúrolle que a guía de casas intelixentes e casas do futuro que se aprobou na Comisión 2ª a semana pasada non lle resta nin un só euro á infravivenda nin ás axudas a vivendas das persoas necesitadas. Nin unha soa. Todas as solicitudes que se fixeron para infravivenda no ano 2019 foron aprobadas. ¡Todas! Non son, por certo, trinta e catro, senón que van sesenta e seis. E, por certo, esas solicitudes de axudas a infravivenda fanse a través dos concellos.

Non se deben de manipular as cousas, señora Pierres. Mire, o orzamento 2020, que se acaba de aprobar esta mañá a mediodía, establece e prevé axudas para melloras das vivendas, por iniciativa e xestión dos concellos, de 12.580 euros, 200.000 para infravivenda —que poderá ser ampliable en caso de necesidade, como pasou no ano 2019, cando se ampliaron—, 10 millóns de fondos para a cooperación dos concellos —que poden utilizar todos os concellos— e 2.380.000 euros para vivendas dos mestres e outros oficios, que son vivendas para xente máis necesitada que utilizan os concellos de menos de dez mil habitantes.

Para particulares e comunidades —non para multipropietarios, como dicía o señor Sánchez—, para propietarios e para comunidades de veciños: tres millóns de euros para eficiencia enerxética, cinco millóns de euros en conservación e seguridade e accesibilidade, e seis millóns quiñentos mil en áreas de rehabilitación. Todas as que hai, incluídos os camiños de Santiago, que se engadirán o ano que vén, pois está prevista a aprobación dunha dos concellos da Ribeira Sacra, que iso supoño que lles parece mal a vostedes. Aí, as axudas son do 40 % do custo e poden chegar ata o 75 % en función dos ingresos das persoas usuarias, se estas teñen uns ingresos inferiores a tres veces o IPREM. Iso é o que hai.

En total, 27.080.000 euros en axudas para vivenda, que non son para trescentas vivendas; son para varios miles de vivendas. A modo de exemplo, voulles indicar que só unha parte, o que representan as comunidades no ano 2019, no que vai de ano, hai preto de seiscentas comunidades que pediron axudas para eficiencia enerxética. Iso supón que, cunha media de dez vivendas —asegúrolles que hai comunidades de oitenta e de preto de cen veciños—, e vou ser moi precavido, estamos a falar de máis de seis mil vivendas que recibiron axudas para accesibilidade ou para eficiencia enerxética. Non hai, polo tanto, o que vostedes están dicindo nin moito menos.

E agora podemos falar do informe FOESSA. E hai que indicar, claramente, que o informe FOESSA, que en Galicia foron 655 enquisas —moi por debaixo do Instituto Galego de Estatística, que fai directamente 9.216 vivendas, con datos estudados e estruturados doutra maneira—... Pero en canto ao informe de FOESSA, xa que tanta referencia a el queren facer, hai que facer referencia tamén ao que di; e di, noutro apartado, que a porcentaxe de persoas que consideran ter todas as súas necesidades cubertas resulta substancialmente máis elevado en Galicia que no resto de España: o 62,2 % en Galicia fronte ao 37,2% en España. Hai que ter en conta e diferenciar claramente entre vivendas inseguras e vivendas inadecuadas. Vivendas inseguras considéranse en función do grao de tenencia; é dicir, do grao de propiedade ou do grao de alugueiro ou do estado que teñen. Miren, pensen vostedes señorías, que unha vivenda que é cedida por un pai a un fillo considérase insegura. Unha vivenda —que no rural témolas así, é o noso modo de vida— onde viven avós, fillos, netos e, ás veces, incluso bis-



netos, é unha vivenda insegura segundo o informe de FOESSA, segundo os criterios que establece FOESSA, que son respectables totalmente porque son...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CASTIÑEIRA BROZ: ...os que na mesma introdución se indican. E polo tanto... ¡Pero hai que lelo todo! E hai que dicilo. Non podemos vir aquí e dicir que a maioría das nosas vivenda do rural resulta que son vivenda inseguras.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Castiñeira.

O señor CASTIÑEIRA BROZ: Si, remato, señor presidente.

En canto ás vivendas inadecuadas, a maioría son por humidades ou por accesibilidade; e nese sentido é onde está traballando e leva anos traballando a Xunta de Galicia para reducir. Por iso temos o 40 % menos en Galicia, nesa situación, que na media de España.

Moitas grazas, señor presidente. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da moción, señora Pierres.

A señora PIERRES LÓPEZ: Si, grazas, presidente.

Agradecemos o apoio, por suposto, dos grupos da oposición —Mixto, BNG e Común da Esquerda— e lamentamos, ¿como non?, o voto en contra, unha vez máis, do grupo de goberno instalado nunha visión frontal e non tanto na tridimensional.

Eu hoxe voules contar un segredo para que o mediten hoxe pola noite, en apenas un ratiño, e que ademais o durman. Non se pode facer política en 3D debullando políticas só en 2D. A dimensión da que se están a esquecer é a humana; esa é, precisamente, a que esquecen con moitas das súas políticas. (*Aplausos.*)

Díganme de que serven as axudas á rehabilitación, como aquí se comentou, cando un non conta con financiación. ¿De que serve que o máximo que se pode acadar sexan uns doce mil euros se un non pode nin sequera contar con mil euros para ter unha lavadora e un frigorífico na casa? ¿Como se adiantan uns cartos que non se teñen? Pensen tamén que detrás de cada medida hai que pensar, e moito, nos que non poden.

En materia de vivenda —tamén se dixo aquí e vostedes sábeno— teñen acadado moitos fracasos, moitas dimensións perdidas no camiño:

— programa de vivendas baleiras: olvidaron a dimensión dos prezos máximos establecidos, ¿que dixo ADIU a todas as persoas propietarias de Galicia?



- programa de rehabilitación: deixa fóra a todo o que non conta con financiación mínima;
- programa de axudas ao alugueiro: deixou fóra o 80 % das persoas peticionarias, máis de oito mil persoas que si cumprían as condicións;
- programa rehaVita: trinta e catro actuacións, en tres anos, en tan só dezanove concellos. E previsión deste ano de tan só catro euros por vivenda para resolver o problema de infra-vivenda;
- programa de emancipación da mocidade: este non, este non contan con el. Este deixárono en mans dos pais e nais galegos, caseiros dos seus fillos e fillas por anos.

¿Entende o que lle digo? Non é que nin sequera pensen nas tres dimensións, é que vostedes nin sequera están na realidade. A súa é unha realidade absolutamente virtual, na que prefiren situarse constantemente e tan só garantir a flotabilidade, obviando a verdadeira dimensión dos problemas da xente. Unha estratexia baseada no desvío da atención.

Eu asegúrolles que, tal como na sanidade, a sociedade galega —hoxe mesmo aquí a xente de Verín— estalles enviando a vostedes mensaxes de estar farta. En materia de vivenda a mensaxe será, antes ou despois, tamén alta e clara, porque o grao de abandono é tal que está pasando xa de preocupante a escandaloso. (*Aplausos.*) Insisto, atendan todas as dimensións que atañen ao problema de vivenda en Galicia e non tilden de virtual o que é unha realidade dura e frustrante para moitos galegos e galegas.


Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pierres.

Suspendemos a sesión ata mañá ás dez da mañá.

Suspendese a sesión ás dez e once minutos da noite





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

CSV: BOPGDSPGX8FANob9J4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

